



## 25 DE XULLO

## DÍA DA NACIÓN GALEGA

Pax.: 4

|                                              |                                                                           |                                                         |                                                               |                             |                                              |
|----------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|-----------------------------|----------------------------------------------|
| Presentación da revista de filosofía "Opino" | Entrevista: Cristina Fernández candidata do BNG á alcaldía de Pontearreas | Entrevista: Emiliano Lage alcalde de Fornelos de Montes | Entrevista: Lucía Santos candidata do BNG á alcaldía de Marín | Especial A Guarda en festas | A Nova Peneira parroquia a parroquia: Bouzas |
| Pax.:12                                      | Pax.:18                                                                   | Pax.: XIII                                              | Pax.:XVIII                                                    | Pax.:XXIII                  | Pax.:25                                      |

Formación de elite en Vigo, Pontevedra, Santiago e Coruña

**ESCUELA ESPS**  
EUROPEA PARASANITARIA

**SORTEO DE 1 CAMISETA**

ASINADA POR TODOS OS XOGADORES

DO TEU EQUIPO GALEGO FAVORITO

ESCANEA E PARTICIPA!

TELÉFONO 986 652 718

CELTA

DEPOR

CELTA FORTUNA

PONTEVEDRA

LUGO

COMPOS

RACING DE FERROL

DENDE 2005  
CO DEPORTE GALEGO





# Sobre a corrupción na política

editorial

Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

Calquera comportamento corrupto, deshonesto ou trampososo, veña de onde veña, de quen xestiona cartos públicos, ou de quen gaña a vida como resultado de que no pasado estivera vinculado á actividade política é censurable, e debe de ser perseguido e penalizado de maneira adecuada coa aplicación equitativa do código penal.

A corrupción supón o roubo dos recursos públicos, que deberan ser utilizados para o ben común, en beneficio dun poucos xarelos sen escrúpulos, e resulta a todas luces inaceptable.

A corrupción na política, como en calquera eido da vida, nunca vai desaparecer, pois xorde como resultado de pulsións innatas moi profundas como a ambición, o egoísmo ou incluso o instinto de supervivencia, que son imposibles de combater con resultados 100 por 100 positivos. Fixémonos por exemplo que incluso un país como China, que castiga coa pena de morte diversos supostos de corrupción política, non dá acabado con ela e de cando en vez atopámonos con algún xerarca do PC que é executado porque o descubriron metendo man na caixa.

Sempre vai haber corrupción. Esta será máis ou será menos en función de diversas variables, como por exemplo a existencia de mecanismos de control e de contra poder adecuados, ou sobre todo a esixencia de elevados estándares éticos á hora de aceptar que calquera militante político acceda a un posto no



que teña responsabilidades de xestión sobre o diñeiro público. A diferenza de motivacións que inspiran a vontade dunha persoa para dedicarse á política adoita ser un termómetro adecuado para medir os potenciais riscos de que se dean casos de corrupción. Cando alguén chega á política buscando un medio para gañar a vida é máis fácil caer na tentación. Pola contra cando son a convicción ideolóxica e ou a intención honesta de contribuír ao ben común, as razóns que impulsan dar o paso á política é moito máis difícil. Nese sentido é realmente salientable o caso do BNG, pois en 44 anos de vida, e tendo co gobernado a Xunta, varias deputacións e infinidade de concellos, tivo 0 casos de corrupción. Cal pode ser o motivo?.. velaí temos o exemplo de onde está a diferenza entre quen chega á política para mellorar a vida dos demais, e quen

pode chegar para mellorar a propia vida. A reacción transparente e contundente cando xorde un caso de corrupción propia tamén incide en minimizar os casos futuros.

Nese sentido agardo que se nalgunha ocasión algún desvergonzado ten a habilidade de saltarse os mecanismos de control interno que poida ter o bloque, e ten un comportamento inadecuado, a dirección dos nacionalistas saiba actuar coa máxima transparencia e con absoluta contundencia.

Pero a existencia ou non de corrupción non nos debe de despistar do esencial: É o modelo social que propón unha forza política o único criterio que deba ser válido para determinar a quen lle confiamos o noso voto. O que fai a dereita española, tratar de chegar ao goberno maximizando os casos de corrupción dos outros, cando non literalmente inventándoos ("Es muy burdo pero voy con ello") e obviando os propios, é o recurso do tafur que sabe que non podería gañar de ningunha outra maneira.

E non pode gañar porque o modelo que propón a dereita é manifestamente peor que o que propón a esquerda. Destinar o 5% do PIB para mercarlle armas aos norteamericanos, reducir os mecanismos de protección social, frivolar co cambio climático, responsabilizar da pobreza duns aos que son máis pobres que eles, facilitar o despedimento das e dos traballadores e diminuír os seus dereitos laborais, atacar ao feminismo, agredir ás persoas trans, anatemizar

aos nacionalismos diferentes do español, presentar unha visión carpetovetónica de España, subvencionar a tauromaquia, desprezar a memoria histórica, favorecer a depredación do territorio en beneficio dos intereses das oligarquías económicas, a hostilidade contra os sindicatos, a permanente agresión aos idiomas distintos ao castelán...é o modelo do PP e de Vox. É iso e nada máis que iso. A dereita é odio, crispación e beneficio duns poucos a costa das maiorías sociais.

O terrible terremoto de Venezuela amosou, unha vez máis, que unha sociedade sen os recursos públicos suficientes para atender as necesidades básicas de todos é unha selva. O liberalismo económico, que permite que haxa amplas capas de persoas que vivan baixo os límites básicos da dignidade é conceptualmente monstruoso. É iso é o que é o PP e Vox con corrupción ou sen ela.

**O Porriño - RÚA PROGRESO 5**  
**Tui - RÚA CASAL ABOY 4**  
**986 334 079**

**EL SOL**  
**COMBUSTIBLES**  
**EL SOL**

- Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
- Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)

**Estrada Porriño - Redondela 76**  
**tel: 986336303 - administracion@carburanteseelsol.com**

**Ven e Infórmate!**

**TALLERES**  
**Ferreireira**  
**SERVICIO TECNICO**  
**Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas**

**C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69**  
**36418 MOS (Pontevedra)**  
**e-mail: taller.ferreireira@hotmail.com**  
**Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489**  
**Fax: 986 344 019**

**Ferreteria Mos S.L.**

**"En Puxeiros"**

**Rúa Ludeiro 31 A - Mos** **986 682 494**  
**info@ferreteriamos.com**  
**www.ferreteriamos.com**

**TODO PARA EL PROFESIONAL**







# Indignación

opinión

Baldomero Iglesias Dobarrio "Mero"

É ben certo que o xeito de coñecer ás persoas, mesmo aos grupos de xentes, é polos feitos e non polas palabras. Hai moitos fala-baratos, capaces de vender fume en canados. Andan entre nós e son sobre todo capaces de falar cousas que despois non manteñen, andan alá polas redes do mentireiro social, entre parroquiais do contubernio, nos foros de sisudos e sedutores golfos, de solvencia retraída.

Aínda así, feitos e palabras, moitas veces se contradín na mesma persoa, na mesma boca, tras do mesmo rostro, ben porque falta á palabra, ben porque os feitos non se corresponden co que se dixo e o rostro finxe.

Son así as realidades que temos diante. A mentira campa en aberto. Moita xente fala melodías que non interpretan e están pre-gravadas.

Estamos a conmemorar datas que veñen de lonxe para celebrar, para lembrar memorias que nos reconforten e nas que nos vemos asolagados pois ao longo do tempo se naturalizan en tradición, e son rituais de estima.

Vén aí a celebración da Patria Galega, non esqueceremos!

O día 19 deste mes de xuño, en Lugo, declarábase Espazo para a Memoria o Vello Cárcere. Lugar de crimes e torturas, lugar hoxe de silencio e respecto. Pero non, a nova corporación fixo o imposible para impedir que se celebrase dentro do edificio. A min, que estaba presente e quería presenciar un comportamento de sabia cordura, deume moita vergoña estar e ver en vivo ese vil comportamento de certos "demócratas de toda a vida". Unha vez máis certifiquei que son herdeiros do crime. O mesmo que aconteceu no 36 e así o asumen, pasan en silencio pero impedindo a memoria. Tanto tempo de sufrimentos e non aprendemos. Quizais por iso, por falta de memoria!

Seguen naquel dicir de Franco que sabía deixar todo atado e ben atado.

Esqueceron que hai que recuperar a Xustiza no medio da insensatez, da multitude de actos vandálicos contra monumentos da Memoria Histórica, pedras e signos, debuxos e poemas, figuras que dan eco daquela barbarie

da que, polo visto, quedan moitos seguidores que se ven e agora e afloran, nesta "ola ultra-reaccionaria" cargada de ameazas. Fano a plena luz do día e non teñen problemas, a Xustiza non ve estas ignominias e aínda quere ignoralas. Algo está a pasar e cheira que confunde!

A "Galiza Mártir" foi desde 1942 instalada en Bos Aires pola Galiza do exilio. Escolleron o día do asasinato de Alexandre Bóveda para sementar arelas dunha xeración única que queiramos ou non, marcaríanos a todos. E Castelao -de quen reparten medallas e dubido xa que logo, vendo o visto, non sexa unha usurpación e pose para a galería- simbolizou así a revelación dun xenocidio que se sumaba á celebración dos ideais galeguistas, sempre esperanzados nun porvir que puidese curar as feridas e xungrinos a todos. Algún ano, na Caeira, participaron xentes de todas as ideoloxías. Pensei na miña inxenuidade que asumíamos "a totalidade" esa esperanza de vencer, de vencer á mentira coa intelixencia do relato verdadeiro. Eran palabras, só palabras. Un novo desengano que me enchía de vergoña, unha vez máis, diante de toda esa xente que non quere recoñecer a evidencia, son moitos e gañan eleccións nos votos nun pobo aducido na mentira, nas promesas e mentiras, de palabras sen feitos. Que ben o fixo Amalia, a filla de Bóveda, non querendo facer con eles "o paripé". Mil bicos resistentes!

En principio loitan contra todas as políticas de memoria. A memoria é perigosa, lembrar é un acto de resistencia e lembrar é bater contra o muro que eles

inventaron. Son fotofóbicos: saben que a luz os delatará. Non queren que se mude o ficticio relato de silencios, viven na presunta impunidade, na que como herdeiros están envoltos. Estes feitos demostrano unha vez máis, faltos de responsabilidades, herdeiros daquela usurpación que, a base de repeticións da mentira queren banalizar e que esquezamos.

Son beneficiarios do legado que no seu día se apropiou dun goberno legal e que impunes barallan cos seus delirios de goberno, pero fano con odio e vinganza, eles mesmos se desacreditan. Toca "o revanchismo" capaz de sementar hostilidades e ameazas, medos. Detrás vén sempre o terror, como a historia conta.

Non pensan que poidan estar equivocados, coma no seu día estiveron, na pobre visión dun mundo arruinado en loitas e contabilidades monstruosas como se pode ver en calquera información.

Nós queremos lembrar, a memoria sérvenos para non diluírnos nos vomitivos actos que nos precederon e nos que se obstinan para imporse por riba de todo a calquera custo e con argumentos nefastos, sempre mentidos. Vomitivos actos daquela ditadura que -parece ser- os inspira, quizais porque non a sufriron debidamente, non recoñecía os abusos que aplicaron e que hoxe, xustifica guerras e mortes desde esa ideoloxía.

Esa que vai contra a xente que non pode defenderse, a máis vulnerable.

Eran palabras, os feitos son outros porque a memoria de moitos resiste e sabemos que a Galiza Mártir é para a honra de tantas e tantos que morreron

e loitaron por unha Galicia en propiedade e digna, unha Galiza redimida, sen inxerencias de aliados e aliados, ridículos disimuladores do seu acento orixinal, tan desprezado na súa intimidade e inevitable signo de procedencia.

Evitan falar. Nós evitamos esquecer. Agora, cando mesmo faltan dous meses para o Día da Galiza Mártir, volven armarse de rancor. Mais nós, non esqueceremos. Tampouco esqueceremos a Moncho Reboiras, asasinado polar hordas fascistas daqueles exércitos deturpados no desquite. A día de hoxe hai que ser ben miserables, acúsano, para axustar contas, nese revisionismo traidor, a el, que foi vítima e fano executor! Por arte de maxia, na abolición da intelixencia e a razón, convérteno en verdugo. Interpretan así os humanos dereitos e fan obra de malnacidos. Eses son os seus feitos!

Saben que é doado roubar "aquilo" que pensan non-é-de-ninguén. Están equivocados, tanto Bóveda coma Moncho son moi nosos, e O Vello Cárcere tamén é noso, e a Illa de San Simón, tamén é nosa, "...os muros que parcelan son vosos, pero as pedras son nosas".

Somos moitas e moitos, sabemos a verdade, non vendemos fume nin palabras estériles, imos no rigor e na consecuencia certa do ben común.

Lembramos os berros, non só das vítimas, senón de toda a xente abusada, asasinada e a que foi paseada por toda a xeografía do seu odio. A verdade que soñamos é certa e un día reporase a honra, farase por fin Xustiza. Terán que responder dos seus abominables actos, antes hoxe que mañá.

**FLOR DE LOTO**  
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros  
Tameiga Mos

teléfono: 986 48 60 20  
móvil: 687 46 76 34  
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario  
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30  
16:30 a 20:00  
Sábado: 10:00 a 14:00



**SILVAKARAVAN**

**AUTOCARAVANAS**



**COMPRA - VENTA - ALQUILER**

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com

www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39  
36350 Nigrán  
Pontevedra

986 365 629

696 383 650

696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño  
36475 Salceda de Caselas  
Pontevedra

986 346 842

696 143 835

696 293 764



Por *Tino Iago*

## 25 DE XULLO, DÍA DA NACIÓN GALEGA

O próximo 25 de xullo volverei estar nas rúas de Compostela canda a ducias de milleiros de galegos galegas, reivindicando que o noso é un pobo de seu que ten, como calquera outro pobo do mundo, dereito a decidir libremente o seu futuro e a xestionar por si mesmo os seus propios intereses.

E fareino porque así o sinto, porque me considero un cidadán libre do país galego que non ten outra patria que Galicia. O meu, non é un país nin mellor nin peor que outros, pero é distinto a todos os demais. Ata tal punto é así, que incluso as persoas de Galicia que se senten españolas, cando falan de Galicia non poden evitar que o que está profundamente inserido na psique colectiva de todos os galegos e galegas emerxa das sentinas máis profundas das súas consciencias e lles leve por exemplo a describir as bondades do queixo do país ou do viño do país ...

As motivacións que me van impulsar a estar en Santiago o 25 de xullo non son só sentimentais ou simbólicas. Tamén me vou manifestar porque considero que se o pobo galego tivera a posibilidade de xestionar por si mesmo os seus propios intereses, os beneficios para o ben común de todas as persoas que vivimos en Galicia serían indiscutiblemente maiores que os que nos dá o cativo marco competencial do actual estatuto de autonomía.

Galicia é un país rico, temos recursos para podermos vivir mellor, e non pode ser que os beneficios da explotación dos nosos ríos, os nosos montes ou os nosos ventos vaian engrosar as contas de beneficios das elites económicas españolas no canto de incidir no ben común das maiorías sociais do noso pobo.

Unha vez máis, como en todos e cada un dos 15 anos da nosa historia, A Nova Peneira celebra o 25 de Xullo como o día nacional de Galicia e fai votos para que o nacionalismo galego teña a capacidade e a intelixencia necesaria para chegar a conquistar cada vez máis corazóns de cidadáns e cidadás libres da nación galega.

Malia que ás veces non é doado, trato de non confundir o desexo coa realidade e son plenamente consciente de cal é a situación sociolóxica de Galicia, así pois como cada ano ofrecémoslle unha selección de artigos de opinión ao respecto da celebración do día da nosa nación das principais forzas políticas galegas. Grazas a Ana Pontón do BNG, a Alberto Pazos do PP, a Paloma Castro do PSdeG e a Lino Costas de Esquerda Unida.



### Galiza merece máis!

Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

**H**ai momentos na historia nos que un País comprende que chegou a súa hora. Creo sinceramente que Galiza está nese momento. Hai un cambio profundo na sociedade galega, co orgullo polo que somos como motor.

Durante décadas acostumáronnos a pensar en pequeno, a aceptar que as grandes decisións sempre se tomaban noutro lugar, a conformarnos con administrar o que outros decidían, como se reclamar un trato xusto fose unha excentricidade e non unha obriga de calquera goberno responsable. Mais a realidade mudou.

Vivimos unha época na que a economía mundial se reorganiza, na que se pon en evidencia a necesidade de recuperar capacidade produtiva, na que a seguridade enerxética e alimentaria deixaron de ser conceptos teóricos para se converteren en prioridades políticas. A revolución da intelixencia artificial e da dixitalización abre enormes oportunidades, pero tamén riscos para quen quede atrás.

Nese novo escenario, Galiza debe ser protagonista e xogar coas súas cartas, sen ataduras. Temos enerxía renovable, posición atlántica estratégica, innovación, capacidade de desenvolvemento na industria, no mar, no forestal e no agro, coñecemento científico e unha xeración de mozos e mozas extraordinariamente

preparada. Temos unha identidade forte que nunca foi un límite, senón unha forma singular de estar e contribuír ao mundo.

O que non podemos permitir é seguir actuando como se nada disto tivese valor. Cada vez que aceptamos que os beneficios dos nosos recursos marchen fóra; cada vez que unha decisión sobre as nosas infraestruturas ou o noso financiamento se toma sen contar con Galiza; cada vez que se priorizan intereses partidistas sobre os intereses do país, estamos perdendo oportunidades que dificilmente regresan.

Mais, para avanzar, tamén cómpre dicir unha verdade incómoda. Galiza continúa sufrindo decisións do Estado que a prexudican: un financiamento insuficiente, infraestruturas demoradas, competencias estatutarias aínda sen transferir ou unha política enerxética que non reconece o esforzo dun país produtor como o noso. Esa discriminación existe. O que resulta incomprendible é que quen leva máis de década e media gobernando a Xunta renuncie sistematicamente a combatela.

O Partido Popular non traballa para defender os intereses galegos. En todos os temas relevantes preferiu sempre exercer de delegado dos intereses do seu partido en Madrid antes que actuar desde a Xunta como un verdadeiro goberno de Galiza. E cando un Goberno deixa

CÁRNICAS  
**LABREGO**  
SABOR RURAL

Praza de abastos  
posto nº15  
Salceda de Caselas

637 04 93 36

Servizo a Domicilio

BAR · RESTAURANTE

**CASTRO**

COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154  
Teléfono: 986 330 757

36400 PORRIÑO  
Pontevedra

Peixería

**Luz María**

"O mellor do mar  
en pleno Peinador"

Estrada Peinador-Os Valos, 7 Interior  
(Mos)



## 25 DE XULLO, DÍA DA NACIÓN GALEGA

de defender ao seu País, quen perde sempre é a súa xente.

Por iso defender Galiza non é unha cuestión simbólica, é unha cuestión profundamente práctica e significa que a riqueza producida aquí sirva para mellorar os salarios, crear emprego, fortalecer os servizos públicos, impulsar a innovación, apoiar ás pequenas e medianas empresas e garantir que ningún mozo ou moza teña que emigrar por falta de oportunidades.

Significa entender que máis capacidade de decisión é tamén máis capacidade para resolver problemas. E para iso precisamos avanzar en autogoberno real, asumindo todas as competencias pendentes no Estatuto catro décadas despois da súa aprobación, avanzar en autogoberno de cara a reivindicación dun novo status de nación para Galiza. O BNG leva tempo defendendo unha idea que hoxe resulta máis actual ca nunca: Galiza debe falar con voz propia alí onde se toman as decisións importantes, sen dependencia de Madrid, sen subordinación a intereses alleos e sen renunciar nunca á colaboración leal con quen respecte os intereses do noso País.

Porque o mundo respecta máis a quen se respecta a si mesmo. O Día da Patria Galega é unha invitación a pensar no futuro, nunha Galiza que confíe nas súas capacidades e saiba transformar todo o seu potencial en prosperidade compartida.

Temos recursos, temos talento, temos experiencia, temos identidade, temos un pobo que acredita en si mesmo. O que toca agora é estar á altura dese País, facernos valer, porque cando Galiza se fai valer, Galiza avanza. E Galiza merece avanzar e gañar un futuro mellor para todas e todos.



Alberto pazos, portavoz do PPdeG

## Unha catedral chamada Galicia

**D**urante unha visita ás obras dunha esplendorosa catedral, un filósofo achégase a tres canteiros que traballan separados por escasa distancia e fórmúlalles idéntica pregunta: «Que está facendo, señor?».

O primeiro home, abafado, canso, suorento e sen apenas mirar ao seu interlocutor, responde cortante: «Acaso non o ve? Pico pedra!». O segundo, en idéntico estado, alza a vista ao viaxeiro e, con resignación, afirma: «Gaño a vida picando pedra para poder alimentar á miña familia». Por último, o terceiro dos interpelados detén por un instante o seu traballo, saca o seu pucho e, tras enxugar o suor da súa fronte, mira con detemento aos ollos do viaxeiro e responde orgulloso: «Como pode ver, señor, estou a construír unha catedral!».

As vésperas do Apóstolo, parécese un bo momento recuperar esta coñecida fábula e facer un chamado á transcendencia e unha invitación a afrontar os nosos quefaceres cotiás coa mesma altura de miras dese humilde canteiro con alma de arquitecto.

Desde hai anos, Galicia foi quen de converterse no balneario da política española. Un lugar afastado do ruído, da inestabilidade e do curtopracismo, tan en boga alén do Padornelo.

Hoxe, a nosa terra é unha referencia inescusable para calquera que aspire a construír unha sociedade máis xus-

ta. Unha sociedade na que calquera neno ou nena teña garantido o acceso gratuito ao ensino, desde a súa primeira visita a unha escola infantil ata abandonar a universidade cun título académico baixo o brazo.

Galicia está a afrontar con valentía os problemas de acceso á vivenda, facendo unha aposta decidida para duplicar o parque público residencial e creando novas fórmulas que permitan aos máis novos e ás clases medias formar un fogar no que desenvolver o seu proxecto de futuro. Un futuro que semella moito máis prometedor grazas ao despregamento das enerxías verdes e á chegada de proxectos industriais sostíbeis que posibilitan a creación de emprego estable e de calidade, en comarcas que levan tempo agardando por esa alternativa.

Galicia leva anos acurtando a fenda que nos separaba das rexións máis ricas e desenvolvidas. E, ademais, é quen de facelo reducindo o risco de pobreza ás cifras máis baixas da nosa historia.

Gracias ao esforzo colectivo da sociedade galega, deixamos atrás aquela xa afastada imaxe dunha terra atrasada, perennemente condenada á fame e á emigración, para converternos nun territorio referente de prosperidade, de modernidade e de futuro.

Todos estes logros non son froito da casualidade nin de graciosas dádivas dunha superior providencia. Son a colleita dun pobo que amence cada

mañá para traballar duro, sempre coa firme vontade de legar aos seus fillos un país mellor que o que recibiron dos seus pais e das súas nais.

Fronte aos negros vaticinios dos profetas dunha apocalipse que nunca chega, Galicia continúa o seu avance, paseniño e inexorable, construíndo o seu porvir chanzo a chanzo, pedra a pedra, coa sabedoría daquel modesto canteiro, consciente da transcendencia real do seu humilde labor.

Mentres noutros lugares do mundo se afanan en levantar muros e barreiras de protección fronte a quen pensa ou sinte distinto, os galegos seguimos a picar pedra para tender pontes, para construír fogares e para facer unha sociedade máis solidaria, máis tolerante e máis xusta. E facémolo ao estilo galego: sen estridencias, sen berros, sen crispación e con ese sentidíño galego, que tan ben nos define e nos representa.

Xa chega o día do Apóstolo. O día de celebrar o que fomos, o que somos e o que podemos chegar a ser. O día de desfrutar con orgullo do moito que temos avanzado e de soñar esperanza-dos con alcanzar o futuro esplendoroso que merece esta terra.

Son datas para festexar, para compartir coa familia e cos amigos. É tempo de cantar, de bailar e de brindar polo día grande da nosa terra. E, se nalgún momento desta feliz xornada, atopa un pequeno instante para pensar na súa humilde contribución ao futuro deste terra, repítase con orgullo: estou construíndo unha catedral, unha catedral chamada Galicia.



**NEUMÁTICOS**  
**Belicar**  
 Joaquín Benito Sousa  
 652 95 50 50  
 FRONTE A O LEROY MERLIN  
 neumaticosbelicar@gmail.com  
 Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos

# SUMYRENT

## ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO

SALCEDA DE CASELAS

Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com

www.sumyrent.com





## O legado dun pobo que nunca renunciou a ser Galicia

*Paloma Castro*, deputada do PSEdeG PSOE

**E**ste 25 de xullo de 2026 resulta difícil de disociar dun acontecemento histórico fundamental: os 90 anos da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Un paso esencial para a nosa historia e para a nosa identidade, que non foi unha vitoria simplemente simbólica, senón a materialización da dignidade colectiva dun pobo.

Hai 90 anos, o 28 de xuño de 1936, as forzas políticas impulsoras do Estatuto difundían unha mensaxe tan clara como esperanzadora: "Coa autonomía, Galicia nada pode perder, sempre leva a de gañar". Alexandre Bóveda reclamaba en Lugo que "non haxa un galego que deixe de votar, porque sería a negación da súa terra". E Galicia respondeu. Os datos oficiais indicaron que, o 74% do censo electoral votou a prol, e o 99% dos votos emitidos.

O alcalde de Santiago, Ánxel Casal, comunicou á Presidencia da República o resultado e activou o mecanismo para entregar oficialmente o Estatuto galego ás Cortes. O trámite culminaría o 17 de xullo en Madrid. Un día despois, o golpe de Estado franquista desencadeaba a barbarie. Moitos dos protagonistas daquela ilusionante campaña autonomista foron perseguidos, encarcerados ou asasinados.

Mais se algo define ao pobo galego é precisamente a súa capacidade para erguerse de novo fronte a calquera desafío, cunha habilidade inata para facer prevalecer os seus

principios e a súa identidade ante os maiores retos sociais, económicos ou laborais. Así o fixeron tamén durante décadas no exilio.

Porque a reivindicación da conciencia galega como pobo singular está alicerzada nunha enriquecedora e autoconsciente realidade cultural. Ese entendemento do que significa ser galego, esa fortaleza colectiva e esa comunión arredor dunha mesma identidade permitiron que a esencia do noso pobo se sostivese, se alimentase e se desenvolvese ao longo do tempo. Unha identidade con particularidades propias e indelegables, na que a lingua galega continúa a ser o vehículo fundamental para a construción da concordia que durante tanto tempo definiu Galicia.

Decenas de miles de galegos e galegas tiveron que abandonar a súa terra, primeiro fuxindo do réxime franquista e despois buscando oportunidades de subsistencia. A emigra-

ción constitúe un fenómeno de indiscutible transcendencia que explica boa parte da historia contemporánea de Galicia. Miles de memorias individuais conforman o relato dun proceso de longa duración cuxas consecuencias aínda son visibles hoxe.

Os galegos emigrados sufriron tamén o mesmo látigo dos tópicos étnicos e de clase, reducionistas e ferrentes, cos que tantas veces se sinala a quen chega a outra terra buscando un futuro mellor. E, con todo, foron eles quen mantiveron viva Galicia lonxe das súas fronteiras, transmitindo ás novas xeracións a lingua, a cultura e o sentimento de pertenza.

Por iso, a ofrenda de respecto e homenaxe aos nosos devanceiros non debería consistir unicamente en lembrar o pasado, senón en reflexionar sobre o presente e proxectarnos cara ao futuro.

Nestes días estase a falar moito da chamada Lei de Netos, disposición

integrada na Lei 20/2022 de Memoria Democrática, que recoñece o dereito á nacionalidade española aos fillos e netos das persoas exiliadas pola ditadura. Desde unha perspectiva de dereitos humanos, esta norma pretende reparar a débeda histórica e as vulneracións sufridas polas vítimas do franquismo.

Trátase dunha medida razoablemente aceptable en termos de compensación para aqueles que viron a súa vida determinada polo destino dos seus pais ou avós, ben combatendo na Guerra de España, ben marchando ao exilio posteriormente. É unha política pública profundamente enraizada no pasado, pero exercida sobre o presente, porque permite que os descendentes recuperen parte do que lles foi arrebatado ás súas familias. Dalgún xeito, aqueles españois e galegos que tiveron que marchar atopan hoxe unha nova corporeidade nos seus fillos e netos, que regresan para equilibrar, aínda que sexa simbolicamente, as perdas traumáticas da nosa historia.

Porque lembrar non é vivir ancorados no pasado. É facer xustiza con quen nos permitiu chegar ata aquí. Lín un día que, sermos galegos e galegas pode ser como a felicidade: só se recoñece plenamente cando xa ten acontecido. Non vaia ser que algún día descubramos que Galicia chegou ata nós grazas ao esforzo e ao sacrificio de quen nos precedeu, e que nós estivemos demasiado ocupados para recoñecer ou devolver esa débeda.





# Manolo

RESTAURANTE

**AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305**

**PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414**



CALIDADE, EXCELENCIA  
E TRADICIÓN EN PLENO  
CENTRO DA LOURIÑA.

**VEN A COÑECERNOS**

www.restaurantemanolo.es  
info@restaurantemanolo.es



## RABADEIRA

AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA  
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS  
ALINEADO

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES

Telf. 986 340 753

Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS  
rabadeira2011@hotmail.com



## Tu Bacata

Estamos en **Torneiros**  
(Antigo Bar Cherokee)

Visítanos!



## 25 DE XULLO, DÍA DA NACIÓN GALEGA



## 25 de Xullo unha Nación para a Clase Trabalhadora

*Lino Costas*, coordinador nacional de Esquerda Unida

**G**alicia é unha comunidade humana cun territorio, cun idioma, cunha cultura e cunha economía propias. Galicia é polo tanto unha nación coma un feito obxectivo, non coma unha opinión ou un sentimento. Un grupo humano con identidade propia dentro do mosaico de nacións que conforman a humanidade. Unha humanidade que nestes tempos afronta novos desafíos nun mundo no que xa quedou claro que as normas de convivencia a nivel mundial, por xustas que poidan ser, sempre foron utilizadas para manter dominados aos pobos baixo os intereses dos poderosos, baixo os intereses do capital. E quedou claro tamén que estas normas son desbotadas sen ningún problema en canto supoñen algún tipo de obstrución para os obxectivos de acrecentar o enriquecemento das clases dominantes.

Temos dereito a desenvolvernos coma nación, a densenvolver o noso idioma, a nosa cultura, a nosa economía. E a facelo respectando e facendo respectar o noso entorno, os nosos montes, os nosos ríos, os campos e o mar e todo o noso territorio que compartimos xunto coas demais vidas que conforman a natureza, o medio ambiente. E sobre todo temos dereito a desenvolver as nosas vidas con seguri-

dade. Coa seguridade de que imos a ter unha sanidade pública eficaz, eficiente e universal. Coa seguridade de que se nos garante unha educación pública, gratuíta e de calidade a todos os niveis. Coa seguridade de que imos a ter unha vivenda digna e de que, pase o que pase, non nos imos a quedar na rúa. Coa seguridade de que temos garantida unha alimentación sa. Coa seguridade de que imos a ter un traballo en boas condicións laborais e económicas que nos permita ter suficiente tempo libre para utilizalo en vivir. Coa seguridade de que non imos a caer na pobreza e que poderemos desenvolvernos plenamente coma persoas. A todo iso temos dereito e esa é a Galicia que queremos. Unha Galicia que, ademais, recoñece solidariamente o dereito das demais nacións a

desenvolverse sen inxerencias externas e a ter estas mesmas seguridades. Unha Galicia que existe para aportar á humanidade e non para competir contra as demais nacións.

Pero ser unha nación non nos libra de contradicións internas. Tan galego é calquera traballador ou traballadora coma calquera empresario explotador máis ou menos enriquecido. Uns viven do seu traballo. Outros se enriquecen co traballo dos demais. E nesa contradición, nesa loita de clases que é o motor da historia, radica o feito de que as traballadoras e traballadores temos máis en común entre nos, sexamos da nación que sexamos, que cos nosos explotadores. Acaso deberíamos defender os intereses dun capitalista galego antes que os dunha campesiña andaluza ou ecuatoriana? Aca-

so non deberíamos unir forzas as clases traballadoras de todos os pobos en tódolos ámbitos nos que fora posible, para defender os nosos intereses comúns coma clase? Ou é que nos conformamos con que medren os nosos explotadores porque así sempre nos caerá algunha migalla?

Por iso a idea de nación non debe ser empregada en ningún caso coma elemento de división da clase traballadora. Caer nese erro, na defensa da idea de nación por riba da solidariedade de clase traballadora, en impedir a unidade de acción alí onde é posible, soamente serve para debilitar a loita obreira e polo tanto favorecer os intereses do capital. E por iso cando alguén di defender a Galicia hai que preguntarlle a que parte de Galicia se refire. Porque se non o ten claro ou pensa que os intere-

ses da clase obreira e os do capital son os mesmos, non está a defender á clase obreira se non aos seus explotadores e tapando as súas vergoñas coa bandeira.

Por iso neste 25 de xullo, celebremos Galicia coma a nosa nación e celebremos tamén o noso orgullo de clase.



Avda. Galicia, 25 - Baixo  
986 34 79 52  
Salceda de Caselas



Rans 8, MOS  
tel: 986 33 23 50

## Inmobiliaria Traviesas

Carlos Parada Pereiro

647.607.657

c/ Vigo Nº 14, portal 3 - Bajo  
(36470) Salceda de Caselas - Pontevedra

Telf. 986.340.500  
Movil. 628.174.501

www.inmobiliariatraviesas.es  
E-mail: info@inmobiliariatraviesas.es



Pulpeiro  
**Lolo**

Teléfono:  
687 45 12 11



Talleres  
**S. Malvar**

Carretera de Vigo a Madrid (Antigua N550)  
AVDA DE GALICIA 53 A MOS  
986 092 947



## A Louriña

## O BNG demanda máis “verde” no centro do Porriño

O BNG considera que no contexto de quentamento actual é prioritario dotar de zonas verdes o concello. Os refuxios climáticos e os espazos para a xente deben ser unha prioridade para O Porriño. Defende que se gasten mellor os recursos e que se governe con un proxecto.

### O Porriño

Dende o BNG, alédanse de que o modelo de humanizacións iniciado polo Bloque hai dúas décadas no centro do Porriño, levado tamén por Pedro Pereira como concelleiro de Urbanismo aos barrios de San Bieito e Aloques, avance. Mais, no momento de crise climática actual, hai que priorizar a dotación de zonas verdes como refuxio climático ante as altas temperaturas que estamos a sofrer: “Desde o Bloque apoiamos que se invista en gañar espazo para a xente no centro do Porriño, pero entendemos que as cousas se poden facer mellor. Ten que haber unha aposta real por un modelo verde máis alá da instalación de chorros de auga”, declarou Pedro Pereira, portavoz do Bloque.

Pereira lembrou o fracaso da reforma do Campo da Feira. Un investimento de 1 millón e medio de euros nunha obra con constantes modificacións, sobre custos e sen unha finalidade clara. Un espazo infrutilizado no que o BNG defende crear unha zona arbolada integrada con San Bieito, eliminando o tráfico rodado en superficie na rúa Domingo Bueno. “Para o BNG gobernar é transformar para mellor, adaptar os espazos a novos usos e necesidades, non unha simple

renovación estética para que todo siga igual. Co que Lorenzo malgastou nun simple lavado de cara poderíamos ter avanzado na mellora da mobilidade. O PP fai obras pequenas que saen caras”, sinalou o concelleiro do Bloque, que amosou tamén a súa preocupación no mesmo sentido pola anunciada remodelación do Parque Ordóñez.

En Pío XII atopamos outra obra mal planificada e con modificacións a respecto do proxecto inicial. Pensada en principio para manter o tránsito rodado, foi despois de que o Bloque o tivera solicitado no Pleno e ante a demanda veciñal que finalmente ficou como unha rúa de prioridade peonil. Un espazo cun enorme potencial que o BNG contemplaba transformar nun parque con cés-pede e canles de auga, un lugar para o descanso e o lecer coa xente como protagonista. “De ter Alejandro Lorenzo planificado mellor, esta intervención estaría deseñada pensando na xente e contaría con máis presenza vexetal e menos pedra. O importante non é gastar máis. É gobernar mellor e non malgastar recursos. E para iso non se pode improvisar”, concluíu Pedro Pereira.



Paulo Vila, Comité Antifascista da Louriña

Desde o Comité Antifascista da Louriña vimos alertando en innúmeras ocasións do grave perigo que teñen para a humanidade os plans de guerra global do imperialismo anglo-ianqui-sionista. En Europa, a escalada belicista na que insiste dunha maneira enfermiza o binomio UE/OTAN contra a Federación Rusa, pode desencadear unha guerra continental aberta con consecuencias catastróficas. A ameaza é absolutamente real!

Na cimeira da OTAN que se desenvolveu o días 7 e 8 de xullo en Ancara, o imperialismo apostou por rearmarse e aumentar a escalada ignorando as advertencias do Kremlin. O apoio militar e financiamento ao réxime ukronazi, a loxística, a información satelital, a cesión do espazo aéreo das repúblicas bálticas para cometer atentados contra infraestrutura enerxética e civil rusa, cos recentes actos terroristas contra unha residencia de estudantes en Lugansk, ou contra un autocarro de crianzas bielorrusas, xunto coas sancións ilegais e a incautación de buques petroleros, implica directamente os estados membros da UE/OTAN nesta agresión imperialista.

En Rusia, aínda que a OME avance nos obxectivos marcados dende o seu inicio ca recente liberación de Konstantinovka, vai gañando cada vez máis peso a posibilidade de realizar un ataque preventivo contra obxectivos da alian-

za militar en resposta ás constantes provocacións e asasinatos de civís. Son cada vez máis sectores da poboación, da burguesía, e dentro do Kremlin, os que apostan por unha resposta exemplar que faga repensar ás elites globalistas as cousas dúas veces. É un debate que está á orde do día nos medios de comunicación da Federación Rusa.

O único que se interpón entre unha lexítima resposta de autodefensa rusa e a OTAN, é Vladimir Putin. Lonxe da disparatada caracterización que fan do presidente ruso os medios de desinformación occidentais, Putin é en realidade un dos actores políticos cunha posición máis de contención, xogando de equilibrista para “calmar” os sectores que teñen a liña máis dura e contundente.

En todo caso, o imprevisíbel sería o escenario que se abriría logo da resposta da alianza militar contra ese ataque preventivo. Xa non só pola activación do artigo 5 de defensa colectiva e o estado de guerra decretado nos países membros, ou a manipulación dos medios xustificando a escalada, tamén pola represión, as detencións, e ilegalizacións das organizacións pertencentes ao campo obreiro e popular que estamos contra a guerra imperialista, e que defendemos a desnazificación e desmilitarización de Ucraína por unha cuestión de hixiene democrática.

Por todo isto, debemos prepararnos para o peor. O Estado Imperialista Es-





**Berma**  
Cerrajería y seguridad.

**CONTROLES DE ACCESO PARA**  
COMUNIDADES • EMPRESAS  
INSTITUCIONES • HOGARES














**ALTA SEGURIDAD Y ESPECIALIZADOS EN CERRAJERÍA DEL AUTOMÓVIL**

VIGO: Brasil nº 27 - Telf.: 986 418 325 • O PORRIÑO: Urb. El Sol nº 23 - Telf.: 986 337 407  
www.cerrajeriaberma.es • berma@cerrajeriaberma.es

Emergencias  
649 666 655  
24H



pañol sabe da potencialidade do movemento antiimperialista galego, onde polo momento, o sionismo non logrou penetrar con profundidade, tal e como puidemos comprobar co exemplo solidariedade internacionalista en apoio á causa palestina, ou contra a agresión ao Irán e o Líbano.

Máis cedo que tarde o réxime do 78 intentará evitar que as nosas reivindicacións contra o aumento dos gastos militares, pola paz, e na defensa da terra, gañen terreo e referencialidade en-

tre os sectores oprimidos e explotados. Porén, debemos seguir traballando para tecer esa ampla unidade antiimperialista que faga descarrilar os seus perversos plans belicistas de morte e destrución.

Seguir traballando para poder avanzar en dito obxectivo é un imperativo para nós. Estaremos á altura das circunstancias cando chegue a hora dos fornos.

*Pola terra e contra a guerra!*  
*Antifas[Z]istas e antiimperialistas sempre!*

## Están en marcha as obras de mellora e modernización do campo de fútbol do Lourambal

O proxecto conta cun orzamento de máis de 678.000 euros e un prazo de execución estimado de catro meses.

As actuacións inclúen a instalación de céspede artificial de última xeración, a renovación integral do equipamento e un novo sistema de iluminación e rego.



O alcalde supervisando as obras

### O Porriño

O campo de fútbol do Lourambal co arranque das obras de mellora das súas instalacións. O proxecto, que con-

ta cun orzamento base de licitación de 678.152,05 euros, ten como obxectivo modernizar o espazo para ofrecer unhas condicións óptimas para a práctica deportiva.

A principal actuación será a substitución do actual terreo de xogo de herba natural por céspede artificial de última xeración. O novo campo, cunhas dimensións de 105x67 metros para fútbol 11, estará deseñado de xeito polivalente, permitindo a súa división en dous campos transversais de fútbol 7. A nova superficie contará cunha subbase elástica de espuma de poliolefinas de célula pechada reticulada, unha moqueta bicolor en ton verde e os correspondentes recheos de estabilización para o seu lastrado.

Melloras estruturais e sostibilidade Para garantir o correcto mantemento e drenaxe das instalacións, o terreo de xogo disporá de pendentes específicas e canles de recollida de augas pluviais nos laterais, delimitando o pavimento cun bordelo de formigón.

Ademais, actuarase de xeito profundo na rede de rego coa instalación de canóns emerxentes de longo alcance e un depósito enterrado de 20 m3 para asegurar o abastecemento de auga. Tamén se renovarán por completo os proxectores do campo seguindo un rigoroso estudo lumínico, aproveitando os báculos xa existentes para mellorar a eficiencia enerxética e a visibilidade do recinto.

Renovación do equipamento deportivo O proxecto tamén inclúe un importante renovación do equipamento deportivo. Instalaranse novas porterías tanto de fútbol 11 como de fútbol 7, redes, banderíns de córner, varandas perimétricas e novos banquiños cubertos e pechados lateralmente. Así mesmo, dotarase ao espazo dunha nova sinalización.

Cunha duración prevista de catro me-

ses, estas obras dotarán ao Lourambal dunhas instalacións modernas, sostibles e adaptadas ás necesidades dos clubs e deportistas que fan uso do campo a diario.

Explica o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, que o concello seguirá mellorando as instalacións deportivas en todas as parroquias.

O Campo do Porriño Industrial O Lourambal é o campo do Porriño Industrial, un club que se fundou oficialmente o 15 de febreiro de 1933 baixo o nome de Porriño F.C., presidido na súa primeira xunta directiva por Leocadio Lourido e vestindo inicialmente de branco e azul. Un dos seus maiores fitos históricos tivo lugar na tempada 1958-59 cando, co nome do seu patrocinador Zeltia, o equipo proclamouse campión galego de afeccionados e logrou o subcampionato de España. A denominación actual de Porriño Industrial chegou en 1965, froito da fusión entre o Louriña C.F. e o propio Zeltia, sendo Pepe da Morriñeira o seu primeiro presidente nesta nova etapa. Ao longo da súa traxectoria, o primeiro equipo alternou categorías comarcais e rexionais cun notable paso pola Tercera División. Durante o longo mandato de Santiago Gilsanz de la Aldea nos anos 70 e principios dos 80, o club logrou un importante ascenso a Tercera División. Con todo, o seu maior éxito de liga chegou na tempada 1998-99 baixo a presidencia de José Carlos Díaz Casales, cando o equipo se proclamou campión de Tercera División e disputou a fase de ascenso a Segunda División B contra clubs de renome nacional. Tras esta época dourada, o club sufriu varios ascensos e descensos baixo as directivas de José Lorenzo Pérez e Luis Neira Olive.

A partir da tempada 2010-11, baixo a presidencia de Ramón Bastos, o club

**TALLERES SAN JUAN**

Mecánica  
Neumáticos  
Alineado de dirección  
Cambio de lunas  
Servicio de grúa a clientes

**PEINADOR - TORROSO**  
(Mos)

Al lado de la Capilla de San Juan

**986 337 187**  
**645 991 192**

**P.R. 3 Estrellas**

**FLORIANO**

**Restaurante**

*Habitacións, comida caseira,  
espectaculares haburguesas caseiras,  
almorzos sen gluten*

*Estrada a Peinador, 4 Mos Puxeiros*

**986 48 73 70**

**Talleres SITO**

MOS

Distribuidor oficial

**Telf.: 634 88 70 54**

**ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B**  
**CP. 36416 MOS**



iniciou unha fonda remodelación estrutural impulsada pola estrea de modernos campos de herba sintética e a profesionalización do seu corpo técnico e médico. Esta aposta deu os seus froitos na campaña 2011-12 coa chegada do presidente Esteban Cidanes Domínguez, na que as categorías inferiores asinaron unha xesta histórica con catro ascensos simultáneos de xuvenís, cade-

tes e infantís. Foi precisamente nesta exitosa etapa cando Claudio Giráldez —actual adestrador do Real Club Celta de Vigo en Primera División— comezou a vencellarse á estrutura técnica da base como coordinador de canteira xunto a Humberto Lede, consolidando a cantera do Porriño Industrial na elite do fútbol base galego antes de dar o salto como técnico.

cinco anos, pero tamén celebramos un futuro cheo de posibilidades. Un futuro que seguiremos construíndo entre todos e todas, coa mesma ilusión, co mesmo compromiso e coa mesma vocación de servizo público que inspirou ou nacemento deste centro.»

A nota musical correu a cargo do alumnado da Escola de Música de Salceda, con dúas actuacións: Lara Pérez Besada e Sabela Gándara Iglesias, exalumnas tamén do CRA Raíña Aragonta interpretaron un dúo de frauta traveseira. Pola súa banda, os alumnos de percusión, Lois, Iago, Antía, Hugo, Ezequiel e Adrián fixeron unha asombrosa actuación tocando tambores elaborados con bidóns reciclados acompañado de batería.

O evento contou tamén coa intervención de César Pérez Ares, director territorial de Educación e Loli Castiñeira, alcaldesa de Salceda. A rexedora local fixo balance destes 25 anos

e agradecéulles ao profesorado e ás familias “por transmitir ese cariño e orgullo do rural no que vivimos e que debemos respectar dende a idade máis temperá, o coidado da nosa lingua, o ensino a través do traballo en equipo e en igualdade, o respecto e a diversidade, pois todo elo forma parte deste gran traballo educativo coa cativada”.

Pola súa banda, o director territorial lembrou que, a pesar da baixada de natalidade que sofre a provincia, o CRA manterá o próximo curso as actuais seis aulas coas que conta nas parroquias do concello.

Durante o acto tamén se expuxeron fotografías antigas e ao termino da parte institucional desvelouse unha placa conmemorativa do aniversario e unha composición en recordo a todo o alumnado e profesorado que formou parte do centro ao longo destes 25 anos.

## Salceda celebra os 25 anos do CRA Raíña Aragonta



foto de familia do CRA Raíña Aragonta

### Salceda de Caselas

O CRA Raíña Aragonta de Salceda de Caselas cumpriu 25 anos desde a súa constitución. Nun acto aberto ao público e no propio patio do colexio polo que durante anos corretearon miles de persoas do municipio, celebrouse a conmemoración do seu vinte e cinco aniversario. Ata alí achegáronse numerosas familias, alumnado, profesorado e persoal de servizos que durante estes 25 anos de historia formaron parte do centro, ademais das direccións do IES Pedras Rubias e o CEP Altamira, e representación da E.I.

A Galiña Azul.

Durante a xornada, organizada polo actual equipo docente, interveu o actual director, Damián Varela Sánchez, o cal agradeceu tanto ao Concello de Salceda de Caselas coma a Xunta de Galicia todo o apoio que recibe o centro das devanditas institucións. Concluíu a súa intervención con desexos para o futuro: «Unha escola debe ser tamén un espazo de convivencia, de participación, de cultura e de encontro para toda a comunidade. Hoxe celebramos unha historia de vinte e

## Centos de persoas acudiron á cita coa tradición: recadación récord na poxa de San Bieito

Centos de persoas acudiron á cita coa tradición no Porriño.

### O Porriño

Este 11 de xullo, día de San Bieito, celebrouse unha das datas con máis historia e devoción no municipio. A xornada estivo marcada, un ano máis, polos actos relixiosos e por unha intensa poxa que tivo lugar xusto despois da procesión.

Xunto á imaxe do santo, veciños e veciñas poxaron con entusiasmo, chegando a pagar ata 120 euros polo elemento máis prezado deste día: os acios de uvas. Estas uvas, maduras a principios

do mes de xullo, representan o carácter milagreiro dun santo ao que se lle atribúe, sobre todo, a cura de afeccións da pel.

Nesta ocasión, a solidariedade tamén tivo un papel protagonista para axudar na loita contra o cancro e apoiar os pacientes que sofren esta enfermidade, xa que todo o recadado na poxa do Porriño doarase integramente á Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Malia que as uvas son o produto máis



**Javier González Riveiro**

C/ Generoso Dguez. 110  
36419 Ceta (Mos)  
T. 986 907 346  
M. 670 327 210  
M. 619 839 058  
panaderianovadevesa@gmail.com

CAFÉ - BAR



Puxeiros - Mos 986 48 79 18



**TRAMILOURO, S.L.**  
TRAMITACIÓN Y GESTIÓN

C/. El Pinar, 3  
36400 PORRIÑO

Tel.: 986 348 096  
Fax: 986 330 710



tradicional, este ano unha tarta que emulaba a capela de San Bieito tivo un gran éxito entre os asistentes. Grazas á xenerosidade do público, a recadación total da poxa ascendeu este ano a 886 euros.

“É unha das tradicións máis arraigadas do Porriño”, explicou o alcalde da localidade tras participar na procesión e destacar o gran ambiente e a implicación dos veciños.

Pese a intensa calor, foron moitas as persoas as que se quedaron a puxar: aceites, ovos, prantas.... Unha xornada tamén para gozar da música da Coral e da Banda que celebraban o seu 30 e 10 aniversario respectivamente.

A programación continúa

Sábado 11 de xullo

20:00 h – Misa na igrexa de Santa Ma-

ría.

20:00 h – Concerto especial polo 30º Aniversario da Coral Polifónica EM-MUS e o 10º Aniversario da Agrupación Musical do Porriño.

21:30 h – Actuación da orquestra Salsarena na Praza de San Sebastián.

23:45 h – Sesión discoteca a cargo de Disquetoca e DJ Places.

Domingo 12 de xullo

20:00h Consertasso na horta con Brais das Hortas para toda a familia

21:30 h – Actuación da orquestra Miramar para pechar as festas.

O Concello do Porriño convida a toda a cidadanía a participar activamente nestas festas, agradecendo a colaboración da Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián e de todas as entidades que fan posible esta celebración ano tras ano.

suma do IPC real dos anos de vixencia do convenio sexa superior á suba de soldos total (18,5% dos peóns e 20% de oficial condutor, mecánico e persoal administrativo) a diferenza abonarase mediante a actualización de táboas en xaneiro de 2030, quedando conso-lidade en táboas dese ano. Ademais, creouse a maiores un plus de antigüidade de trienios do 5% do salario base e unha cuarta paga extraordinaria do 25% do salario base en 2028 e do 50% en 2029.

En canto á redución de xornada, o primeiro ano fíxase unha xornada anual de 40 horas, que pasará a 39 ao ano seguinte; mentres que en 2028 será de 38 horas semanais e en 2029 de 37,5 horas.

Pedro Pérez, da CIG-Servizos, con-

sidera que con este acordo remata a incerteza nas relacións laborais na empresa, “máis agora o Concello ten que cumprir o seu compromiso de introducir nos pregos de condicións do concurso de adxudicación do servizo o custe salarial establecido durante a vixencia do convenio”.

O responsábel sindical valora moi positivamente o contido do acordo, tendo en conta que se incrementa o poder adquisitivo do persoal, se suman novos dereitos sociais e laborais e se reduce a xornada de traballo, “dando maior estabilidade a este centro de traballo”. Finalmente, quere deixar claro que as melloras laborais son consecuencia exclusivamente da acción sindical e da loita do persoal fronte á empresa e o Concello.

## Acordo sobre o convenio permite desconvocar a folga na recollido do lixo do Porriño

Incrementábase o poder adquisitivo do persoal, incorporáranse novos dereitos sociais e laborais e redúcese a xornada

### O Porriño

A asemblea de persoas traballadoras de Servizos dos Concellos Galegos, concesionaria da recollida do lixo e xestión do punto limpo do Concello do Porriño, ratificou onte o preacordo asinado entre a representación sindical da CIG e a empresa a respecto do convenio colectivo, de xeito que a folga prevista para os días 9, 10, 11 e 12 de xullo queda finalmente desconvocada.

O convenio pactado terá unha vixencia de catros anos (2026-2029), estable-

céndose unha suba salarial do 2,9% entre xaneiro e abril de 2026 para todas as categorías, mentres que de maio a decembro será do 3% para os peóns e do 3,5% para as de oficial condutor, mecánico e persoal administrativo. En 2027 o incremento será do 3,5% para os peóns e do 4,5% para as restantes; en 2028 a suba será do 5% para todas as categorías; e en 2029 do 7%, tamén para todas as categorías.

Tamén se incorporou unha cláusula de garantía salarial: no caso de que a

## Salceda estrea certame de DJ: Salceda 36470dB



### Salceda de Caselas

O vindeiro xoves 16 de xullo celebrárase na Praza do Concello a Fase Final do I Concurso de DJ Salceda 36470 dB. O evento contará con sete DJ en competición que loitarán por ser o primeiro gañador do certame.

Os participantes actuarán nunha discoteca móbil na Praza do Concello entre as 21.00 e as 01.00, onde terán que demostrar a súa destreza nunha sesión dun máximo de 20 minutos de duración. Trátase dun evento dirixido a público familiar, onde o xurado, formado por DJ salcedenses, valorará as-

pectos como a orixinalidade na escolla dos temas, a composición musical, a técnica, a posta en escena e a animación co público.

A Alcaldesa Loli Castiñeira salientou a alta participación recibida nesta primeira edición do certame, e que busca converterse nun escaparate para os novos DJ do noso concello e da contorna.

A fase final estará conducida polo Dj Ruben.gal, e nela participarán Amanix, Daybeatzz, Alfa, Colaci, Marco-niDJ, Dan-G e Ryac.

# RIVADA SEGUROS

Generales, vida e inversión

Estrada de O Porriño a Redondela, 153 (36415) MOS

Tlf. 986 33 74 81 / Fax: 986 33 94 12

seguros@rivadaseguros.com

cita: **986 34 09 95**  
**638 93 08 23**



**A&R PELUQUER@S**  
peluquería y estética

c/ pontevedra baixo 11  
salceda de caselas





## Presentación do novo número da revista de filosofía OPINO

**“Neste número da revista os rapaces ensínannos como ven eles o mundo”**

*Carlos Lago*, codirector da revista OPINO

O pasado 19 de Xuño no IES Pino Manso do Porriño presentouse un novo número da revista de filosofía Opino. Malia que é o número 4 da publicación, en realidade estamos ante a 5ª edición pois a revista naceu cun número 0.

Opino é realizada integramente polos alumnos e alumnas de 2º de bacharelato deste instituto do Porriño. A idea xorde da cabeza de Pedro Ocampo, profesor de filosofía do Pino Manso. Este mestre tiña o convencemento de que a tendencia a anatemizar a mocidade actual é inxusta e non se corresponde coa realidade, e propúxose amosar con feitos que se aos mozos e mozas se lle dan estímulos adecuados son tan capaces de construír un pensamento crítico e de participar activamente en proxectos colectivos como calquera outra xeración.

Esta idea, facer que os alumnos e alumnas fagan unha revista de filosofía en papel, que en principio podía parecer unha tolemia, deu como resultado que cada ano ducias de mozos e mozas colaboren na redacción dos textos que fan parte dos distintos números de Opino, e que cando se presenta a edición anual sexan arredor de 50 rapaces e rapazas as que acompañen a Pedro e a Juanca, o profesor de plástica que se incorporou na segunda edición da revista e que desde ese momento traballou cóbado a cóbado con Pedro para asesorar aos auténticos protagonistas de Opino: Os e as estudantes de 2º de bacharelato.

Na presentación deste 2026, Pedro non puido estar fisicamente cos seus alumnos e alumnas. Un problema de saúde fixo imposible que lles puidera acompañar. E a presentación converteuse nunha fermosa homenaxe á súa persoa. Tanto o profesor Juan Carlos Lago, como o alcalde Alejandro Lorenzo fixeron votos pola pronta recuperación de Pedro, e os seus alumnos e alumnas dedicáronlle un aplauso inmenso, tan cargado de sentimentos

afectivos que resultaba imposible non emocionarse. Eu que coñezo ben a Pedro, colaborou moitos anos escribindo artigos de opinión en ANP, e sei da súa profunda humanidade e brillante lucidez súpome a ese aplauso oceánico e tamén fago votos para podelo ver o antes posible preparando o próximo número da revista OPINO.

Velaí vai o resultado da miña conversa con Juan Carlos Lago o día da presentación da revista.



De esquerda a dereita Juanca, profesor, Joel, alumno, e Marcos, profesor.

*Antes de comezar, gustárame ter unha lembranza para Pedro, o outro codirector da revista, que non puido asistir por motivos de saúde. Quero expresar de parte de toda a redacción de ANP o noso recoñecemento ao seu traballo e o desexo unha pronta recuperación.*

Paréceme xusto e necesario. Pedro foi quen iniciou este proxecto e quen nos foi implicando a todos pouco a pouco. Nestes momentos non pode

estar connosco porque está enfermo. Estamos convencidos de que axiña estará recuperado e propoñendo xa novos números da revista.

*Que número é este de Opino?*

É a quinta edición da revista, aínda que figura como número 4 porque comezamos cun número 0.

*Pedro participou tamén na elaboración deste exemplar?*

Si. Non escribiu ningún artigo concreto, pero participou na coordina-

**BAR Maceira**

*Coñece as nosas instalacións e servizos*  
986 330 473 - 669778419  
Avda Sanguñeda, 101  
Mos

**O BRASEIRO DO LUCHO**

ESPECIALIDADE EN  
CHURRASCO E POLOS A BRASA  
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS.

COMIDA PARA LEVAR  
E A DOMICILIO  
HOXE COCINAMOS NOS!

TELF. 604 007 240 R/ Rafael Tilve Adrio, 8  
SALCEDA DE CASELAS

**CARNICERÍA TRANVÍA**  
CHARCUTERÍA

Peinador 81 - 36417 Mos  
Tel 986 487 947 - 646 907 230

Estrada das plantas S/N  
Tameiga

Corredoiira Olegario Rodríguez, 3  
Sanguñeda

**adoa**  
CENTROS DE XARDINERÍA

Creando natureza dende 1990

www.adoa.es

Campo, xardín, fogar



ción e no traballo co alumnado. Todo o material estaba preparado e o seu labor foi fundamental durante todo o proceso.

**Cal é o tema central da revista deste ano?**

Foron os propios rapaces e rapazas quen decidiron que a revista xirase arredor da súa xeración, a chamada Xeración Z. Foi un tema moi interesante porque nos permitiu coñecer mellor como ven eles o mundo e tamén comparar a súa realidade coa doutras xeracións, como a dos profesores que participan. Cada un fala da súa xeración e o contraste queda bonito.

**Que conclusións se poden extraer destes contastes xeracionais?**

A máis evidente é o enorme impacto da tecnoloxía. A vida dixital ocupa un espazo moi importante no día a día da mocidade actual, eles teñen case máis vida dixital que real. Tanto nos traballos realizados polo alumnado como nas reflexións do profesorado aparece esa idea dunha sociedade na que as relacións persoais cambiaron moito. O de xogar na rúa substituíuse por xogar na rede.

**Morreu o xogo na rúa?**

Si, completamente.

**En que aspectos se nota máis ese cambio?**

Os propios estudantes recoñecen que ás veces lles custa máis interactuar cara a cara. Por exemplo, algúns comentaban que lles resulta difícil pedir algo nun bar ou iniciar determinadas conversacións. Son situacións que antes eran máis habituais porque a relación social producíase principalmente na rúa e nos espazos compartidos.

**Cantas persoas participaron na elaboración da revista?**

Participaron máis de trinta alumnos e alumnas, ademais do profesorado colaborador.

**Nos últimos anos había unha**

**ampla maioría de rapazas que participaban na revista. Este ano foi igual?**

Este ano compensoouse un pouco, pero segue habendo máis alumnas que alumnos.

**Todos os anos había unha receptividade enorme do alumnado, mantense o interese polo proxecto?**

Si, sen dúbida. Todos os anos observamos unha gran aceptación. Na primeira reunión adoita encherse a aula de estudantes interesados en participar. É certo que despois, por cuestións de tempo ou carga de traballo, algúns van quedando polo camiño, pero o interese sempre se mantén alto.


**Que che di iso sobre a mocidade actual?**

Que cando se conta con eles e elas, responden. Se se lles ofrece un espazo para expresar opinións, desenvolver o pensamento crítico e participar en proxectos reais, implícanse moito. Ás veces existe unha visión moi negativa da mocidade que non se corresponde coa realidade que nós vemos cada día.

Tamén se di moitas veces que o alumnado de segundo de Bacharelato só pensa nas notas da PAU. Non é certo. De feito, moitos dos estudantes que participan na revista están entre os que obteñen mellores resultados académicos. Son persoas capaces de compatibilizar os estudos con outras actividades porque lles gusta facelas e consideran que tamén forman parte da súa formación.

**A revista conta con algún tipo de apoio económico por parte do Concello de Porriño?**

Si. Como todos os anos, contamos cunha colaboración institucional que nos permite financiar a impresión. Publicar arredor de douscentos exemplares supón un custo importante e sen esa axuda que nos dá o Concello sería moi difícil facelo posible.







Marco A. Santos Soto, Colectivo pro Palestino de Redondela

# A sentenza

opinión

**A** mensaxe que moitos cidadáns cren recibir do caso de Víctor de Aldama é demoledora: denunciar irregularidades pode custarache a carreira; colaborar coa xustiza despois de ser un delincuente confeso pode converterte nun actor clave do relato.

Mentres Ana Garrido ou Luis Gonzalo Segura son recordatorios do prezo que moitas veces pagan os denunciante, o delincuente e corruptor e corrupto Aldama alimenta unha sensación de agravio que a xustiza e a política non deberían ignorar.

A caricatura é brutal, pero explica o malestar social: se atraco un banco con tres colegas e, cando me convén, decido contar quen eran os outros, o cida-



Na xustiza pesa mais os crimes de esquerdas que as de dereita...a vista está (Presuntamente pero á vista está)

dán debe concluír que o negocio está en delatar a tempo e non en cumprir a lei desde o principio? Evidentemente non é así como funciona o dereito, pero esa é a percepción que moitos din ter.

Os tribunais aplican as leis, si, pero fano dentro dun sistema xudicial cada vez máis cuestionado pola súa falta de coherencia, pola súa lentitude crónica e por unha preocupante tendencia a

interpretar a realidade segundo quen sexa o acusado e non segundo a estrita igualdade ante a lei. A xudicatura, lonxe de ser ese espazo neutral que proclama, transmite con demasiada frecuencia a idea de corporativismo, de protección interna e de escasa autocrítica, especialmente cando os casos afectan a redes de poder político ou económico.

Non é menor tampouco a sensación de opacidade: resolucións difíciles de entender, criterios cambiantes e unha escasa rendición de contas alimentan a desconfianza. Cando a cidadanía percibe que a vara de medir non é a mesma para todos, a autoridade moral dos tribunais esvaece, por moito que as sentenzas sexan formalmente impecables.

Pero os partidos que aplauden determinados resultados deberían preguntarse que mensaxe transmiten. Porque cando o denunciante parece un inxenuo e o colaborador unha figura central da historia, non se fortalece a confianza nas institucións:ponse a proba.

E unha democracia que fai pensar aos cidadáns que a valentía de denunciar vale menos que a oportunidade de negociar despois, e que ademais observa unha xustiza incapaz de corrixir esa percepción con exemplaridade e transparencia, ten un problema político e moral que ningunha sentenza pode resolver por si soa.



## Encrucillado

Por Khan Dean

|   | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|----|
| A |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| B |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| C |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| D |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| E |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| F |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| G |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| H |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| I |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| K |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| L |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| M |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |
| N |   |   |   |   |   |   |   |   |   |    |    |    |    |

**HORIZONTAIS**

A -- NEURÓLOGO AUSTRIACO DE ORIXE XUDÍA, PAI DA PSICANÁLISE . B -- AVOGADO, ACTIVISTA CONTRA O APARTHEID, POLÍTICO E FILÁNTRORO SURAFRICANO QUE PRESIDIU O GOBERNO DO SEU PAÍS DE 1994 A 1999. C -- CONTRARIO DE BOA -- SENTÍN GRANDE AFECCIÓN POR ALGUÉN -- SÍMBOLO DO BORO. D -- QUE SENTEN LEDICIA -- SOBERANO DE PERSIA - PEDRA SAGRADA EN QUE SE CELEBRABAN AS OFRENDAS E OS SACRIFICIOS AOS DEUSES. E -- SER VIVO ORGÁNICO CON CAPACIDADE PARA MOVERSE E DOTADO DE SENSIBILIDADE - ENCONTRÁSESE NUN DETERMINADO LUGAR. F -- CURSO NATURAL E PERMANENTE DE AUGA DOCE, QUE FLÚE POR UN LEITO E QUE DESEMOCA NO MAR, NUN LAGO OU NOUTRO IGUAL -- PROCESO PROPIO DO GREGO TARDÍO, QUE CONSISTE NA REUNIÓN NO SON IOTA DE VARIAS VOGAIS OU DITONGOS DO GREGO CLÁSICO. G -- OCÉANO QUE SE ATOPA ENTRE O CONTINENTE EUROPEO E O AMERICANO -- VOGAL. H -- CONFUSIÓN E DESORDE ABSOLUTA -- SÍMBOLO DO ARGON -- CINCUENTA -- VOGAL -- CONSOANTE. I -- CONSOANTE -- PASARA DE DENTRO A FÓRA -- EN MÚSICA, ABBREVIATURA DE OPUS -- SÍMBOLO DO CURIE. K -- DOBLE VOGAL -- CELEBRAR CON RISA ALGO -- PEDRAS PRECIOSAS. L -- IDEA FIXA E CONSTANTE OU CÓSTUME RARO NO QUE SE PERSISTE -- NOME COLOQUIAL DO ÓRGANO DO APARELLO XENITAL MASCULINO QUE SERVE PARA COPULAR E MICCIONAR. M -- NOTA MUSICAL -- CONXUNCIÓN QUE UNE DOUS ELEMENTOS ENTRE OS QUE SE ESTABECE UNHA RELACIÓN DE COMPARACIÓN QUE PODE SER DE IGUALDADE, INFERIORIDADE OU SUPERIORIDADE -- SALIENTAR. N -- QUE ESTÁ SITUADO NO LESTE OU NO ORIENTE -- RÍO SUÍZO.

**VERTICAIS**

1 -- SÍMBOLO DO ESTAÑO -- CONCELLO DA COMARCA DE BERTANTINOS -- CADA UNHA DAS RELINGAS DE CAÍDA NAS VELAS REDONDAS. 2 -- XENTILICIO DE IEMEN -- FACER UN NÓ A UNHA CORDA. 3 -- PLANTAS ORNAMENTAIS DA FAMILIA DAS IRIDÁCEAS DE FOLLAS LONGAS E AGUZADAS EN FORMA DE ESPADA, CON RAÍZ EN FORMA DE BULBO E CON GRANDES FLORES FORMANDO UNHA ESPIGA, DO QUE EXISTEN DIVERSAS ESPECIES -- VOGAL -- SÍMBOLO DO IODO. 4 -- ESCLEROSE MÚLTIPLE -- O MANTRA E SON PRIMORDIAL DO HINDUÍSMO E OUTRAS RELIXIÓNS DHÁRMICAS -- PARTE DUN OBOXECTO, XERALMENTE EN FORMA DE ARCO, POLA CAL PODE SER COLLIDO -- SERVIZO DE INMIGRACIÓN E CONTROL DE ADUANAS DOS EEUU. 5 -- AXENCIA DE CERTIFICACIÓN KOSHER MÁIS GRANDE E RECOÑECIDA DO MUNDO -- MARCHEI FÓRA -- PERSOA QUE, RESPECTO DOUTRA, É FILLA DOS MESMOS PAÍS. 6 -- NINGÚN NOME -- XOGO DE AZAR NO QUE PARA GANAR TENEN QUE COINCIDIR UNHA SERIE DE NÚMEROS QUE SAEN POR SORTEO COS DUN DOS BILLETES NUMERADOS ADQUIRIDOS POLOS XOGADORES -- ABBREVIATURA DA TREONINA. 7 -- CANLE DE TELEVISIÓN BRITÁNICA QUE ESTÁ EN ABERTO EN ESPAÑA -- SOLTAR ALGO DA MAN, FACELO OU DEIXALO CAER -- DEUS DO SOL. 8 -- REPUTACIÓN, PRESTIXIO -- SÍMBOLO DO ACTINIO -- MEMBRANA EXTERNA QUE COBRE O CORPO DO SER HUMANO, DOS ANIMAIS VERTEBRADOS E MOITOS DOS INVERTEBRADOS. 9 -- RADIO NACIONAL ESPAÑOLA -- CIENCIA QUE ESTUDA AS RELACIÓNS QUE MANTENEN OS SERES VIVOS ENTRE SI E CO MEDIO EN QUE VIVEN. 10 -- INTERCAMBIO ELECTRÓNICO DE DATOS -- ADVERBIO DE AFIRMACIÓN -- BÓLA DE NÁCARA, REDONDA, DURA E BRILLANTE QUE SE FORMA NO INTERIOR DE CERTOS MOLUSCOS E SE EMPREGA PARA FACER XOIAS. 11 -- UNIÓN EUROPEA -- AXUDANTE TÉCNICO SANITARIO -- VOGAL -- EN FEMININO, QUE XA SUPERA A INFANCIA PERO AÍNDAA NON CHEGOU Á IDADE ADULTA. 12 -- SÍMBOLO DO DECILITRO -- CONXUNTO DE PÓLAS E FOLLAS QUE TEN UNHA PLANTA -- NON DICIR NADA. 13 -- INSTRUMENTO PARA DAR AIRE OU AVIVAR O LUME, FEITO DE PALLA OU VERGAS ENTRETECIDAS E PROVISIO DE MANGO -- POÑER O PÉ SOBRE ALGO OU ALGUÉN.

**VERTICAIS**

1 -- SN -- LARACHA -- LO. 2 -- IEMANITA -- ATAR. 3 -- GLADIOLAS -- E. 4 -- MS -- OM -- ASA -- ICE. 5 -- UO -- SÁIN -- IMAÑ. 6 -- NN -- LOTAR. 7 -- DMAX -- TIRAR. 8 -- RA. 9 -- PEL. 10 -- EDI -- SI -- PERLA. 11 -- UE -- ATS -- A -- MOZA. 12 -- DI -- RAMA -- CALAR. 13 -- BAVO -- PLSR.

**HORIZONTAIS**

A -- SIGMUND FREUD. B -- NELSON MANDELA. C -- MA -- AMEI -- B. D -- LEDOS -- XA -- ARA. E -- ANIMAL -- ESTÁN -- F. G -- RÍO -- IOTACIS. H -- CAOS -- AR -- L. I -- A -- P. J -- H -- SAIRA -- OP -- CI. K -- AA -- RIR -- XEMAS. L -- TEIMA -- PIROLA. M -- LA -- CA -- REALZAR. N -- ORIENTAL -- AAR.

**SOLUCIÓNS:**



# Hermes & Atenea

Nº165

XORNAL GALEGO DE CULTURA E DEPORTE

Xullo 2026 - 2€

## A PESCA E O MARISQUEO NA ENSEADA DE SAN SIMÓN ESMORECEN



Foto: José Durán

PAX.: II



# O FUNIL

· TRAGOS E BOCADOS ·

Pai Crespo, 46 - Redondela

f O FUNIL - TRAGOS E BOCADOS    i OFUNIL.TB    d OFUNIL.TB



## A situación do sector do marisqueo na enseada de San Simón

Ao longo da historia a enseada de San Simón foi unha inmensa fonte de riqueza para milleiros de persoas que se alimentaban do que producía, e que vivían da venda do marisco que extraían das súas praias e das súas augas.

Porén a situación actual do sector é enormemente grave. A enseada apenas produce, en consecuencia o número de mariscadoras baixou moitísimo, pois os ingresos que obtéñen polo seu traballo non son suficientes para poderen vivir con dignidade da mesma profesión da que viviron moitas xeracións anteriores.

Asemade o relevo xeracional é case inexistente. Ninguén quere enfocar a súa vida nunha profesión que non lle asegure poder vivir dela. Xa que logo non é moi difícil de concluír que: Se a produción de marisco descende substancialmente, e se non existe relevo xeracional para as poucas mariscadoras que aínda hoxe continúan a exercer a súa profesión o futuro do sector non pinta nada ben. Incluso podería ser que, se a administración non se implica o suficiente, non exista futuro.

Algúns datos que convén coñecer para facerse unha composición de lugar sobre a gravidade do problema:

-No 2009, cando o PP chega ao goberno da Xunta, había máis de 4.000 mariscadoras a pé en Galicia. Hoxe apenas quedan 2.000, moitas delas de idades xa preto da xubilación. O relevo xeracional case non existe

-Cando o PP chega á Xunta no 2009 as embarcacións de pesca de baixura superan as 5.000. Hoxe xa baixan de 4.000. Arredor de 1.000 embarcacións menos en 17 anos supón a perda dunha embarcación cada seis días.

O deterioro do sector é polo tanto evidente.

### Cales son as causas?

Probablemente o deterioro da enseada obedeza a unha combinación de factores: O cambio climático, baixa salinidade da auga, aumento da temperatura, auga doce, estruturas humanas( como por exemplo as escolleras) que desprazan as correntes, contaminación das augas, regulamentos estritos cando non absurdos, sobre explotación de recursos, a introdución dunha especie invasora como a ameixa xapónica( sobre esta última cuestión existen opinións de todo tipo, hai no sector quen considera que é un problema, e hai que considera todo o contrario, que é unha solución.....)

En calquera caso as cifras da propia Xunta indican que a caída da produción da ameixa autóctona, a ameixa babosa, nos últimos 25 anos supera o 75% con picos que incluso chegaron ao 85%, polo que a situación de colapso da ameixa propia de Galicia é máis que evidente.

### E as solucións?

Con eses números a administración competente, a Xunta de Galicia, non pode mirar a outro lado. Algo ten que estar a facer moi mal para que un sector tan importante, que ao longo de toda a súa historia deu de comer a milleiros de persoas, estea a esmorecer. É necesario que a Xunta poña dunha vez toda a carne no asador para facer un estudo rigoroso de cales son as causas que provocan a desfeita e poñer de inmediato enriba da mesa todos os recursos necesarios para tratar de reverter a situación.

Para coñecer o punto de vista das persoas directamente relacionadas co sector puxémonos en contacto coas 3 confrarías da enseada: Arcade, Redondela e Vilaboa, coa intención de entrevistar aos seus patróns e patroa maiores( Redondela) Agradecemos a Nisi, a patroa maior de Redondela e a Jesús, o patrón maior de Vilaboa a súa atención, e lamentamos profundamente que o patrón de Arcade fixera caso omiso aos nosos intentos de falar con el.

Contactamos tamén cun colectivo de mariscadoras de base de Redondela coas que foi un pracer conversar, e coñecer os seus puntos de vista sobre o sector.

Velaí van as nosas conversas con todos eles



Foto: José Durán



### Zapatería Candi

Reparación de calzado, cosido,  
afiados e complementos.  
Duplicado de chaves e mandos.  
Cerralleiro.

**Tlf: 639 07 54 56**

**candi@zapateriacandi.com**  
**www.zapateriacandi.com**

**R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA**  
**(Fronte ó despacho de butano).**



### ÓPTICA TRAVESÍA

ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA

**Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42**

**Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68**

# ☆ euronics

## REDONDELA

Telf.: 986 405 069  
Móvil: 620 89 41 41  
Ernestina Otero nº 26  
36800 Redondela (Pontevedra)  
e-mail: euronicsredondela@gmail.com



## «Estamos agonizando; a enseada de San Simón deixou de producir»

**Nisi Otero Amoedo**, patroa maior da Confraría de Redondela

Nisi é unha muller de Redondela que xa ten dúas décadas de experiencia nisto do marisqueo. Ela é a patroa maior da confraría de Redondela desde hai dous anos e unha voz autorizada para contarnos a súa opinión sobre o sector.

*Antes de falar da situación do sector, gustaríanos coñecer un pouco mellor. De onde es? A que te dedicas? E canto tempo levas vinculada á confraría?*

Son de Redondela de toda a vida, do barrio da Portela. Levo arredor de vinte anos como socia da confraría e de patroa maior levo dous anos. Son mariscadora de a pé.

*Como definirías a situación do marisqueo na enseada de San Simón?*

É unha situación desesperante, mesmo catastrófica. Non sabemos con certeza por que ocorre pero hai moitos factores que están influíndo e o certo é que os fondos da ría deixaron de producir. Estamos nunha situación moi preocupante porque un espazo que sempre foi moi produtivo agora practicamente non produce.

*Como se explica que un lugar como San Simón, historicamente tan rico para o marisqueo, chegase a esta situación?*

Supoñemos, e case poderíamos aseguralo, que é consecuencia da suma

de moitos factores. O cambio climático, a contaminación e outros factores ambientais como os temporais meteorolóxicos están impedindo que o mar produza como debería.

*Hai tamén factores políticos?*

Probablemente tamén, poderíase facer algo máis do que se fai.

*Como que, que se podería facer para mellorar a situación?*

Hai moitos estudos feitos sobre o que está a pasar e por que o mar non produce, de como afecta o substrato ou mudan as correntes mariñas, pero o primeiro que debería facer a Administración é realizar unha análise rigorosa das causas desta perda de produtividade. Unha vez que se coñezan todas esas causas, haberá que buscar solucións inmediatas, se son as depuradoras as que están contaminando, haberá que arranxalas, por exemplo. Agora mesmo estamos agonizando.

*Cantas mariscadoras a pé quedan actualmente na confraría de Redondela?*



Nisi Otero Amoedo

Cada vez menos. Agora mesmo seremos sobre sesenta, hai anos eramos moitas máis, cando eu entrei hai uns 20 anos eramos 352.

*Por que se produciu ese descenso de case un 90%?*

Porque non hai relevo xeracional. Cando este traballo xa non permite levar un soldo digno para a casa, é imposible atraer xente nova.

*Cal é a idade media das mariscadoras?*

É bastante elevada, de máis de cincuenta anos.

*Xa non se incorporan rapazas nin rapaces?*

Non. Practicamente non entra ningún, hai meses que non nos quedan nin 200€ libres para levar para casa. Iso significa que, se nada cambia, o oficio corre o risco de desaparecer.

*A introdución da ameixa xapónica que fixo a Xunta de Galicia, beneficiou*

*ou prexudicou o marisqueo?*

A ameixa xapónica é a que nos está salvando nestes últimos anos. O Berberecho desapareceu completamente pola marteilia no 2013 e non temos maneira de recuperalo.

*Entón é a ameixa xapónica a que sostén actualmente a actividade?*

Si. Da ameixa fina queda moi pouca e estamos intentando recuperala, a babosa desapareceu e estamos intentando recuperala polo que suspendemos a súa extracción durante máis dun ano e aumentamos as tallas mínimas para favorecer a súa reprodución.

*Hai quen sostén que a introdución da ameixa xapónica a partir do ano 2009, que está catalogada como especie invasora, puido contribuír á desaparición das especies autóctonas. Que opinas?*

Non está claro. Pode ser ou pode non ser, pero non hai evidencias concluí-

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE  
**NALLUA**

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462  
Tel. 986 401 394 - REDONDELA



**Temos os mellores peixes e mariscos**  
**Especialidade: Chocos na súa tinta**

Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela



986 40 09 72



tes ni ningún estudio que o certifique.

**Diciásme que as mariscadoras baixaron de 352 a 60. Coas embarcacións pasa o mesmo?**

Tamén baixou considerablemente, cando a xente se xubila non conta con relevo no mar. De máis de cen embarcacións, agora no pasan de vinte.

**Con estas cifras e esta media de idades, como ves o futuro do marisqueo na enseada de San Simón?**

A título persoal, penso que nunca volverá ser como antes se non se toman medidas urxentes, como patroa espero poder recuperar algo de actividade.

**Se mandarás ti na Xunta, que actuacións urxentes poñerías en marcha para tratar de salvar o sector?**

Hai moitos factores que están afectando ao ecosistema. Habería que mellorar o funcionamento das depuradoras, controlar todas as fontes de contamina-

ción, estudar con rigor a influencia dos depredadores como as ouxas que se comen a ameixa e analizar todos os elementos que poden estar condicionando a produtividade da ría e os nutrientes e controlar a situación das bateas. O importante é actuar con rigor.

**Como é a relación co Concello de Redondela?**

E bastante boa.

**Aínda hai motivos para a esperan-**

**za?**

Si, sempre que todas as administracións se impliquen de verdade. Se se investigan as causas e se toman medidas urxentes, aínda estamos a tempo de tomar medidas inmediatas para implicarse cun sector que o longo de tantos anos deu traballo a miles de mulleres da nosa área de influencia, podamos recuperar a produtividade da enseada de San Simón e seguir existindo.

## «A situación do marisqueo na enseada de San Simón é crítica»

**Jesús González**, patrón maior da Confraría de Vilaboa

Jesús é un mozo de Santa Cristina de Cobres, que malia que é novo en idade, só ten 37 anos, é xa un veterano traballador do mar. El é o patrón maior da confraría de Vilaboa e nós conversamos con el para coñecer a súa opinión sobre a situación do sector.

**Queremos coñecerte mellor, Jesús**

Son de aquí, do Concello de Vilaboa, concretamente de Santa Cristina de Cobres de toda a vida. Teño 37 anos. Cantos anos levas traballando no mar? Levo traballando no mar vinte anos, comecei moi neno.

**Viñas dunha tradición familiar mariñeira?**

Si. Meu pai xa traballaba no mar, o barco que teño era del, tamén meus avós xa traballaban na enseada.

**Desde cando es patrón maior da confraría?**

Desde hai moi pouco tempo, uns dous ou tres meses que se xubilou a patroa maior. En breves hai eleccións e acordamos en xunta xeral que cubrira eu o posto

ata que se celebren.

**Cando son as eleccións?**

Aínda non sabemos.

**Cando se convoquen novas eleccións, tes intención de presentarte Jesús?**

Se se compren certas casuísticas hai esa posibilidade, si.

**Cantas persoas forman actualmente a Confraría de Vilaboa?**

Aproximadamente uns cen socios contando os bateiros. No marisqueo a pé, son unhas 56 persoas, xente que traballa nas embarcacións, unhas 15 persoas.

**Como definirías a situación actual do marisqueo na enseada de San Simón?**

Crítica.

**Descendeu o número de mariscadoras que hai en Vilaboa nos últimos anos?**



Jesús González

Si. Hai xubilacións e algunha incapacidade permanente e baixas que se convocan esas prazas a través da Xunta e se cobren. Cando na asistencia técnica da confraría di que o recurso non dá para cubrir esa baixa, a praza xa non se convoca.

**Que quere dicir que non hai recurso?**

Quere dicir que non hai a suficiente ameixa para as prazas de mariscadoras. Agora mesmo temos o marisqueo parado porque o informe dá negativo. Imos fir-

mar un convenio coa Xunta para rexeneración dunha das praias e centrarnos en recuperar e rexenerar as praias.

**A rexeneración do marisqueo dáse de maneira axeitada, ou non?**

A flote non están saíndo ben as cousas. A pé temos demostrado con datos da confraría que pode funcionar.

**Que habería que facer para que funcione?**

Hai que facer limpeza, lavados, mover

**+ 34 667 709 495**  
**@PELUQUERIAGUAU**

**GUAU**  
SALÓN PELUQUERÍA CANINA

**C/ SALGUEIRAL Nº1  
BAJO 5 REDONDELA  
PONTEVEDRA 36800**

EL MEJOR CUIDADO  
PARA TUS MASCOTAS!



Bar da  
**Estación  
de tren de  
Redondela**

Visítanos!

Queremos que nosa  
casa sexa a túa

**TU AUTOESCUELA EN REDONDELA**



Paseo da Xunqueira, 39. B.j

**986 17 35 07**

**¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP  
SIEMPRE QUE LO NECESITES!**



TAMBIÉN  
**CLASES  
ONLINE**

A tu ritmo y desde  
donde tú quieras...





o terreo, sementar, isto é importantísimo. Estamos facendo estudos para comprobar que os depredadores son un alto causante da mortandade que hai, a parte da auga doce e riadas.

**Cal pensades que é o principal depredador da enseada?**

As ouxas, son as raias que teñen pinchos.

**Estas medidas que propós para xerar recursos son aplicadas pola Xunta de Galicia?**

Si, entran dentro do convenio que imos firmar coa Xunta, aínda que xa se facían antes. Neste convenio vaise facer vixilancia, rexeneración e limpeza.

Aínda queda berberecho na enseada?

Hai moi pouco, levamos anos cun problema coas crías que cando medran moren antes de chegar ao tamaño comercial.

**A introdución da ameixa xapónica ten algo que ver con este problema?**

Non, conviviron durante anos e antes non había problema.

**A presenza da ameixa xapónica, para ti, foi un problema para a ría ou non?**

Non, todo o contrario.

**Por que?**

Porque foi unha solución, vivimos grazas a ela moitas persoas do sector. Eu recordo a ameixa xapónica desde que son neno, non a considero unha especie invasora.

**Non acabou con outro tipo de especies autóctonas?**

Non, en épocas de bonanza había ameixa fina, berberecho e xapónica. Antes había de todo e agora non hai de nada.

**Comentabas que diminuíu o número de mariscadoras, pasa o mesmo coas embarcacións.**

Non, as embarcacións hai anos si tiveron baixón porque non se cubrían as prazas das persoas que se xubilaban, pero desde

hai un tempo isto xa non ocorre, mesmo temos máis embarcacións de xente que ven doutras confrarías ou xente nova que se une ao sector.

**Entón porque pensas que a situación da enseada é crítica?**

Porque unha cousa é a situación xeral da Ría de Vigo e outra moi distinta é a da enseada de San Simón. Na ría, en conxunto, a situación pode ser aceptable e podemos traballar en toda a ría, ábreanse uns bancos e péchanse outros. A zona na que se está traballando agora é a da Baiona, Cíes e Oia que parece que vai recuperando. Pero na enseada a situación é crítica. Acabamos de facer un rastreo e só se atopou unha Ameixa en tamaño comercial.

**Cal pensas que é o motivo de que na enseada haxa tan pouca ameixa e a situación sexa crítica?**

Non o sabemos. É unha mestura de va-

rios factores como depredadores, auga doce, mortandade, contaminación. Un cúmulo de circunstancias varias que fai que esta situación sexa tan crítica.

**Cal é a túa valoración de como é a relación coa Xunta de Galicia, como se porta con vós?**

Nin ben nin mal, pero podería facer máis.

**Que poderían facer mellor para que estiveras satisfeito?**

O que fai falta é investir máis para mellorar a situación. O recurso é deles, nós somos os beneficiarios aos que lle conceden os permisos para poder traballar. Si que non temos queixa no interese que poñen, mesmo a nova conselleira veunos visitar cando foi nomeada no cargo para interesarse por como está a situación, pero falta investimento.

**E a relación co Concello de Vilaboa?**

Boa. Hai colaboración e entendémonos ben.

## “Sentímonos abandonados pola Xunta”

**Ana Sotelino, Gloria Rivas e Seve Casal,** traballadoras e traballador de base na enseada de San Simón

Ana e Gloria son mariscadoras de a pé e Seve é mariñeiro e mariscador a flote, os tres son de Redondela e traballan na enseada de San Simón. Eles forman parte dun colectivo de turismo mariñeiro. Falamos con eles para coñecer a súa perspectiva sobre a situación do sector do marisqueo na nosa enseada.

**Que é e que fai a asociación que representades: Amarturmar?**

Somos mariscadoras e mariñeiros que a través dunha iniciativa da UE e da comunidade autónoma galega formamos unha asociación de turismo mariñeiro. E o que facemos é rutas para amosar á xente o traballo das mariscadoras e dos

mariñeiros para poder poñelo en valor.

**Pero seguides exercendo o marisqueo, verdade?**

Si, claro, esa é a nosa profesión. O que acontece é que o turismo mariñeiro só o pode exercer unha persoa que traballe no mar.

**Que diferenza hai entre o marisqueo**



de esqda a derta: Ana Sotelino, Seve Casal e Gloria Rivas

**a pé e o marisqueo a flote?**

É o mesmo agás que hai algunha espe-

**A ARTESA**  
OBRADOR SEN GLUTEN

611 953 419

instagram: a\_artesa\_sen\_gluten

Paseo da Xunqueira nº41 baixo - 36800 - Redondela

**PANADERIA**  
**Vila dos Viadutos**

886-297-047 621-060-313

Rúa Xeneral Rubin 23, 36800 Redondela

**PUB**  
**AQUEL ARRE**  
**REDONDELA**



cie que só se pode recoller a flote. Por outra parte as mariscadoras a pé só podemos traballar a contorna do concello ao que pertencemos mentres que os que van a flote poden ir pola ría de Vigo.

**Na enseada de San Simón que tipo de especies podemos coller?**

Xapónica, fina, berberecho, longueirón e poliqueto. Non hai máis.

**Cantas mariscadoras sodes agora?**

55. Hai 14 anos eramos 128. E chegou haber ata 300 mulleres mariscando, e si xa nos remontamos a hai moitísimos anos eran 1.000.

**Supoño que o voso traballo está regulado?**

Si, claro. Estamos rexidas por un plan de traballo da Xunta que determina unhas cotas de extracción. Nós temos que enviar todos os meses o noso plan de traballo á Xunta que cho ten que aceptar. Eles levan o baremo segundo as mostraxes que fagan en cada zona. As cotas de extracción que nos permiten son unha miseria para nós

**Cal é a causa de que na enseada haxa tan pouco marisco?**

A acidificación da auga é o factor principal. Pero tamén hai outras razóns: A temperatura da auga, a falta de sedimento, a falta de correntes, a auga doce, a suba da temperatura da auga, a contaminación, os megabuques que entran na ría... As consecuencias de todo iso son devastadoras para a nosa enseada, tanto é así que nós mercamos a semente pero unha vez sementada non vai arriba.

**Eu fai anos que non miro un croque. Como está a poboación de berberechos?**

Do berberecho case nos podemos ir

esquecendo. A esa especie entroulle unha bacteria, probablemente por mor de todas esas circunstancias que antes mencionamos.

**A situación do sector na enseada de San Simón é crítica?**

Non só na enseada, é crítica en toda Galicia. Todos os fondos de todas as Rías temos os mesmos problemas.

**Cal serían as solucións que, ao voso xuízo, se deberan de adoptar para tratar de reverter o problema de escaseza de marisco na enseada de San Simón?**

Son Augas de Galicia e Portos quen se deberan implicar en facer as actuacións necesarias para mellorar a situación da enseada. E non as fan porque non lle dá a gana. Para eles é máis importante o interese económico cá saúde do mar. Só vos pido que ollemos unha foto da praia de Cesantes de hai 20 anos e vexamos como está agora. Por que agora hai moita menos agora?... polas infraestruturas, moitas veces innecesarias, que fan, e máis que queren facer. Para nós sería moi importante que quiten arredor de 3 metros de escollera para que as correntes poida fluír.

Galicia é o único territorio que posúe as Rías, unha riqueza inmensa, pero parece que a todo o mundo lle dá igual.

**As mariscadoras tendes relevo xeracional?**

Non, non temos. Por moito que o trate de vender a Consellería do mar, o certo é que non o hai. E non o hai porque non temos ingresos suficientes.

**O marisqueo na enseada está vivindo os seus momentos finais?**

Agardemos que non, pero é necesario que a administración competente, a Xunta que é quen ten a competencia reverter a situación decontado.

**Sentídevos abandonados pola Xunta?**

Sentímonos abandonados pola administración, si. Non é que non contan con nós, é que nin sequera contan coa xente. De seguirmos así, chegará un momento en que en Redondela non haxa praia.

**Sodes rede natura, verdade?**

Si, pero non se está cumprindo.

**Por que?**

Porque non hai ningún tipo de control

sobre vertidos, fondeos, pesca....

**Que supuxo para vós o proxecto Mariscar Conciencias?**

Todo o que supoña pór en valor o noso traballo parécenos estupendo. Este proxecto nace da idea da colaboración entre mundos distintos, administración ciencia e arte, para tratar de mellorar a situación da enseada de San Simón. E nós temos moi claro que se se consegue, só pode ser a través da colaboración.

## O PP de Redondela propón a construción dunha gran infraestrutura cultural na Marisma con auditorio, un museo, biblioteca, conservatorio, Casa da Xuventude e locais sociais

Javier Bas presentou esta iniciativa, que se formalizará a través dunha moción no pleno, para dotar á vila dun gran espazo cultural, artístico, musical, xuvenil e veciñal e dar cabida ás moitas iniciativas do concello nunha contorna de 5.000 m<sup>2</sup>

“Esta proposta, que dá continuidade as que fixemos en 2019 e 2023, pretende frear o concepto de museo do goberno local que cercenaría toda esta zona e integralo nun proxecto ambicioso que nos dote de auditorio e de instalacións moi necesarias”, manifestou o voceiro

### Redondela

O grupo municipal do PP de Redondela presentou hoxe na súa sede unha proposta para a construción dunha gran infraestrutura sociocultural na zona da Marisma que permita dar un salto cualitativo nesta materia e atender as moitas necesidades dos veciños cun complexo de edificios inter-

conectados que incluíría un auditorio de grandes dimensións, un espazo museístico, unha biblioteca, un novo conservatorio, a Casa da Xuventude e locais para as asociacións, así como un espazo exterior que complementaría todos estes recintos.

O voceiro municipal, Javier Bas,



# SANCHEZ ALVAREZ S.L.



OFICINA Y ALMACÉN:  
FCA. VALONGO/BARRIO ALÉN, S/N  
CEPEDA-PAZOS DE BORBÉN

COORDENADAS GPS 42.271587, -8.566229

- EXCAVACIONES
- MADERAS
- DERRIBOS
- RECICLAJE
- G. DE RESIDUOS
- R.E.R.A.

TELEF. 986 45 22 00

MÓVIL: 639 81 06 20

administracion@sanchezalvarez.com

www.sanchezalvarez.com



acompañado por gran parte dos concelleiros do grupo municipal, presentou esta mañá esta iniciativa na sede do PP e anunciou que a mesma, “aínda que xurde do noso partido pertence a todo o pobo de Redondela”, polo que vaise formalizar a través dunha moción no próximo pleno.

“Cremos que é unha

gran idea, porque é ambiciosa e responde ás necesidades dos veciños, polo que imos tenderlle a man a todos os grupos para sacala adiante entre todos pensando en grande”, manifestou.

O concelleiro popular explicou que esta iniciativa dá continuidade á proposta de Barrio das Artes e da Cultura que o PP presentou co gallo das eleccións municipais de 2019 e 2023 e a intención era reiterala para os próximos comicios de 2027, pero aclarou que houbo que adiantala ante a intención do executivo socialista de cercenar toda esta contorna cun único edificio para un museo. De feito, na moción do PP solicítase tamén a paralización desta iniciativa para integrala “no corazón deste proxecto máis amplo e completo”.

“Redondela afronta un momento decisivo para dotarse das infraestruturas

culturais que merece e cremos que toda a zona da Marisma non pode hipotecarse para sempre cun só edificio cando ten moitas máis posibilidades”,

explicou Bas, que aclarou que ese é o motivo do rexeitamento do PP á actual

proposta do goberno local.

Javier Bas concretou que o ámbito da Marisma dispón dunha superficie máis que suficiente con 5.000 m2 para



Javier Bas presentando o proxecto

albergar todas estas infraestruturas máis que necesarias, “posto que non temos auditorio, somos o único concello da provincia con máis de 20.000 habitantes sen el e as 280 butacas do multiusos son insuficientes, o conservatorio cae a cachos, precisamos dunha biblioteca moderna e queremos dotar de espazos á mocidade e ás asociacións”.

“Moitos concellos teñen unha infraestrutura e continentes culturais fantásticos, pero están absolutamente baleiros de contido. En Redondela temos a sorte de que somos unha referencia cultural, artística e musical cun espectro artístico, unha mocidade e uns colectivos moi implicados, polo que, dado que temos o contido, cremos que chegou o momento de darlles o continente, as instalacións que merecen para que poidan dinamizar aínda máis o noso concello, concluíu

## O BNG elixe a Xoán Carlos González como candidato á alcaldía de Redondela para as próximas municipais

Xoán Carlos González, “Estou convencido que imos liderara o vindeiro goberno municipal para dar un novo impulso a Redondela”



Xoan Carlos González

### Redondela

O Bloque Nacionalista Galego de Redondela anunciou hoxe de xeito oficial a elección de Xoán Carlos González

como o cabeza de lista e candidato á alcaldía para as vindeiras eleccións municipais do ano 2027. A decisión foi referendada pola asemblea local da formación, nun proceso que destaca pola unidade e a ilusión de cara a ofrecer “unha alternativa real de goberno e un impulso transformador” para sacar a Redondela da parálise imposta por Digna Rivas.

Dende o BNG salientan que Xoán Carlos González representa a experiencia, solvencia e o compromiso firme coas demandas dos veciños e veciñas de Redondela. Coa súa elección, a formación quere consolidar un proxecto político que sairá a gañar as próximas eleccións municipais.

*Dende 1962 ó seu servizo*

**CONFITERIA**

**Fila**

**PASTELERIA ARTESANA**

Casto Sampedro, 4  
Teléfono 986 401 718  
**REDONDELA (Pontevedra)**

ODONTOLOGÍA INTEGRAL

**NOVAODONTO**

**“A TÚA SAÚDE DENTAL, A NOSA RAZÓN DE SER”**

ORTODONCIA - BLANQUEAMIENTO - LIMPIEZA  
IMPLANTES - PRÓTESIS - ENDODONCIA  
TRATAMIENTO - ESTÉTICA DENTAL

¡AGENDA TU CITA! ☎ **660 509 181**

📍 Av. Ernestina Otero 45, Redondela 📱 @novaodontoredondela

*Ramos de flores personalizados*  
*Eventos y defunciones*  
*Entregas a domicilio*

**A & M Flores**

Tel: 622 614 006 - 646 030 005  
**Rúa Telmo Benardez, 2**  
(Redondela)

Facebook: Flores AyM  
Instagram: floresam4954



“Asumo esta designación con toda a ilusión e a firme determinación de traballar para converternos na forza que lidere o próximo goberno municipal de Redondela”. Foron as primeiras palabras que dirixiu á Asemblea Local, o xa candidato nacionalista Xoán Carlos González.

Na súa alocución insistiu en que “as nosas propostas na defensa dos intereses dos e das redondelás convírtense no mellor aval para presentarnos como verdadeira alternativa”, referíndose as diversas alcaldías de Partido Socialista e Partido Popular.

“Frente á resignación que demostran as outras forzas no BNG acreditamos nas capacidades de Redondela para mellorar dende o goberno a calidade

de vida dos nosos veciños e veciñas”, afirmou noutro momento da súa intervención.

Rematou invitando a todos e todas a participar neste proxecto ilusionante no que a vivenda, os servizos públicos, o benestar social, a conectividade entre as parroquias e apuntalando as dinámicas culturais e socias converteríanse en piares da acción de goberno. “Imos aglutinar ao mellor grupo para presentar a mellor candidatura”.

Nas vindeiras semanas, o BNG de Redondela iniciará unha rolda de encontros con colectivos sociais, veciñais e económicos do concello para elaborar unha alternativa aberta e participativa, deseñada por e para Redondela.

novas cunetas, entubados para evitar acumulacións de auga, o ensanche da plataforma nos puntos onde é posible e a construción de muros de mampostería para reforzar a estabilidade da estrada.

Ademais, substituiríanse e ampliaríanse as biondas de protección, instalaríanse reductores de velocidade coa correspondente sinalización, adecuaríanse o cruzamento co Camiño de Santiago mediante pavimento de adoquín de granito, renovaríanse as marcas viarias, repoñeríanse tapas de rexistro e executaríanse diferentes actuacións de conservación e limpeza de cunetas e noiros.

A alcaldesa de Redondela, Digna Rivas, destacou que “estamos a falar dunha actuación estratéxica para Trasmañó e para toda esta contorna. É unha estrada moi utilizada cada día por centos de veciños e veciñas e que necesitaba unha intervención integral. Con este investimento de preto de

400.000 euros damos resposta a unha demanda histórica, mellorando a seguridade, a mobilidade e a calidade dunha infraestrutura esencial para comunicar Trasmañó, Cabanas e outras parroquias próximas”.

Rivas engadiu que “seguimos demostrando que este Goberno municipal transforma as demandas da veciñanza en proxectos e investimentos reais, priorizando aquelas actuacións que melloran o día a día das persoas e que contribúen a un concello máis seguro e mellor comunicado”.

Pola súa banda, o concelleiro de Infraestruturas, Roberto Villar, subliñou que “o proxecto non consiste unicamente en botar un novo firme, senón que supón unha renovación integral da estrada, solucionando problemas históricos de drenaxe, reforzando a seguridade viaria e actuando sobre todos aqueles elementos que permitirán prolongar a vida útil desta infraestrutura durante moitos anos”.

## Redondela impulsa un investimento de preto de 400.000 euros para a mellora integral da Subida a Trasmañó e da Estrada da Autopista

### Redondela

O Concello de Redondela continúa avanzando na mellora das infraestruturas viarias do municipio cun investimento próximo aos 400.000 euros para a renovación integral da Subida a Trasmañó e da Estrada da Autopista, unha actuación moi demandada pola veciñanza e fundamental para mellorar a seguridade e a mobilidade nesta zona do municipio.

O proxecto divídese en dúas fases. A primeira, financiada con cargo ao remanente municipal, conta cun investimento de 137.898,39 euros e xa se atopa en proceso de licitación, permanecendo aberto o prazo de presentación de ofertas ata o vindeiro 13 de

xullo.

A segunda fase, cun investimento aproximado de 264.000 euros, será financiada a través do Plan Máis Provincia da Deputación de Pontevedra. Na actualidade está pendente da concesión definitiva da subvención e da autorización de Patrimonio da Xunta de Galicia, último trámite necesario para proceder á súa licitación.

En conxunto, ambas actuacións permitirán renovar preto de 1,4 quilómetros de vial, actuando sobre unha superficie de máis de 8.800 metros cadrados. Os traballos inclúen a pavimentación con aglomerado asfáltico en quente, a mellora integral da drenaxe mediante

## O Grupo Casa Paco 81 busca xogador@s



Aínda que os cadetes dos de Manolo Conde xa están mans a obra no Mundialito da Xunqueira, está aberta a inscrición dos nados a partir do 2023 para participar co Casa Paco 81 tanto no Mundialito como na liga federada de Vigo, dende estas páxinas animamos a os máis pequenos a porñerse en contacto con Pedro, coordinadoe do Grupo no teléfono [663 507 292](tel:663507292). Deporte, amizade e soliedariedade outro ano máis. Sorte a tod@s





# SÓN GALIZA

## O podcast Onda Torrella pon a Redondela no máis alto do país

**“Mentres nos sigamos divertindo, Onda Torrella, seguirá navegando polo corazón de Redondela”**

*Alicia Tizón e Fon De Con (Afonso)*

**Como nace Onda Torrella?**

Sempre quixen, di Fon, facer algo na radio de Redondela relacionado co noso pobo. Alicia comezou de convidada e ambos encaixamos moi ben.. Parecemos Heidi e o seu avo

**Ha, ha, ha, ha...E a cousa foi funcionando?**

Pois si, comezou a funcionar moi ben e decidimos convidar a xente de todo tipo, desde persoas moi novas ata xente moi maior.

**Como seleccionades aos convidados e convidadas?**

Ben, pois aquí teño que dicir, fala Alicia, que as persoas do universo cultural de Redondela tráenas fundamentalmente Fon. E a min sèrve-me para aprender e para ir coñecendo o amplo tecido social e cultural da Vila, grazas á súa experiencia.

A idea, di Fon, é mesturar a distintas xeracións.

**Todo o mundo ten algo que contar?**

Si, indiscutiblemente si. Todas as per soas teñen historias interesantes

para contar.

**Artellades as conversas arredor de media ducia de cancións?**

Pois si. Que hai máis bonito que a musica para acompañar ás historias persoais da xente?.

**Nada, sen dúbida mesturar a música coas emocións íntimas dos convidados é unha combinación imbatible para construír escenarios de comodidade para as persoas entrevistadas..**

E tanto que si. De feito nalgunha das conversas os convidados tiveron a xentileza de facermos escoitar en exclusiva por vez primeira algún dos seus discos.

**Preguntades aos convidados o motivo de traer esas seis cancións?**

Si, claro, A nós interésannos as persoas. E queremos axudar a trasladar ese interese aos ouvintes. A música é unha ferramenta preciosa para enganchar coas súas emocións.

**Contádeme algunha historia musical que vos chegara especialmente?**

Pois entrevistando a un mestre de



Afonso Conde e Alicia Tizón. Foto cortesía de Quino Vilas

Redondela explicounos a historia dun DJ que pinchaba cancións para

DESDE 1925



## A Tenda da Loura

PRODUTOS TRADICIONAIS

VIÑOS - IBÉRICOS - BACALLAO - PORCO - LÁCTEOS - CÁRNICOS  
CONSERVAS - LEGUMES - LICORES - PAN DE MERZA E PAN DE PANDARÁN



PAI CRESPO, 62 - REDONDELA  
986 400 460 - atendadaloura@hotmail.es



## Bullo Mediación

MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960  
Agencia Exclusiva AXA

Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela  
Tfno.: 986 400 842 604 00 33 46  
bullomediacion@agencia.axa.es

## Floristería Candela

Decoración de todo tipo de eventos  
Bodas - Bautizos - Comuniones  
Reuniones de empresa - etc  
Centros funerarios y cementerios

Cria Redondela-Painador, 19  
Vilar de Infesta (Redondela)  
986 498 876  
666 882 758  
floristeriacandela@gmail.com  
Floristería Candela  
@FloristCandela



## Pizzería Bos Aires

Xeneral Rubín, 19  
Redondela

Telf. 986 11 50 44





animar aos operarios que estaban a limpar Chernóbil despois do accidente nuclear. Artellamos o programa arredor dalgunha das cancións que pinchaba.

*Xa levades tres temporadas. Tedes colaboradores habituais?*

Si, si que temos:

Nacho Jazz, Juan Rock, Valeria Pop, Pablo Rap..

*Recibistes un premio en Fene. Teño que darvos os parabéns e dicirvos que como redondelán e fan de Radio Redondela estou moi orgulloso*

Moitas grazas Marcos. Si, foi no segundo concurso de podcast galegos que organiza a asociación de radios municipais. Déronnos un premio, ao noso podcast, no apartado de mellor deseño sonoro e a verdade fíxonos unha ilusión enorme. Que alguén recoñeza o teu traballo sempre é moi gratificante.

*Daremos o paso ao vídeo podcast?*

Todo ao seu tempo. En Radio Redondela necesitabamos algunha persoa máis. Temos unha carga de traballo elevadísima. Agardamos que este premio sirva de catalizador para poder dotar a Radio Redondela de máis medios, porque hai un potencial de crecemento importante.

*Que cambiou estes anos en Onda Torrella?*

Todo cambiou moito. Basicamente fomos adquirindo máis experiencia que nos permite desenvolvernos con maior solvencia. Gañamos moito en complicidade e confianza mutua. O que máis satisfacción nos dá é que os convidados saian das conversas moi satisfeitos.

*Hai algún aspecto do podcast que sexa innegociable?*

Si, claro que o hai. Por exemplo: O feminismo, a memoria histórica, a liberdade para Palestina.....

*Canto tempo lle queda a Onda Torrella?*

Mentres nos sigamos divertindo con isto Onda Torrella seguirá navegando polo corazón de Redondela . Temos moitas ideas, novas seccións preparadas e toneladas de ilusión que agardamos compartir cos e coas ouvintes durante moito tempo.

AER cualifica de despropósito inxustificable o gasto público do concello na Feira de Abril

A carpa instalada para este evento tivo un custe de 4.000 euros, que incomprensiblemente saen da partida de Servizos Sociais dedicada ás persoas maiores.

A este custo hai que engadir o do persoal municipal que foi destinado á limpeza do interior da carpa, á colocación de valados e aos cadros eléctricos.

Lonxe de rectificar, a alcaldesa a micro aberto afirma que se pretende repetir en 2027.

Redondela

Na carteleira do evento figuraba que era financiado pola Deputación de Pontevedra, algo que a institución provincial tamén terá que explicar, pero á veciñanza de Redondela esta ocorrencia non lle saíu gratis. Tal e como recoñeceu publicamente a alcaldesa Digna Rivas, o Concello asumiu o custo da carpa instalada no campo da feira, 4.000 euros, aos que habería que engadir o custo do persoal municipal para a instalación de valados, cadros eléctricos e mesmo o consumo de electricidade.

AER denuncia o despropósito inxustificable de dunha actividade totalmente fóra de lugar en Redondela, sen tradición, sen arraigamento, e en absoluto demandado pola veciñanza. A polémica deste evento xa comezou cando hai dez días aparecía en redes sociais o cartaz do evento, un ridículo deseño feito con IA que indignou a unha gran parte da veciñanza. Houbo protestas do comercio pola perda de estacionamento no

campo da feira durante case unha semana, asociacións culturais e colectivos sociais que se sumaron á protesta por un acto que nada ten que ver coa identidade de Redondela.

Esta situación provocou malestar no tecido veciñal estes días atrás e continua causando polémica. Un fracaso absoluto no que o Concello de Redondela non tería que ter colaborado nin permitido a súa celebración, pois é inxustificable restrinxir aparcamento prexudicando o comercio local por mor dun capricho da Alcaldesa, unha capricho que paga toda a veciñanza.

Posible maltrato animal



En plena alerta vermella de calor, remolques con cabalos a pleno sol aparcados no arcén da gasoleira de Santa Mariña: Máis alá da falta de sensibilidade cos animais por parte dos organizadores e colaboradores deste evento, hai que lembrar que en Redondela existe unha ordenanza municipal que prohíbe o uso de animais en espectáculos públicos.

Responsabilidade da Alcaldesa Digna Rivas

Dende AER solicitamos á alcaldesa de Redondela explicacións públicas que xustifiquen a colaboración económica neste fracaso anunciado, ou do contrario que depure responsabilidades, consideramos que a veciñanza de Redondela non se merece este tipo de xestión.

En AER consideramos que non pode aparecer calquera perosa ou organización pola porta da Alcaldesa es esta que diga que si a todo: a Feira de Abril é a gota que colma o vaso. O gasto público en festas estase facendo sen control mentres hai concellerías que estiveron dende febreiro a xuño sen apenas liquidez.

O gasto en festas non para, con espectáculos de case 20.000€ nas festas do Choco e da Coca, polo contrario os servizos públicos de obras, limpeza, parques, xardíns, áreas naturais... entre outros, estiveron case 4 meses sen poder adquirir materiais para prestar servizos á veciñanza, nin reparar os vehículos municipais, algúns deles parados no taller máis de 60 días.







F.J. Waidele, xubilado

## O progreso que nos prometeron

opinión

**N**on quero falar das guerras concretas que ocupan os titulares de hoxe. Non quero entrar na discusión sobre quen ten razón, quen mente ou quen gaña. Tampouco quero situarme detrás dunha bandeira ou dunha ideoloxía determinada. Hai debates que, de tanto repetirse, acaban ocultando a pregunta máis importante: que está a pasar coa humanidade que estamos construíndo?

Levamos séculos escoitando falar de progreso. A palabra converteuse nunha especie de relixión moderna. Din que progresar é avanzar, medrar, desenvolvernos. E, sen dúbida, moitas cousas melloraron. A ciencia permitiu combater enfermidades que antes eran unha sentenza de morte. A tecnoloxía reduciu distancias e facilitou tarefas que para xeracións anteriores eran impensables. O acceso ao coñecemento ampliouse ata límites nunca vistos.

Porén, cando observamos a realidade con atención, aparece unha contradición difícil de ignorar. Nunca tivemos tantos recursos, tanta capacidade produtiva e tanto coñecemento acumulado. E, con todo, continúan existindo a fame, a pobreza, a explotación, a violencia e a desigualdade. O mundo produce riqueza suficiente para garantir unha vida digna para todos, pero millóns de persoas seguen quedando atrás.

A cuestión non é se avanzamos tecnoloxicamente. Iso é evidente. A cuestión é se avanzamos humanamente na mesma medida.

A historia da humanidade adoita presentarse como unha liña ascendente cara a un futuro mellor. Pero a historia real é moito máis complexa. Está chea

de conquistas sociais e tamén de retrocesos. Está chea de logros extraordinarios e de traxedias que se repetiron unha e outra vez. As guerras, as persecucións, as ditaduras e as formas de opresión cambiaron de aspecto, pero non desapareceron.

Moitas veces repetimos que a historia serve para aprender dos erros do pasado. Mais a experiencia demostra que lembrar non sempre significa comprender. Os nomes cambian, as circunstancias cambian e as tecnoloxías cambian, pero os mecanismos do poder adoitan conservar a mesma lóxica: a concentración da riqueza, a procura da dominación e a utilización do medo como instrumento de control.

Quizais por iso sexa necesario cuestionar algunhas das ideas que aceptamos como naturais. Unha delas é a identificación automática entre progreso e crecemento económico. Durante décadas ensináronnos que unha sociedade progresa cando produce máis, cando consume máis e cando aumenta os seus beneficios. Os gobernos celebran os datos económicos como se fosen a medida definitiva do éxito colectivo.

Pero unha sociedade non é unha empresa. Un país non debería medirse unicamente polo valor do que produce, senón pola forma en que viven as persoas que o habitan. O crecemento económico pode ser importante, pero perde o seu sentido cando non se traduce en benestar colectivo, cando non reduce as desigualdades ou cando destrúe os recursos que necesitarán as xeracións futuras. Aquí aparece unha das grandes contradicións do noso tempo. Vivimos nunha época que promete liberdade indivi-

dual, pero na que moitas persoas teñen cada vez menos control sobre as súas vidas. O emprego faise máis precario, o acceso á vivenda resulta máis difícil para amplas capas da poboación e a inseguridade económica convértese nunha preocupación permanente. Mentres tanto, unha pequena minoría acumula niveis de riqueza e influencia que hai poucas décadas parecerían inimaxinables.

Non se trata de demonizar o éxito nin o progreso material. O problema aparece cando a acumulación se converte nun fin en si mesmo e cando o valor das persoas se mide exclusivamente pola súa capacidade para producir ou consumir. A filosofía leva séculos formulando preguntas que seguen plenamente vixentes. Que significa vivir ben? Que é unha sociedade xusta? Cal debe ser a relación entre liberdade e igualdade? Que responsabilidades temos uns cos outros? Son cuestións antigas, pero continúan sen unha resposta definitiva.

Tal vez o erro da nosa época sexa pensar que os problemas humanos poden resolverse exclusivamente mediante solucións técnicas. Cremos que cada dificultade atopará unha resposta nunha nova aplicación, nun algoritmo máis eficiente ou nunha innovación futura. Pero a tecnoloxía pode ofrecer ferramentas; non pode substituír os valores.

Un teléfono máis avanzado non nos fai máis solidarios. Un ordenador máis potente non nos fai máis xustos. A información por si soa non produce conciencia crítica. O coñecemento só se converte en progreso humano cando vai acompañado de responsabilidade ética e compromiso social.

Por iso resulta necesario recuperar unha idea que parece esquecida: o progreso non debería medirse só polo que somos capaces de facer, senón tamén polo que somos capaces de evitar. Unha sociedade avanzada non é só aquela que constrúe grandes infraestruturas ou desenvolve tecnoloxías sofisticadas. É tamén aquela que consegue reducir o sufrimento, protexer aos máis vulnerables e garantir condicións dignas para a maioría.

Quizais a verdadeira cuestión non sexa quen gaña as guerras, quen domina os mercados ou quen controla os recursos. Quizais a cuestión sexa que tipo de seres humanos estamos formando e que modelo de convivencia estamos deixando ás xeracións futuras.

Porque, ao final, a historia non será lembrada polas máquinas que construímos nin pola velocidade das nosas comunicacións. Será lembrada pola forma en que tratamos aos demais, pola capacidade para compartir o mundo que habitamos e pola vontade de construír unha sociedade máis libre, máis xusta e máis humana.

E aí reside a gran pregunta do noso tempo. Despois de tantos séculos de civilización, de tantas revolucións, de tantos avances científicos e de tantas promesas de progreso, aprendemos realmente a vivir mellor xuntos ou simplemente aprendemos a facer máis sofisticadas as nosas vellas contradicións?

Ata que non sexamos capaces de responder con honestidade a esa pregunta, seguiremos confundindo progreso con movemento e avance con dirección. E non todo camiño que avanza conduce necesariamente a un lugar mellor.

RESTAURANTE

**A Chabola**

Telf.: 986 45 31 48 Cacharela, 38 Teis  
www.a chabola.es Vigo-Praia arealonga

**BAR O CRUCEIRO**

SELLADO DE APUESTAS

Os venres pulpeiro

C/ Avenida de Vigo, 8 - Chapela - Redondela

**NEUMATICOS RONI**

MECÁNICA EN GENERAL

Neumáticos  
Suspensión  
Distribución  
Embragues  
Aceite  
Filtros

Diagnosis  
Frenos  
Baterías  
PRE ITV

Av. Redondela, 12 - 36320  
Chapela - Redondela - Pontevedra  
neumaticosroni@hotmail.com

T.: 886 091 861  
M.: 627 749 678

**eikí**

Cafetería-Pizzería

pizzas artesanas  
becatas • desayunos • cafés

Avda. de Redondela, 31 - Chapela





## O teatro comunitario de Redondela pon en escena "ARDE WOKE"

Fran "Larri", traballador precario

opinión

**A**s postas en escena do Teatro Comunitario de Redondela veñen sendo concibidas para asistir a algo excepcional. Sen embargo, ás dúas funcións da obra "Arde Woke", representadas o 13 e 14 de xuño, derrotaron ao feito de asistir para vencelo cunha comunión colectiva, mellor aínda, comunal. Cun teatro feito por e para a comunidade, pulverizouse a barreira que separa público de escenario coa maxia á que aspira a arte en vivo.

Bebemos o segredo de Eleusis en finas copas de Bohemia e esperpento no medio dun lume que o arrasou todo. Quizais este podería ser o spoiler da obra, o espertar, o xogo.

Como a lectura de Esquilo, o pai da traxedia, a maxia resulta incluso máis esclarecedora e auténtica cando se pecha o libro con frecuencia, é dicir cando Arde Woke regresa ao pensamento. Cando Esquilo escribiu ás súas traxedias, ninguén pode sabelo, quizais lera unhas pequenas

táboas con algún monólogo da recén estreada traxedia de Frínico, algunha reflexión de Téspis, posiblemente sabíase de memoria Homero. E eso era todo, o resto tiña que ser creado. Si, nese vacío existía un poema sumerio-acadio sobre o medo á morte dun tal Gilgamesh, pero sobre todo a tradición oral e os ritos, o mortuorio en primeiro término, e o nupcial. Como defende Kadaré, o gran escritor albanés, estes ritos "constituíronse na primeira escola de educación estética. A alegría, o arrepentimento, o pesar, o rapto da noiva, a exaltación, a vinganza polo morto, o furor, estaban todos alí, reunidos nunha reducida superficie, case un escenario...nun ambiente cargado de turbación, de ebriedade, de drama". Non é de estrañar que a Esquilo se lle acusara de revelar os segredos de Eleusis, onde naceu, do mesmo xeito que Arde Woke esperpentiza á falsidade da actual sociedade do espectáculo capitalista na cancelación woke.

Polo contrario, a aquelas raves sa-

gradas que foron as festas dionisiacas, non lles resultou difícil que as proclamaran nais da traxedia polo que tiñan en común coas súas fillas, as comedias musicais.

Nietzsche, ese reputado inconformista, aínda que recoñecera que toda arte nace antes que nada do sufrimento, non soubo captar o desaforo de que a orixe dionisiaca conduza a arte festiva, separada solo un paso da arte oficial, é dicir, do conformismo extremo. Este desmán tamén o esperpentiza Arde Woke, seguindo a inspiración en Luces de Bohemia que é recoñecida ao principio da representación, cando aínda era posible que algún móbil indesexado puidera soar en enemistade coa revelación eleusiana/extática na que nos introducía Artemisa, a portadora do facho eleusiano, recitando a Ruben Darío.

Pero deixemos o intento de descifrar os segredos eleusianos e aceptemos o inconformismo Nietzscheano, a categorización en arte dionisiaco, o extático e guiado pola paixón, e arte

apolíneo, o que aspira a beleza e ao sublime. Do mesmo xeito que no mural de DaVinci "A derradeira cea", o apolíneo en Arde Woke tamén está representado pola traizón e os movementos da alma e tecnicamente co punto de vista da iluminación, integrando as sombras e escuridade onírica da obra de Valle.

Coa fidelidade á substancia teatral, a traxedia, incluso ás súas danzas e coro, e a xenialidade do esperpento de Valle-Inclán, Arde Woke revélanos outro vacío, o do Almorzo Espido do exterminador da palabra, William Burroughs. Como dixo Kerouac "O Almorzo Espido representa un instante xeado no que todos ven o que hai na punta dos seus garfos", a crueza, a paranoia e a revelación que ocorre ao enfrontar a realidade sen ningún tipo de filtro, como a visión despois dun incendio que o arrasou todo.

Arde Woke non distingue entre arte e vida, reclama e pertence a toda esa tradición cultural que se enfronta á alienación e a domesticación. A inercia daquela xesta da Comuna de París, o derrubamento da fachendosa Columna Vendôme, símbolo da tiranía napoleónica, alcanza a Max Estrella para erixir no se lugar, unha acertada e modesta homenaxe comunitaria á esencia do teatro Redondelán e á arte titiriteira.

Pero por hoxe xa chega, deixémolo aquí, cunha última divagación. A arte, por si mesma, non pode transformar á sociedade, nen sequera aquela morte que cantaba Eskorbuto "O presente é un fracaso e o futuro non se ve" era allea ao movemento social, todo o contrario acompañábao. Ese é o gran anhelado da arte social, acompañar a rebelión. Así a todo, Eskorbuto non só constataba unha realidade, senón que anunciaba a negación do futuro. Arde Woke tamén ten o poder e a forza do visionario e quizais, moi ao fondo, provoque o desexo, a esperanza, dun despertar.

En fin, de isto vai Arde Woke, da vida, da arte, do teatro. Un teatro tráxico, esencial, apolíneo, dionisiaco, onírico, vangardista, visionario, esperpéntico? Seguramente, pero sobre todo con unha proposta sólida: O teatro comunitario.

*Pelu de Lara*  
**LP**

Peluquería & Belleza

☎ 986 450 713

Avenida de Vigo, 61  
Chapela - Redondela

Síguenos en Instagram

lapeludelara

**CAFE - BAR**  
**O CRUCE**

PRAZA DA IGREXA 21 - FORNELOS DE MONTES TEL: 661 898 126

**Café Enigma**

*Desde 1996  
con moito gusto*

**Avda. Redondela, 35  
Chapela**

**EL CHOCO DE ORO**

Na Praia de Arealonga  
Chapela

**RODEO**  
RESTAURANTE

Desde 1979

986 45 22 04

• Desayunos  
• Comidas  
• Cenas  
• Eventos

RANDE REQUEIRAS NL REDONDELA  
PONTEVEDRA



## Chegan as Festas a Fornelos de Montes

**“O próximo inverno tomarei a decisión definitiva entre presentarme unha vez máis como candidato do PSOE á alcaldía, ou dar un paso atrás e que outra persoa tome o relevo”**

*Emiliano Lage*, alcalde

Un ano máis chegan as festas do fermoso concello de Fornelos de Montes. E como é tradición nesta casa por estas datas, achegámonos ao concello a conversar co seu alcalde, o socialista Emiliano Lage. Este manifesta que está aínda meditando se se vai presentar ás municipais do 27 ou dará paso a algunha persoa nova que tome a remuda e trate de gañar novamente a alcaldía para o partido socialista.

Por outra parte o alcalde amosouse satisfeito da súa xestión, orgulloso pola próxima chegada dunhas festas que como sempre se presumen multitudinarias, e decepcionado coa oposición que practica o PP.

*Tense convertido nun costume moi agradable para min achegarme pouco antes das festas ao Concello de Fornelos a repasar contigo a actualidade política local. Esta vai ser, Emiliano, a última vez que te entreviste como alcalde de Fornelos?*

Ben, aínda non podo anticipar ningunha decisión sobre se me volverei presentar ou non. É algo que estou a meditar coa miña familia, e que terei que falar tamén cos meus compañeiros e compañeiras da agrupación socialista de Fornelos.

*Cando prevés ter tomada unha decisión ao respecto?*

Agardo que despois do verán. A miña idea e valoralo con calma en todo o que

queda de verán, e tomar a decisión definitiva alá polo inverno.

*No caso de que decidas dar un paso atrás, o partido socialista ten corpo para presentar un candidato ou candidata solvente?*

Sexa da maneira que sexa o partido socialista vai presentar a mellor lista co mellor candidato ou candidata. Que non lle quede a máis mínima dúbida á veciñanza de Fornelos de que vai ser así. E eu mesmo, estea no sitio que estea, mentres o corpo aguante, nunca deixarei de colaborar para que en Fornelos haxa un goberno socialista, porque teño a convicción persoal de que a socialdemocracia é o camiño máis adecuado para construír-



Emiliano Lage

mos unha sociedade decente, humana e xusta.

*Como valoras este mandato do que xa levamos consumido máis de tres anos?*

Partindo da base de que xestionar un concello pequeno como o noso, non é fácil, sempre xorden atrancos e os cartos dos que dispomos son moi limitados, a miña valoración é moi positiva. Conseguimos avances e melloras substanciais para o ben común da nosa veciñanza, e estamos en camiño de irmos acadando os obxectivos e metas propostas.

*Cales foron as principais actuacións deste mandato?*

A principal é sen dúbida a Residencia de Maiores que xa está case rematada.

Tamén renovamos toda a praza do multusos. Por outra parte arranxamos unha grande cantidade de camiños en A Laxe, en Bustelos, en Calvos...Aproximadamente investimos 330.000€ no arranxo de distintos camiños. Tamén temos un plan de investimento para actuar na praza de Calvos e está a renovación dos vestiarios da piscina municipal

*A residencia de maiores vai ser un centro de día?*

Non, unha residencia para estar as 24 horas. Vai ter entre 12 e 15 prazas e, como che dixen antes, é unha actuación da que me sinto moi orgulloso, e tamén teño que agradecer á Xunta a súa intervención neste asunto.

# La Pelu

de Fornelos

- Micropigmentación cejas y labios
- Masajes
- Laser SHR
- Tinte 10 min
- Lifting de pestañas
- Tratamientos personalizados

Especialistas en color, corte y esmaltado semipermanente

Praza da Igrexa 12, Bajo  
(Fornelos de Montes)

**630 71 47 65**

La\_Pelu\_de\_Fornelos

# FORNELOS DE MONTES

Un paraíso natural ao seu carón

Visítenos!



Fornelos, como todo o rural galego, ten un problema moi serio de envellecemento da poboación, e calquera actuación que desde as distintas administracións se poida facer para atender ás persoas maiores paréceme de enorme relevancia.

### Hai xente moza que ven vivir a Fornelos?

Pois teño que dicir, con enorme satisfacción, que nos últimos anos parece que se deu certa repunta. Se cadra a partir da pandemia as persoas comezaron a valorar a importancia de vivir no rural. Penso que no próximo curso o noso colexio subirá uns 7 ou 8 rapaces.

### Hai problemas coa auga na Laxe?

A Laxe ten pouca auga, de sempre de toda a vida. Puxemos os contadores dixitais para controlala mellor e de momento este ano non ten habido grandes problemas. Tamén estamos pendentes de ter unhas partidas para recuperar dous mananciais antigos.

Vivimos nun mundo no que a auga é un ben cada vez máis escaso e debemos facer un uso responsable dela, iso ten que ser así en todas partes.

*Ti sempre defendiches que Fornelos é un concello transparente onde a oposición podía acceder a calquera expediente sen o máis mínimo problema. Pero no pleno extraordinario de maio os concelleiros do PP levantáronse e abandonárono. Por que?*

Os concelleiros do PP alén de practicar o populismo miran moito a TV e en vez de facer política realista fan política virtual nas redes sociais. Eles non propoñen nada. Todo son protestas e desconfianzas. Eu contesto a todo o que me preguntan, pero o que non me poden facer é 40 preguntas nun só pleno porque fan imposible o normal funcionamento do

mesmo.

Este concello é moi transparente, si, si que o é. Pero o PP non pode pretender que os funcionarios traballen para eles.

### Ben, falemos das festas deste ano

É á época máis importante do ano para nós. Organizámolas coa máxima ilusión, e coa confianza de estar á altura do que merece a nosa veciñanza e os milleiros de visitantes que se achegarán ao noso pobo a compartir algún dese días con nós.

### Cales son as actividades máis importantes?

Comezamos o día 18 co campionato de Tute. O 19 é a festa gastronómica. Logo temos o festival folk no río o día 1 de agosto. Entre o 1 e o 8 de agosto temos a semana cultural con todo tipo de actividades para todas as idades: cinema, teatro, música... O sábado 8 teremos a actuación de "Milladoiro" na nosa praza, e as festas patronais en si serán o 8, o 9 o 10 e o 11.

Comezamos o 18 de xullo e rematamos o 11 de agosto. Temos un calendario moi completo e é un pracer convidar a todos os lectores e lectoras a que compartan algún deses días con nós.

### Que pulsións percibes entre a veciñanza de Fornelos: O goberno podería correr perigo para o PSOE?

Eu penso que a valoración xeral do goberno socialista é moi alta. Coido que a maioría social do noso pobo está satisfeita coa nosa acción de goberno, e confío en que manteremos a maioría absoluta sen maiores dificultades, presentemos o candidato ou candidata que presentemos.

### Rematamos: Cando a túa etapa como alcalde remate como che gustaría que te recordaran os teus veciños e veciñas?

Como unha persoa con sensibilidade social que quere moito ao seu pobo e que, con luces e seguro que con sombras tamén, deu o mellor de si mesmo para tratar de facer máis fácil a vida de todas as persoas que vivimos en Fornelos. Este Concello está saaneado economicamente, e con toda a humildade penso que poden dicir que é un Concello á altura dos tempos nos que vivimos.



## FORNELOS DE MONTES Festas 2026

### SÁBADO 1 de Agosto: XXV FESTIVAL FOLK

Durante todo o día, no incomparable marco da praia fluvial, poderase degustar de polbo e churrasco nas carballeiras e arredores da praia amenizado polo GRUPO DE GAITAS FOULA

A partir das 22:00h. gran concerto folk coas actuacións da:

- Banda de Gaitas Concello de Fornelos de Montes
- ALGARABÍA FOLK
- ZURRUMALLA

### DOMINGO 2 de Agosto: XV ENCONTRO DE CORAIS

A partir das 20h. na Igrexa Parroquial de Fornelos de Montes encontro da CORAL VALDARROSA DE PONTECALDELAS e VOCES FORNELENSES con un CONCERTO APERTURA das festas patronais S. Lourenzo 2026.

### LUNS 3 de Agosto: TEATRO

A partir das 21h. no Multiusos do Concello de Fornelos de Montes representación da obra de teatro "EL MAGO DE OZ" a cargo da compañía Ilusionistas.

### MARTES 4 de Agosto: HOLI PARTY (FESTA DE CORES)

A partir das 17h. na praza de Fornelos de Montes GRANDE FESTA HOLI PARTY con inchables, música, animación e FESTA DE CORES para comezar a semana grande de Fornelos de Montes. Recoméndase asistir con camiseta branca.

### MÉRCORES 5 de Agosto: CINE NA RÚA

A partir das 22h. Proxección, diante do Multiusos, da película: LA PELI DEL FÚTBOL

A cargo da compañía CINE NA RÚA

En caso de chuvia proxectarase no Multiusos do Concello de Fornelos de Montes.

### XOVES 6 de Agosto: FESTA DA ESCUMA

A partir das 17h. na praza de Fornelos de Montes GRANDE FESTA DA ESCUMA CON INCHABLES.

En caso de chuvia trasladarase ao Pavillón de Deportes do Concello de Fornelos de Montes.

### VENRES 7 de Agosto: CINE NA RÚA

A partir das 22h. Proxección, diante do Multiusos, da película: AMIGOS IMAGINARIOS

A cargo da compañía CINE NA RÚA

En caso de chuvia proxectarase no Multiusos do Concello de Fornelos de Montes.

### SÁBADO día 8 de Agosto: CONCERTO FOLK

# LAVA CHAN

## LAVANDERÍA AUTOSERVIZO

GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO

|                      |             |                 |
|----------------------|-------------|-----------------|
| ● Toallas            | LAVADO 12kg | 3€              |
| ● Mantas             | LAVADO 15kg | 4€              |
| ● Cortinas           | LAVADO 20kg | 5€              |
| ● Nárdicos           | SECADO 18kg | 1€ desde 10 min |
| ● Edredóns           |             |                 |
| ● Fundas sofá        |             |                 |
| ● Colada diaria      |             |                 |
| ● Rroupa de traballo |             |                 |

**GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO**

**ESTAMOS AQUÍ**

Lugar Igrexa s/n - AMOEDO (GASOLINEIRA CHAN DE AMOEDO)

**DE 7:30h A 22:30h os 365 DÍAS DO ANO**

**XA ABERTO**



Ás 20:30 h. MISA, no S. Lourenzo Vello, co rezo da novena.  
A partir das 22h., na PRAZA DA IGREXA, CONCERTO FOLK a cargo de:

MILLADOIRO E GRUPO TRAHLLA TERRA DE MONTES

**DOMINGO día 9 de Agosto:** "S. LOURENZO VELLO"

Ás 12:30 h. MISA, na Igrexa Parroquial, co rezo do último día da novena.

A partir das 23h. Verbena amenizada polas orquestras:

TREBOL e LOS ALKAR

**LUNS día 10 de Agosto:** "S. LOURENZO"

Ás 10h. Pasarrúas a cargo da BANDA DE MÚSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

Ás 12:30h. MISA SOLEMNE cantada pola CORAL VOCES FORNELENSES

A continuación sesión vermouthe a cargo da citada Banda.

Ás 21h. CONCERTO da BANDA DE MÚSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES

A partir das 23h. actuación das orquestras:

FANIA BLANCO SHOW e LOS PLAYERS

**MARTES día 11 de Agosto:** "SANTO CRISTO"

Ás 10h. Pasarrúas a cargo da BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DA LAMA

Ás 12:30 h. MISA SOLEMNE

A continuación sesión vermouthe a cargo da citada Banda

A partir das 23h. verbena amenizada polas orquestras:

MIRAMAR e LOS COLEGUITAS



## Altamente alabado seas, Ahmed

Xoan Carlos Caballero, mestre

**H**ai uns días que cheguei dunha viaxe a Londres que organizaron uns compañeiros de traballo. O aeroporto quedaba a unha hora do apartamento. Era media noite e a única solución era coller un taxi.

Cando chegamos ao destino, a casa non aparecía. O propietario non collía o teléfono. Demos varias voltas á mazá ata que nos decatamos de que a multinacional Booking, a empresa que xestionaba o aloxamento, acababa de deixarnos tirados no medio da nada.

O abalo empezou a espallarse entre nós. O taxímetro xa estaba parado. Había que deixar marchar ao taxi e buscar unha casa fantasma, co risco que iso supuña, ou volver de novo ao aeroporto. Mentres facíamos chamadas e tentamos atopar unha solución, o taxista agardaba con calma. Non nos meteu presión, a pesares de que estaba perdendo cartos cada minuto que pasaba. Como vía que non dabamos resolta o problema, pola súa conta púxose a facer chamadas a hoteis do centro da cidade, para ver se estaba dispoñible algunha habitación e así non pasar a noite á intemperie. Co seu rudimentario inglés falou con varios recepcionistas. Logo de tres chamadas tivemos a sorte de que o traballador do hotel que estaba ao outro lado do teléfono era compatriota de Ahmed. Entre os dous atoparon a solución ao embrollo no que nos vimos envoltos.

Booking deixounos tirados. O señor Attenborough tamén.

Quen nos salvou preocupándose por nós?

Pois si, dous inmigrantes pakistanís.

Dous pakis, como alí lles chaman de xeito pexorativo. Cun inglés básico pero suficientemente comprensible, tratounos cunha amabilidade exquisita. En varias ocasións preguntounos se estábamos cómodos no coche, se queríamos subir ou baixar a temperatura do aire acondicionado ou pedirnos permiso para facer unha chamada telefónica á súa muller.

Esta anécdota, dificilmente sensibilizaría aos asinantes dese principio racista, chamado Prioridade Nacional (los españoles primero), unha aberración xenófoba que PP e Vox están perpetrando alí onde gobernan con políticas que converten a vida dos foráneos nun calvario.

Ou mesmo sería humillante, para calquera votante de Vox ou PP, ver como un inmigrante con acento estranxeiro evitou que pasase unha noite ao raso como nos puido pasar a nós. Se lle sucedese a Abascal, por exemplo, próximo vicepresidente de España, ao día seguinte sería capaz de dar un mitin, como xa fixo, e alentar a violencia cara os "invasores", de ameazar con fundir barcos que os rescatan cando intentan cruzar o mar ou de non condenar a carcería de marroquís en Torre Pacheco.

Calquera simpatizante de PP e Vox, que tanto se compracen da Prioridade Nacional, debería vivir unha experiencia coma esta, que non deixa de ser unha mera anécdota se a comparamos con cruzar África de sur ao norte para logo botarse ao mar porque no seu país de orixe non teñen asegurado o sustento.

Gracias, Ahmed, por facer honra ao teu nome.



**María del Carmen Lago Pereira**  
Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros  
nº reg. C0517360029735  
sotoseguros@hotmail.com  
Avda de Vigo, 234 - Bajo  
36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)  
T 986 45 81 10 - M 672 213 497



Teléfono y Fax 986 498 102 - Móvil 655 594 330  
e-mail: talleresnespereira@gmail.com  
Barcenal, s/n - 36817 Nespereira - Pazos de Borbén



Venta y reparación de  
maquinaria agrícola y motos

Francisco Escaneo, 13 - Bueu  
Taller: 986 322 826



Estamos na praza de  
Fornelos de Montes



Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas  
Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel  
986 30 56 73 - 626 14 45 96  
reproautoros@hotmail.com





**Pedro Cortegoso**, traballador do SERGAS

# Venezuela

opinión

**A** agresión militar e o secuestro do Presidente Maduro e Cilia Flores o pasado 3 de xaneiro supoñen un punto de inflexión política e económica en Venezuela, un cambio de paradigma na situación do país que o coloca baixo o dominio colonial do EEUU.

Estamos ante un novo capítulo da nova estratexia de seguridade do goberno Trump para América, o seu "cuarto traseiro", que coa actualización da Dotrina Monroe pretende o control total do continente: o espolio dos recursos naturais e o sometemento político económico.

Despois de anos de agresións, mediante bloqueos económicos e promovendo unha oposición incapaz de gañar en procesos electorais ou mediante o uso da violencia nas rúas, o imperio decidiu intervir militarmente. Venezuela era, como Cuba ou Nicaragua, un mal exemplo para os pobos de América, e ademais ten unha das maiores reservas de petróleo do mundo, ouro e outros minerais e terras raras desexados polas empresas de EEUU.

Meses de presión militar e bloqueos navais foron respondidos polo goberno e polo pobo venezolano con demostracións militares, consignas e discursos antiimperialistas de resistencia total ante a agresión militar.

Porén, cando chegou a agresión e o secuestro do Presidente Maduro só houbo unha heroica e valente resis-

tencia por parte de algúns militares venezolanos e polos cubanos que protexían a Maduro. Non houbo unha auténtica resposta militar, non houbo defensa, nin o exército nin as milicias foron mobilizadas para defender a soberanía nacional.

Nunha suposta negociación os algúns dirixentes Venezolanos rendéronse e entregaron o país. Hoxe o pobo venezolano aínda non coñece as concesións que se fixeron, que se negociou e quen negociou co invasor.

O que está claro é que Venezuela deixou de ser un país soberano.

Desde o 3 de xaneiro Venezuela pasou de ser un referente do antiimperialismo, de ser un país soberano aliado de Rusia, Irán, China e Cuba, a depender dos EEUU.

Os ingresos do petróleo venezolano van directamente a Washington, a un fondo administrado polo Departa-

mento do Tesouro.

Modificouse a Lei de Hidrocarburos, aos poucos días da invasión, para facilitar o espolio dos recursos petrolíferos. O pasado 9 de abril iniciouse o proceso para modificar a lei de minas, na mesma liña de "apertura" á inversión privada.

Extraditouse ao ex-ministro Alex Saab, unha persoa fundamental para garantir o comercio exterior de Venezuela saltándose as sancións económicas. Xestionou programas como a construción de vivendas sociais e o de distribución de subsidios alimentarios CLAP.

O Departamento de Seguridade Nacional dos EEUU e a DEA van abrir oficinas en Venezuela, co pretexto da loita contra o narcotráfico. E xa sabemos o que iso significa, infiltración e control dos corpos policiais e o exército.

Venezuela vai reanudar relacións co FMI e o Banco Mundial, dúas institucións deseñadas para anular a soberanía dos países e o sometemento mediante préstamos imposíbeis de pagar.

O Presidente Hugo Chávez definía ao FMI como "un dos principios instrumentos de dominación sobre América Latina, utilizado por Washington para manter a subordinación histórica da rexión..."

A situación é tan escandalosa que o Secretario de Estado "Narco Rubio" anuncia previamente as viaxes da presidenta "encargada" Delcy Rodríguez á India, antes de que o faga o propio goberno venezolano.

É evidente que non podemos minusvalorar a un imperio que leva moitos anos derrubando gobernos, invadindo países, mercando políticos e xornalistas. Que ten un currículo vitae moi amplo neste tipo de actividades de desestabilización. O acontecido en Venezuela é un de tantos exemplos.

Co tempo saberemos todo o que houbo entre bambolinas antes do 3 de xaneiro. É pouco críbel pensar os EEUU non contaron con colaboración no ámbito político ou militar en Venezuela para facer o que fixeron.

Hoxe só nós queda confiar na capacidade do pobo venezolano para reverter esta situación de submisión, para recuperar a soberanía e volver ao camiño da solidariedade entre os pobos e o antiimperialismo.

**DUPLICADO DE LLAVES - MANDOS A DISTANCIA**  
**LLAVES CODIFICADAS DE COCHE**  
**MARTINEZ**

Rúa Pazos Fontenla, 31 (Buen)  
 Móvil: 661 508 088

**TALLERES HERDASA**  
 MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS  
 ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS  
**986 30 09 56**  
 TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

**PENEIREIRO**  
 Taller Automoción

C/ Camiño Vello nº 5  
 36913 Seixo - Marín  
 Pontevedra  
 Tels: 986 703 485 - 629 160 912  
 talleres\_peneireiro@outlook.com

**MIRANDA**  
 LIBRERÍA en BUEU, onde ía ser?

Rúa Pazos Fontenla 35  
 Bueu - Pontevedra

Tel/Fax: 986 320 504  
 libreriamiranda@yahoo.es  
 f Librería Miranda Bueu

**MARINER** Fuerabordas  
**YANMAR** marine  
**QUICKSILVER**  
**CM**  
**BLACK FIN**  
**VALIANT** RIGID INFLATABLE BOATS  
**MERCURY** MerCruiser  
**WALKER BAY**

**GONBELA**  
 Distribuidor Exclusivo

**Avenida de Ourense, 50 - Marín**  
 Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95  
 Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95  
 gonbelventas@gonbelmar.es  
 WWW.gonbelmar.com



## “O cambio en Marín é imprescindible, e ese cambio vai vir da man do BNG”

*Lucía Santos*, voceira do BNG de Marín

A veciña de Pardavila, Lucía Santos Omil, volverá ser a candidata nacionalista nas municipais do 27. Despois de catro mandatos na alcaldía, o proxecto popular que encabeza María Ramallo amosou que está esgotado e que carece de capacidade para afrontar con unhas mínimas garantías de éxito os graves problemas estruturais que padece Marín. Non será doado, unha parte significativa da sociedade marinense está colonizada pola escola naval militar o que condiciona moito o seu voto, pero o necesario cambio parece máis preto que nunca. A candidata nacionalista está convencida de que esta vez si vai ser posible. Nós falamos con ela

**Ves de ser nomeada candidata do BNG á alcaldía de Marín. Que significa para ti obter a confianza dos teus compañeiros e compañeiras?**

Recibir a confianza de quen te acompaña no día día, de quen está aí nos momentos bos e tamén nos malos, é enormemente satisfactorio. E se esa confianza ven da man dun equipo de persoas humanamente soberbias, como as que me acompañan no BNG de Marín, traspasa en quilómetros os límites do emocionante.

**Marín ten unha serie de problemas estruturais que non dá amañado. Se cadra un dos máis relevantes é o da perda de habitantes. Como está ese asunto?**

Efectivamente, como ti dis, non o damos amañado. Marín leva 15 anos consecutivos perdendo poboación. Unha tendencia tan acusada non pode ser casualidade. As persoas en liñas xerais queren facer a súa vida no lugar onde nacen, e se non poden facelo e teñen que marchar é porque non teñen servizos adecuados e porque non poden acceder a unha vivenda. Este último é un problema de enorme gravidade no concello de Marín.

**Cal sería a fórmula que aplicaría un BNG no goberno para tratar de reverter a tendencia á perda de poboación?**

Esencial e urxente é buscar as alternativas necesarias para dotar a Marín de nova vivenda e rehabilitar vivendas vellas. Agora mesmo incluso é enormemente difícil atopar un piso para alugar.

**Como está a situación dos dous centros de saúde de Marín, o do centro e o de Seixo?**

A situación sanitaria de Marín segue con moitos problemas. Faltan médicos, as listas de agarda son moi elevadas e temos unha alcaldesa que lle dá ás costas a esta problemática.

**Outro grave problema que ten Marín é a falta de aparcamentos. Mellorou algo?**

Non, por desgraza non mellorou nada. Segue mal, incluso parece que vai a peor. Unha vía que non se traballa, pero que sería moi importante para axudar a solucionar este problema, podería ser a mellora do servizo de transporte público entre as parroquias e o casco urbano.

**No seu momento fixerades campaña para que o Concello adquirira o antigo**



Lucía Santos

**edificio Baladrón e que se convertera nun inmovible de titularidade municipal. Como quedou ese asunto?**

O edificio foi comprado por unha empresa privada. Nese sentido alegrounos que se se lle dera unha saída, pero decepcionounos que Concello perdiera a ocasión de gañar un espazo marabilloso para uso público en pleno centro de Marín.

**Que finalidade teñen os novos propietarios?**

Penso que vai haber un banco no baixo e vivendas de luxo nos pisos superiores. De ser así, sería algo moi exclusivo que non resolvería o problema de acceso á vivenda que padece o centro de Marín.

**En que fase está a vosa proposta de abrir Marín ao Mar?**

Este proxecto do BNG, de recuperación

de espazo público para a veciñanza, foi aprobado no parlamento do estado, e agardamos que pronto comece a executarse, porque Marín precisa recuperar a súa conexión co mar.

O que nos parece lamentable é que o goberno municipal non faga nada, pero nada en absoluto, para esixir ás administracións competentes o inicio das actuacións necesarias para comezar a que abrir Marín ao mar se faga realidade.

**O proxecto dre URBASER en Pardavila está finalmente morto?**

O proceso de alegacións xa rematou, pero nós seguimos alerta para que non se repita ningún tipo de actuación para facer ningunha clase de instalación que non é apropiada para ese lugar. O resultado final deste proxecto foi unha evidente vitoria da veciñanza. Se non houbera a

**BRASERÍA**  
**TAPERÍA SUSO**

Toural nº30  
**VILABOA**

658 887 625  
 986 631 514

**O Carlete**  
 Desde 1877

Rúa David Cal nº13  
 36945, Vilarinho  
 986328744  
 O Carlete  
 ocarlete@gmail.com

Cando recuperar a saúde é o máis importante

**Fisio LOIS**  
 terapia

REXCE nº C-36-001963



986 89 10 89

www.fisiolois.es



604 03 51 89

En Marín, Avenida de Ourense 44 - Interior da praza Centro Morrazo (loais 7 e 8)



presión social que houbo, seguramente tería ido para adiante.

**Cal é a valoración do BNG dos orzamentos municipais?**

É unha valoración moi negativa. Non son os que Marín necesita para avanzar. Son altos, si, pero o son porque hai débedas importantes que o Concello debe de asumir. Os orzamentos non contemplan nin a mellora de servizos nin a realización de investimentos estruturais necesarios para o noso pobo. Son uns orzamentos construídos para a xestión do día a día. Non hai nada máis.

**Que tal vai de transparencia este goberno?**

Moi mal. Este goberno non nos informa de case nada, en moitas ocasións coñecemos algúns dos seus proxectos pola prensa, e non chega a ningún tipo de consensos con ningún.

**Que pasa coa biblioteca Vidal Pazos?**

Pasa que ás veces organizanse actividades para cativos que orixinan todo tipo de ruídos que impiden concentrarse aos mozos e mozas que van alí a estudar. O que non ten sentido é que se neguen a crear unha aula de estudo. Este é un exemplo máis da improvisación e da falta de xestión do goberno local.

**A saúde interna do BNG de Marín é tan boa como parece?**

É mellor do que parece. Como che dixen ao principio da conversa, estou tremendamente orgullosa da militancia do BNG de Marín.

Con que número de concelleiros e concelleiras daríaste por satisfeita nas municipais do ano que ven?

Co que sexa necesario para para podermos gobernar. Non nos poñemos ningún tipo de límites. Imos a por todas.

**Agora mesmo a situación aritmética esixiría que o PP baixe dúas actas para que perda o goberno. É realista Lucía?**

Si, sen ningún xénero de dúbida, si que o é. O PP leva 15 anos no goberno, non ten ningún tipo de modelo e limítase á xestión do día a día como pode. O PP non serve nin para acometer os graves problemas estruturais que padece Marín, nin para mellorar a vida da veciñanza. O cambio é necesario, e ese cambio vai vir da man do BNG. Estou convencida.

**Que tipo de alcaldesa sería Lucía Santos?**

Se o pobo e Marín me honra coa súa confianza comprométome a ser unha traballadora incansable, a tratar a todas as persoas por igual de maneira xusta e equitativa sempre, a non deixar a ningún atrás nunca, e a abandonar para sempre o modelo de alcaldesa de posturo e photocall.

## O BNG reclama unha accesibilidade real nas praias

Lucía Santos considera que actuacións como a executada na praia de Mo-gor supoñen un avance, pero resultan insuficientes para garantir unha accesibilidade efectiva. Reclama completar as intervencións en todas as praias con pasarelas ata a beira do mar, cadeiras anfíbias e outras medidas que permitan un uso real e autónomo dos areais

### Marín

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) volveu reclamar no pleno celebrado o pasado 8 de xullo medidas que garantan unha accesibilidade real nas praias de Marín para as persoas con mobilidade reducida. A formación nacionalista lembra que esta é unha demanda recorrente e que xa no pasado ano presentara unha moción específica para avanzar cara a uns areais verdadeiramente inclusivos.

A proposta trasladada ao equipo de goberno do Partido Popular (PP) e aprobada polo pleno incluía a instalación de pasarelas que permitiran chegar ata a auga, a creación de zonas de descanso accesibles e a posta en marcha dun plan que faga accesibles todos os areais da vila.

Desde o BNG valoran positivamente que as obras executadas na praia de Mo-gor, financiadas a través dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP), incorporasen melloras nos accesos á praia. Con todo, consideran que esas actuacións deben completarse para garantir unha accesibilidade efectiva.

Segundo sinalan, a situación actual evidencia que as melloras rea-

lizadas non son suficientes, xa que unha persoa con mobilidade reducida pode acceder ao paseo ou ás plataformas habilitadas, pero segue atopando dificultades para chegar ata a area e á beira do mar. Para o BNG, a accesibilidade non pode limitarse a permitir contemplar a praia, senón que debe garantir que todas as persoas poidan utilizala en igualdade de condicións.

A formación lembra que tanto a lexislación estatal como a galega obrigan ás administracións públicas a eliminar barreiras e garantir a igualdade de acceso aos espazos públicos. Neste sentido, defenden que as actuacións nas praias non poden limitarse á mellora dos accesos, senón que deben permitir que todas as persoas poidan desfrutar da praia con autonomía e seguridade.

O BNG insta ao Goberno local do PP a incorporar a accesibilidade como un criterio prioritario nas actuacións das praias, completando as actuacións pre-vistas con pasarelas accesibles ata a auga, zonas de descanso adaptadas, cadeiras anfíbias e os medios necesarios para garantir un baño accesible.









# CAIXA DE MÚSICA

Por *Xosé Manuel Fernández Costas* "Muxicas"

A recuperación da zanfona en Galicia, xa iniciada no século pasado por grupos senlleiros coma "Fuxan os Ventos" ou "Muxicas" entre outros, preséntanos un curioso panorama: atopámonos con que o repertorio que sobreviviu na memoria dos galegos para tan fermoso instrumento é moi escaso. Polo tanto xerouse a necesidade de dar solución a ese problema.

Os xeitos de afrontalo foron diversos. Houbo quen se inclinou por tentar desenrolar o noso instrumento (totalmente documentado nos museos) para ter algo que ofrecer aportante, propio e enriquecedor. (Ben aproveitando repertorio tradicional para gaita ou ben compoñendo novos temas baseados na nosa música popular e aproveitando as moitas posibilidades de evolución propias), e houbo quen se inclinou por copiar técnicas e repertorios doutras culturas (fundamentalmente francesa).

Na liña do aporte de novos temas vai esta muiñeira para dúas zanfonas e con letra para cantar.

Unha muiñeira para brincar, para bailar e coa mensaxe engadida de que a zanfona galega nunca incorporou cordas percusivas (chamadas cans), xa que de percusións en Galicia estamos xa ben servidos.

## "MANTÉN OS CANS ATADOS"

*Deixame os cans atados rapaza,  
non quero que ladren, non quero que ladren.  
Que vou tocar zanfona na praza.  
As cousas bonitas que Galicia deu.  
A zanfona galega paga a pena,  
que non é pequena, que non é pequena.  
Ten cousas de seu, non ten que copiar.  
So quere que a deixen, que a deixen medrar.*

MANTÉN OS CANS ATADOS

Xosé Manuel Fernández "Muxicas"  
xullo 2024

The musical score is written for five parts: Zanfona 1, Zanfona 2, Voz (Voice), Tambor (Drum), and Bombo (Bass Drum). The tempo is marked as 'Allegro' (110). The lyrics are in Galician and describe a young woman who wants to play the zanfona in the square and keep her Galician traditions alive. The score includes various musical notations such as treble and bass clefs, time signatures, and dynamic markings.

**30% 50% 60%**

# STOCK MARÍN

Do 31 de xullo ao 2 de agosto

## ALAMEDA DE MARÍN

11.00 a 14.00 (Ven-Dom) • 18.00 a 22.00 (Ven-Sáb) • 18.00 a 21.00 (Domingo)

**REPARTO DE PALOMITAS POLAS COMPRAS**  
SÁBADO 31 DE 19H A 21H

**COM-PENSA**  
REPARTO DE BOLSAS REUTILIZABLES DA CAMPAÑA COMERCIO COMPENSA  
Por compras superiores a 10€ (ata fin de existencias)

**QR**  
ESCANEA E DESCUBRE AS OFERTAS E COMERCIOS PARTICIPANTES

**SORTEO PRESENCIAL**  
700€  
DOMINGO 2 ÁS 19.30h

**MERCA RESPONSABLE, MERCA CON SENTIDO**

**Transformar o consumo para coidar o planeta**

COFINANCIA: XUNTA DE GALICIA, COMERCIO GALEGO  
COLABORA: MARÍN  
ORGANIZA: Centro Comercial Local ESTRELA DE MARÍN

**PRETO DETI**

Atención a persoas maiores  
(Casa e Hospital)  
Servizo a través da Lei de Dependencia  
Limpezas en Xeral

AS BARXAS, 11 Telf. 986 31 19 84  
Baixo Dereita - Moaña Móbil: 627 51 75 65  
pretodeti@hotmail.com

Refrescos **Lambonadas**  
Gominolas  
Hielo  
Helados  
Tabaco

Date una alegría con una buena chuchería

**La maravilla**  
Montero Ríos, 189  
986 12 81 67

**TALLERES SIAN**

MECANICA · CHAPA · PINTURA

Pazos Fontenla, 82 - Bueu  
986 320 724  
talleressian@hotmail.com



## Ana Pontón presenta a Lucía Santos como a alcaldesa capaz de facer que Marín avance e xere novas oportunidades de futuro

A portavoz nacional, Ana Pontón, participou no acto de presentación de Lucía Santos como candidata do BNG á Alcaldía de Marín nas eleccións municipais de maio de 2027, convencida de que Santos é a alcaldesa capaz de facer que Marín avance e xere novas oportunidades de futuro.

“Imos a por todas nas próximas eleccións municipais, queremos que Lucía Santos sexa a próxima alcaldesa de Marín e facémolo coa forza que nos dá ter un proxecto ilusionante e transformador e coa convicción de que temos a mellor alternativa para este concello”, remarcou.

A líder nacionalista destacou a experiencia, a capacidade e o coñecemento dunha candidata da que dixo “leva Marín na súa cabeza e no seu corazón” e que ten a forza e a ilusión necesarias para levar a cabo o cambio que necesita o municipio.

“Sabemos que da súa man podemos abrir Marín ao mar e podemos conseguir que este concello xere novas oportunidades”, afondou Pontón, quen subliñou que o BNG non só ten a mellor candidata, senón tamén un proxecto que conta co aval do seu modelo municipal de éxito.

Un modelo municipal que transforma en positivo e que exemplificou no concello de Pontevedra que, despois de tantos anos de goberno do Bloque, “avanza, progresa, gaña dinamismo económico e poboación”, o que contrapuxo a Marín, municipio no que “decrece a poboación e no que a xente no ve expectativas”.

“Nós o que queremos é que Marín non

quede atrás, senón que avance da man das ideas e dos proxectos transformadores que ten o BNG”, concluíu.

Pola súa parte, Lucía Santos subliñou a ilusión coa que o BNG afronta en Marín as próximas eleccións municipais, coa tranquilidade ademais do “traballo ben feito” que leva realizando “desde o primeiro día desta lexislatura”.

A candidata adiantou que o proxecto do Bloque para o concello inclúe propostas importantes en materia de vivenda, para frear “a perda de poboación constante que leva padecendo Marín desde a chegada ao goberno municipal do PP” e tamén para mellorar os servizos sociais e dar resposta á falta de aparcamentos.

De entre as propostas para facer que o concello avance, Santos destacou o proxecto para “abrir Marín ao mar”, unha iniciativa “moi ambiciosa e moi necesaria” e que cualificou da “máis importante durante décadas” para transformar o urbanismo do municipio e que contribuirá á súa dinamización socioeconómica.

Unha iniciativa para cuxo desenvolvemento o BNG xa conseguir dar un paso adiante moi importante coa súa aprobación no Congreso e que, remarcou, a formación nacionalista non vai parar “até que se converta nunha realidade porque é o que Marín precisa”.

“Desde o BNG presentámonos ás vindeiras eleccións municipais cun proxecto serio, definido e consolidado e aportando as solucións necesarias para construír un novo Marín que mellore o benestar de toda a nosa veciñanza”, concluíu.

## O alcalde de Nigrán acude á presentación da maqueta naval de Jesús Iglesias

O usuario de 84 anos do Centro Municipal de Enfermidades Neurodexenerativas agasalla ao centro de menores ‘Hogar San José-Casa Caridad’ cunha réplica da ‘Santísima Trinidad’ para que poidan recadar cartos mediante un sorteo

A venda das rifas servirá para que os 30 menores tutelados e os 12 do Centro de Día poidan realizar unha excursión en barco



Suso na esquerda no momento da presentación

### Nigrán

O alcalde de Nigrán, Juan González, acudiu xunto á edil de Maiores María Mayán á Fundación Casa-Caridad Hogar San José de Vigo para ver in-situ á derradeira maqueta naval feita por Jesús Iglesias Fernández, usuario do Centro Municipal de Enfermidades Neurodexenerativas ubicado no recinto do CEE de Panxón. ‘Suso’, de 84 anos e veciño de Panxón, decidiu doar a esta entidade benéfica unha réplica do navío ‘Santísima Trinidad’ para que a institución o sortee mediante rifas e que os seus menores internos poidan

realizar unha excursión marítima cos cartos recadados. Os 1.000 boletos venderanse a 1’50 euros cada un e o gañador será aquel cuxo número coincida co ‘Sorteo del Niño’ do 6 de xaneiro de 2027.

“Esta é a miña maqueta número 21 e representa ao barco máis importante da Armada Española. Eu o que quería era doalo a algunha entidade que traballase con menores para que revertise nalgunha actividade de ocio para eles”, explica Suso. Así, a institución elixida, situado ao carón de Berbés (Vigo), ten a



**TALLERES DELGADO**  
Chapa y Pintura

**Pablo Delgado**  
Gerente

Avda. Manuel Lemos, 57  
36370 A Ramallosa  
Nigrán (Pontevedra)

Telf./Fax 986 350 212  
tallersp.delgado@gmail.com

**aturuxo bar**

HTTP://ATURUXO.NET

Pazos Fontenla, 59 - Bueu

**INMOBILIARIA VAL MIÑOR**

Tlf. 986.369.976 - Móvil: 620.971.793  
Inmovalminor@inmovalminor.com  
Avd. de Elduayen, 22 baixo. 36380-Gondomar

Síguenos en

www.inmovalminor.com



tutela de 20 menores de toda Galicia de entre 2 e 18 anos que viven ali internos e, a maiores, no centro de día atenden a unha ducia.

“Estamos moi orgullosos de que veciños como Suso realicen este acto tan xeneroso e, ao mesmo tempo, que desde o noso Centro Municipal de Enfermidades Neurodexenerativas se acompañe e anime aos usuarios a cumprir cos seus propósitos porque, sen dúbida, é algo que contribúe enormemente ao seu benestar freando o avance da enfermidade”, considera o alcalde, Juan González.

Terminado en 1769 nun estaleiro da Habana, Cuba, este buque de guerra foi o máis poderoso do seu tempo, participando en batallas como a de Xibraltar e Trafalgar. Suso o reconstrúe nesta réplica de algo menos dun metro de longo na que non falta o mínimo detalle, como os seus numerosos canóns. Para facelo botou preto de seis meses e, fiel ao seu estilo, empregou material de refugallo como papeis dun almanaque para as velas, madeira das caixas de froita ou o pau dunha basoira.

Suso agasallou anteriormente ao Concello de Nigrán con dúas maquetas e realizou unha exposición o ano pasado no Salón de Plenos con 17 das súas réplicas. Esta actividade que iniciou aos 17 anos e que retomou desde a súa xubilación o mantén activo física e mentalmente e, en certa forma, o sigue mantendo vinculado ao mar, no que desenvolveu toda a súa vida laboral desde os 11 anos. Así, Suso seguíu practicamente á forza o camiño dos seu pai e os seus outros 9 irmáns, non había elección, eran tempos de fame e non tiña nin para calzarse, así que, admite, el odiaba o mar. Aos 23 anos sacou o título de Oficial e Mecánico Maior Naval, o que lle permitiu traballar como xefe de máquinas por todo o mundo, sobrevivindo.

## Aseos mixtos: a seguridade das mulleres en cuestión



A expansión de aseos e vestiarios mixtos nos centros educativos e espazos públicos preséntase como unha medida de inclusión e modernización. Porén, trátase dunha transformación moi profunda: a substitución do sexo como principio de organización dos espazos de intimidade por un criterio baseado na identidade de xénero.

Este cambio está impulsado polo activismo trans e queer e avalado polas administracións a través de protocolos de identidade de xénero, que cuestionan o sexo como categoría fixa de organización social e propoñen substituílo pola identidade de xénero como referencia principal. Un dos efectos desta substitución é a mudanza do

criterio de acceso aos espazos segregados.

Cando se permite que as persoas que se declaran “trans” accedan aos aseos e vestiarios separados por sexo, o sexo deixa de ser o criterio de separación e pasa a depender dunha autoatribución que non pode verificarse. Pola súa parte, as persoas que se declaran “non binarias” entenden a segregación por sexo como unha forma de discriminación que non contempla a súa identidade, e esixen que os espazos sexan “inclusivos” e “para toda a diversidade”. A defensa dos aseos mixtos, baseada nestas ideas, converte estas demandas individuais nun principio xeral de ordenación para toda a poboación, ignorando que estes lugares se dividen por criterios obxectivos e materiais e non por percepcións subxectivas individuais.

Os aseos e vestiarios non son espazos neutros. Son lugares de exposición corporal onde a privacidade e a seguridade constitúen a súa función esencial. Historicamente, a separación por sexo emerxeu coa incorporación das mulleres ao espazo laboral e público para garantir intimidade e reducir situacións de acoso. Hoxe, a

violencia sexual contra as mulleres continúa sendo un problema social de primeira magnitude, polo que a necesidade de espazos que garantan intimidade e seguridade segue plenamente xustificada. É un criterio institucional necesario, non unha convención prescindible.

O conflito está en que os espazos que antes estaban organizados para uso exclusivo das mulleres pasan agora a compartirse con varóns, sen máis delimitación que a autoidentificación. No caso das adolescentes, a cuestión adquire unha dimensión adicional: cambios corporais, menstruación e necesidade de privacidade. Ignorar estas condicións é desatender necesidades básicas de protección.

Nun espazo de alta vulnerabilidade, isto desprotexe as mulleres e as nenas e mesmo pode expulsalas dos seus propios espazos públicos por puro malestar ou inseguridade.

Mentres as universidades e outros centros educativos fan bandeira dos discursos contra a violencia e multiplican dispositivos como os puntos violeta, ao tempo desmantelan as poucas garantías reais de intimidade e seguridade que teñen as mulleres.

Non se trata de excluír a ninguén, senón de decidir que modelo institucional se aplica. A creación de aseos individuais ou espazos alternativos permite atender situacións diversas sen eliminar os espazos segregados por sexo existentes. Trátase de buscar medidas complementarias, non substitutivas.

Ningunha política de igualdade pode sosterse sobre a disolución das garantías materiais que protexen as mulleres. Substituír o sexo pola autodeclaración non é un avance social: é retirarlles ás mulleres unha garantía básica de protección.



**Freire Anta, S.L.**  
**Agencia Exclusiva AXA**  
**Nº Inscripción 136164**  
**AXA España**

T/F +34 986 36 09 55  
M +34 607 474 644  
[freire.anta@agencia.axa-seguros.es](mailto:freire.anta@agencia.axa-seguros.es)

Pza. Manuel Alonso, 5, Bajo A  
36380 Gondomar  
[axa.es](http://axa.es)

**TAPERIA A CAMBOA**

Cocina tradicional  
986 36 23 58  
En el Puerto de Oia

**New Tekes**  
Bocatería - Cafetería

Telfs.: 986 36 98 66  
628 11 56 34 Ana  
[newtekes@gmail.com](mailto:newtekes@gmail.com)  
c/ Diego Sarmiento Acuña, 12  
36380 Gondomar



**TABERNA A CAPELA**

-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-  
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)  
36300 baiona (Pontevedra)  
Telfn: 986 385965 - 685 135 540

**NUEVA TAPERÍA La Abuela**  
DESDE 2010  
Sabores Tradicionales

C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)  
36300 Baiona (Pontevedra)  
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540



## O concello de Nigrán inicia as obras para ampliar o camiño da Carballeira ao tempo que o dota de saneamento, pluviais e baixa tensión soterrada

O investimento é de 157.600 € con cargo ao Plan + Provincia, beneficiando a 17 familias que viven nesta rúa situada no núcleo de San Roque de Camos



Vista do camiño da Carballeira

### Nigrán

O Concello de Nigrán vén de iniciar as obras na rúa Carballeira (Camos) por importe de 157.600 € con cargo á liña 1 do Plan + Provincia da Depu-

tación de Pontevedra para ampliála e dotala de saneamento, rede separativa de pluviais, e liña de baixa tensión soterrada, tal e como demandaba a veci-

ñanza desta zona situada no núcleo de San Roque. Os traballos, adxudicados a Narom S.L e que estarán rematados durante o verán, beneficiarán a preto dunha vintena de familias e consisten fundamentalmente na instalación dunha rede de saneamento a través dun colector que discorre ata a última vivenda situada no punto máis baixo do camiño, neste mesmo lugar executárase un pozo de bombeo coa súa correspondente impulsión, que conducirá as augas residuais ata a rede de saneamento en servizo situada na beiravía da estrada EP-2102 (Nigrán - Vincios), de titularidade provincial. Por outra banda, neste mesmo ámbito inclúese a instalación da canalización da futura rede subterránea de baixa tensión, así como o ensanche ata 5 metros e mellora do camiño coa execución de muros de contención con mampostería grande e o estendido dun pavimento de formigón con acabado final raiado.

“Tras a negativa da Comunidade de Montes de Camos de cumprir cos requirimentos de cesión dos terreos da

Deputación de Pontevedra para que o Concello puidese realizar un campo de fútbol nos seus terreos, decidimos que eses cartos revertisen na devandita parroquia e, en concreto, neste camiño que demandaba desade hai tempo a veciñanza e que é especialmente custoso”, explica o alcalde, Juan González, quen considera “de primeira necesidade” levar o saneamento e o abastecemento a todos os rincóns do municipio ao marxe de que este vial se atopaba en pésimas condicións e a estreitez dificultaba moito o tránsito.



**La Vitrola**  
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR  
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

**FRUITAS VILAR PATACAS**

Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón, Redondela, Sabarís, Tomiño e os xoves no mercado municipal de Tui

**Talleres Román**  
Servicio Oficial

Avda. Conde de Gondomar, 22 Telf./Fax 986 36 90 32  
36380 GONDOMAR (Pontevedra) Taller Chapa 986 36 01 43

**Peixaría Oia**  
Do mar á túa casa.  
Visítanos!!

Estrada de Vista Alegre, 165 (Oia)

**Casa Paco**

• Especialidad en Cocido y Cabrito • Comidas por encargo

Entre Baiona y O Rosal, la carretera PO 354 atraviesa la sierra de A Groba, pasando por Chan da Lagoa, O Cortelliño y Torroña, una solitaria localidad con pocas casas entre las que destaca **Casa Paco** famosa desde hace unos años por su gran menú a base de percebes, cocido y cabrito.

**Torroña - Santa María de Oia**  
Teléfono: 986 36 21 71 Móvil: 610 457 510



## O Concello de A Guarda en Festas

Situada na desembocadura do río Miño e aos pés do monte Santa Trega, A Guarda é unha das vilas mariñeiras con máis encanto do sur de Galicia. O seu patrimonio natural, a súa historia, a súa gastronomía e a hospitalidade da súa veciñanza convértena nun destino de referencia durante os meses de verán.

Nesta época do ano, as rúas énchense de vida coa celebración das súas festas máis coñecidas, citas que combinan tradición, cultura, música e lecer para todos os públicos e familias.

Nestas liñas achegámonos ás tres grandes festas que marcarán o verán na Guarda, unha invitación a gozar dunha programación pensada para celebrar o mellor desta vila atlántica e do seu carácter mariñeiro.



foto: Concello de A Guarda

### Crónica da XXXIV Festa da Langosta da Guarda

A Guarda viviu unha fin de semana de gran ambiente coa celebración da XXXIV Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira, que reuniu a milleiros de visitantes arredor da gastronomía, a música e a tradición, consolidándose como unha das citas gastronómicas de referencia en Galicia.

A Guarda volveu converterse, unha vez máis, no epicentro da gastronomía mariñeira coa celebración da XXXIV Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira, desenvolvida o primeiro fin de semana de xullo, do 3 ao 5 no porto da vila. Durante tres intensas xornadas, milleiros de persoas achegáronse ata a carpa gastronómica para gozar dun produto de primeira calidade e dun ambiente festivo que mesturou

sabor, música e tradición, consolidando unha das citas gastronómicas máis importantes de Galicia declarada de Interese Turístico.

As casetas serviron centos de racións de langosta, na carpa instalada no porto de 1.200 m<sup>2</sup> con mesas e cadeiras para que os asistentes puideran degustar comodamente da langosta e demais pratos. A Langosta, a protagonista indiscutible da festa, acompañada

doutros produtos do mar como percebes, nécoras, camaróns, polbo ou brochetas de peixe, ademais dos tradicionais doces da comarca non deixaron mal sabor de boca a ningún padal das persoas asistentes. A excelente calidade da materia prima, capturada pola frota guardesa, volveu ser o mellor escaparate do potencial pesqueiro e gastronómico da vila.

A programación completouse cunha

ampla oferta cultural e de lecer. O acto inaugural contou co pregón do músico Tonhito de Poi, quen tamén ofreceu un concerto na primeira noite e recibiu a distinción da Langosta de Honra 2026. Ao longo da fin de semana sucedéronse actuacións musicais, animación tradicional, navegación no volanteiro Piueiro, visitas guiadas ao castro de Santa Trega e propostas para o público familiar, convertendo o

porto guardés nun espazo de encontro para veciños e visitantes de todas as idades.

Máis alá do éxito de participación, a edición de 2026 volveu demostrar que esta celebración é moito máis ca unha festa gastronómica: é unha homenaxe ao mar, ao traballo das xentes da pesca

**Roupa Paredes**

Rúa A Guarda, nº 8 - Tomiño  
Telf.: 986 62 20 79 - Móbil: 605 033 463

**RenovaPhones**  
Reparación y venta de telefonía  
Informática y Consolas  
[www.renovaphones.es](http://www.renovaphones.es)  
Venta de Consolas de segunda mano

**MÁSMÓVIL**

**XIAOMI**

C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36.780 - A Guarda - Telf: 986184101 - info@renovaphones.es

Mueble juvenil  
Armarios empotrados  
Tapizados  
Mediciones  
Proyectos

**MS**  
muebles  
descanso

[www.mueblesousa.com](http://www.mueblesousa.com)  
[sousamuebles@gmail.com](mailto:sousamuebles@gmail.com)

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA  
Tel./Fax: 986 61 04 07

**MyR**  
Rúa Compostela,  
Tui  
Telf.: 986 60 45 08

**teleson** Servicio Técnico  
Son | Imaxe | Antenas

986 625 240  
699 384 905  
Ramón Franco, 13 | Galerías O Rosal



e á identidade dunha vila que fai da súa tradición mariñeira un dos seus principais sinais de identidade. Co peche da XXXIV edición, A Guarda despediu unha fin de semana marcada polo sabor, a boa comida mariñeira, a convivencia familiar e de amizades e a firme aposta por preservar e promover o seu patrimonio cultural e culinario máis de tres décadas despois da súa andaina pola vila mariñeira guardesa.

### **A Festa do Peixe Espada celebra a súa XXI edición reivindicando a cultura do mar en A Guarda**

Do 24 ao 26 de xullo, ORPAGU volverá converter o porto guardés nun espazo de encontro entre gastronomía, divulgación e tradición mariñeira. A XXI Festa do Peixe Espada aposta por un modelo que vai máis alá das degustacións para achegar á veciñanza o valor dunha das principais especies da frota local.

Hai máis de dúas décadas que o peixe espada deixou de ser só unha das capturas máis coñecidas da frota guardesa para converterse tamén no protagonista dunha celebración que cada verán reúne á veciñanza e visitantes arredor da identidade mariñeira da vila. A XXI Festa do Peixe Espada, organizada pola Organización de Palangreiros Guardeses (ORPAGU), celebrarase o último fin de semana de xullo, os días 24, 25 e 26 de xullo cun programa que combina gastronomía, actividades culturais e propostas divulgativas dirixidas a todos os públicos e recuperada despois duns anos sen poder celebrarse.

A cita naceu co obxectivo de destacar

un peixe de gran importancia económica para A Guarda e o traballo da frota de palangre de superficie, recoñecida como unha das máis destacadas de Europa na captura do peixe espada. Co paso dos anos, a festa evolucionou ata converterse nun evento que busca tamén divulgar a cultura pesqueira e promover o consumo responsable dos produtos do mar.

A edición deste ano manterá o modelo que tan boa acollida recibiu nas últimas convocatorias. Restaurantes adheridos ofrecerán elaboracións especiais a base de peixe espada, mentres que o porto acollerá actividades para toda a familia, obradoiros, propostas infantís,

música e iniciativas destinadas a achegar aos visitantes a realidade do sector pesqueiro. A organización irá completando a programación nos días previos ao evento.

Un dos elementos máis destacados desta edición é o cartel anunciador, realizado por Martina Vigo Álvarez, alumna de sexto de Primaria do CEIP A Sangriña, gañadora do concurso de debuxo convocado por ORPAGU. A iniciativa reforza a implicación da comunidade educativa e transmite ás novas xeracións o vínculo entre A Guarda e o mar.

Máis aló do evento gastronómico, a Festa do Peixe Espada constitúe un

escaparate do patrimonio mariñeiro guardés. Nun momento no que o sector afronta importantes retos económicos e ambientais, a celebración reivindica o papel das xentes do mar e lembra que detrás de cada captura hai meses de traballo en alta mar, experiencia e compromiso coa pesca sostible.

Con esta XXI edición, ORPAGU renova a súa aposta por unha festa que xa forma parte do calendario estival do verán do Baixo Miño e que continúa medrando como unha ferramenta de promoción do peixe espada, da gastronomía local e da identidade mariñeira dunha vila que vive de cara ao Atlántico.

### **As Festas do Monte 2026: a tradición que cada agosto fai vibrar A Guarda**

Declaradas Festa de Interese Turístico de Galicia, as Festas do Monte volverán converter A Guarda no corazón da celebración entre o 1 e o 10 de agosto. Máis dun século de historia, milleiros de persoas participando nos actos dunha celebración que forma parte da identidade dunha vila e un programa que mestura tradición, música, deporte e cultura fan desta cita unha das festas máis importantes de Galicia e un dos principais símbolos da identidade guardesa.

Hai lugares nos que as festas son moito máis ca un programa de actividades. Na Guarda, as Festas do Monte forman parte da memoria das xentes da vila. Cada verán, veciños, veciñas e persoas visitantes reúnen para celebrar unha tradición centenaria nun escenario único: o monte Santa Trega, un lugar que domina a desembocadura do Miño e que acolle o xacemento castrexo máis simbólico do noroeste peninsular.

Estas festas representan o acontecemento festivo máis importante da co-

marca. O seu acto máis multitudinario é o Desfile Folclórico Tradicional e de Bandas Mariñeiras, no que preto de 3.000 persoas percorren as rúas da vila entre bandas, grupos de folk e particulares, enchendo A Guarda de bombos, gaitas, caixas e unha música que xa forma parte da banda sonora do verán guardés. Pero se hai un momento que emociona especialmente é a tradicional subida ao monte Santa Trega na mañá do domingo, cando centos de familias e agrupacións musicais ascenden ao

cumio para compartir unha romaría que remata coa promesa de volver ao ano seguinte.

A historia desta celebración está estreitamente ligada ao propio monte. En 1913 descubriuse o gran xacemento arqueolóxico de Santa Trega e, un ano despois, comezaron as escavacións impulsadas pola Sociedade Pro-Monte. Foi precisamente para conmemorar aquela iniciativa e os sucesivos descubrimentos cando xurdiron as primeiras Festas do Monte. O que comezou como

unha reunión familiar arredor dun patrimonio recentemente recuperado acabou converténdose, co paso das décadas, nunha das celebracións máis recoñecidas de Galicia, mantendo sempre ese vínculo coa historia, coa cultura e coa paisaxe da vila.

As actividades son pensadas para todas as idades, no que se combinan deporte, música, tradición, exposicións e actividades culturais. Como é habitual, durante todas as mañás haberá pasarrúas con cabezudos acompañados



**Todas las habitaciones con:** baño, teléfono automático, wifi, hilo musical y TV, calefacción central y agua caliente central. Aire acondicionado en cafetería y zonas comunes.

**info@eli-marhotel.com   www.eli-marhotel.com**  
**Teléfono 986 61 30 00   Vicente Sobrino, 12 A Guarda**

**BAR**

**vaya punto**

**A. Ordóñez, 12  
Goyán-TOMIÑO  
Telf.: 629 794 300**



polo grupo de gaitas do Club da Terceira Idade, enchendo de ambiente as rúas guardesas.

As festas abríranse o sábado 1 de agosto co tradicional Campionato de Petanca no Castelo de Santa Cruz, organizado polo Club Petanca O Caldeiro. Será un primeiro aperitivo antes de que a programación entre de cheo nos días grandes.

O luns 3 de agosto chegará un dos momentos máis esperados co pregón oficial, que este ano correrá a cargo da xornalista Estela Doiro. Antes celebrárase a primeira edición da Milla Urbana das Festas do Monte, organizada pola Sociedade Atlética do Trega. A noite continuará coa actuación de Terapia de Grupo, seguida da verbena coa

orquestra Los Magos e unha sesión de DJs ata a madrugada.

O martes 4 estará marcado polo deporte e a música. O estadio da Sangriña acollerá o encontro entre o Sporting Guardés e o Celta Xuvenil División de Honra, mentres que na Praza do Reló actuarán varias corais da comarca. A verbena correrá a cargo do grupo Cayenna, antes dunha nova sesión musical con DJs.

O mércores 5 será unha das xornadas con maior carga tradicional. Ás seis e media da tarde celebrárase o Desfile do Traxe Rexional, organizado pola Asociación Recuperación Traxe Galego da Guarda. Xa pola noite, o Rock in Fervenza volverá reunir os amantes da música en directo na Praza Avelino Vi-

cente, mentres que na Alameda actuarán as orquestras La Fórmula e Saudade.

A programación continuará o xoves 6 co Campionato de Xadrez na Praza do Reló, unha exhibición de baloncesto e a verbena protagonizada por Solara e Ritmo Joven. O venres 7 estará dedicado

á danza, cun festival organizado pola Escola Attitude, a representación teatral "Os vellos non deben de namorarse" a cargo do Centro Cultural e unha nova noite de verbena coa orquestra Galilea e o grupo La Nave.

O sábado 8 de agosto volverá converterse na gran xornada de exaltación da cultura popular. Ás once e media da mañá partirá desde a Alameda o multitudinario "Desfile Folclórico Tradicional e das Bandas Mariñeiras", no que participarán máis dunha vintena de agrupacións, enchendo a vila de gaitas, bombos e caixas. Xa pola tarde celebrárase unha festa infantil con canóns de espuma e xogos populares no Auditorio de San Benito, antes da actuación nocturna do Grupo Ámbar.

O domingo 9 chegará o momento máis esperado das festas coa tradicional subida ao monte Santa Trega. Desde primeira hora da mañá, bandas mariñeiras, grupos de folc e centos de familias ascenderán ata o cumio para compartir a romaría máis coñecida da Guarda. É unha tradición que apenas mudou co paso do tempo e na que moitos participantes renoven cada ano a promesa de volver "ao monte" na seguinte edición. A despedida das festas deste ano terá lugar o luns 10 de agosto. A música tradicional volverá ser protagonista

coa actuación da Banda Galega Vento Mareiro, acompañada do gaiteiro Nadir Vázquez, antes do tradicional sorteo da rifa. A partir das dez da noite actuará o grupo Lijó, e á medianoite unha gran tirada de fogos artificiais sobre o porto poñerá o broche final ás Festas do Monte 2026, seguida dunha última sesión de DJs.

Durante toda a celebración poderá visitarse tamén unha programación paralela de exposicións, entre elas unha mostra fotográfica dos históricos desfiles das Festas do Monte, unha exposición de pintura de Chuny Vázquez e unha colección de camisetas históricas do Celta de Vigo, reforzando o carácter cultural dunha celebración que vai moito máis alá da música e das verbenas.

As Festas do Monte son, en definitiva, unha expresión da maneira de entender A Guarda. Combinan patrimonio, cultura popular, música, gastronomía e convivencia nunha celebración que soubo evolucionar sen perder a súa esencia. Máis dun século despois da súa orixe, continúan sendo o mellor reflexo dunha vila orgullosa das súas raíces e da súa historia, que cada agosto renova o compromiso de volver ao monte e manter viva unha das tradicións máis fermosas de Galicia.

**grupo Cromata s.l.**

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

cl. Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)  
Telf./fax: 986 610 108 cromata@mundo-r.es

**café bar A cultural de Guillarei**

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

**MANEL RIVEIRO**

PELUQUER@S · ESTÉTICA

30 AÑOS

DESDE 1995

📞 986 621 077

📍 Avd. Ordóñez, 27  
36750 Colón - Tomiño  
Pontevedra

📱 986 621 077

📧 info@manelriveiro.es

**TOMIFER**

Rúa Gondomar, 12 Bajo - 36740 Tomiño

Teléfono 986 62 34 12

Movil 661 069 346

tomifer@tomifer.es

**ROCHA SUMINISTROS**

**SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN**

[www.rochasuministros.com](http://www.rochasuministros.com)

✉ C/José Mª Sexto 31, A Gándara  
36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881

**Casa Telleiro**

DESDE 1984

CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ

**986 621 298**



## “Nas municipais do 27 hai dous posibles modelos para gobernar A Guarda: O desgoberno de Roberto Carrero e o PP, ou a alternativa solvente e rigorosa do BNG”

*Anxo Baz*, portavoz do BNG de A Guarda

A tensión política propia dos anos preelectorais comeza a aparecer nas distintas localidades, especialmente naquelas nas que o goberno non ten asegurado revalidar con comodidade. Unha das vilas nas que se presume un resultado moi axustado é A Guarda. No 2023 o PP acadou por moi pouco a vitoria nesta localidade do Baixo Miño. E agora, a poucos meses de afrontar un novo proceso electoral, falamos con Anxo Baz, o voceiro dos nacionalistas guardeses quen se mostra esperanzado en poder darlle volta ao resultado do 23 e obter para o nacionalismo galego a alcaldía de A Guarda.

*En pouco menos dun ano haberá novas eleccións municipais. Vas ser o candidato do BNG á alcaldía de A Guarda?*

Se os meus compañeiros e compañeiras me distinguen coa súa confianza a miña disposición é positiva.

*Como valoras estes anos de goberno do PP de A Guarda?*

É un goberno sen proxecto que se caracteriza por funcionar a base de ocorrencias, pola propaganda e polos escándalos.

*Ponme algún exemplo deses supostos escándalos?*

Hai moitos, por exemplo: A contratación irregular do tren turístico ao pouco de comezar o seu mandato, a conversión do BIC da fortaleza de Santa Cruz nunha sala de billares, os sucesivos intentos de recolocación do punto limpo..

*Algún lector de Salcidos dirixiuse ao noso medio de comunicación para protestar sobre este último aspecto que mencionas, pois un dos intentos de coloca-*

*ción do punto limpo era nunha zona moi preto da súa casa. En que quedou este asunto?*

Finalmente por mor da presión social, e despois de ter gastado 40.000€ de cartos públicos, desestimou esa proposta e polo de agora queda na zona da Sangriña na que está actualmente.

*Cando o alcalde estaba na oposición facía vídeos de maneira recorrente nos que denunciaba o suposto estado de abandono e a falta de limpeza de moitas zonas de A Guarda. Desde que Roberto Carrero é alcalde a limpeza e o coidado de A Guarda melloraron?*

Nestes eidos do coidado e da limpeza do pobo a valoración do actual goberno é dun suspenso rotundo. Por moita propaganda que empregue para tratar de amosar o contrario, a realidade é que o estado de abandono e de deterioro de moitos lugares da nosa localidade son máis que evidentes.



Anxo baz

*Cando este goberno chegou, presentou unha valoración catastrófica da situación económica do Concello. Esa valoración correspondíase coa realidade?, e que opinión tes da xestión económica do goberno do PP?*

Non, non era unha valoración real. O que había é unha situación puntual de falta de liquidez porque aínda non chegaran unhas subvencións, pero o PP espetou un bulo sobre unha suposta bancarrota que en ningún caso existía. A realidade das contas de agora é que non hai contas. O ano pasado o goberno presentou o orzamento do 2025 non último mes do ano.

En realidade iso non é un orzamento senón un dar conta do que se gastou. Cando lle afeamos esa circunstancia xustificárono en base a “ problemas técnicos, e comprometéronse a telos en tempo e forma para o 2026.

*E foi así?*

Estamos a piques de chegar a xullo e aín-

da non están. Esta é a xestión económica de Roberto Carrero.


*Cal é a posición do BNG ao respecto do anuncio do goberno de comprar a casa de don Eloi?( unha casa indiana abandonada que está á entrada de A Guarda)*

Ben, nós estamos en contra.

A nosa posición ven motivada tanto pola falta de transparencia do goberno, como polo enorme gasto que esa compra suporía para as arcas municipais, así como pola inexistencia dun plan claro sobre que é o que se pretende facer con ese inmovble e polos investimentos necesarios que se deixarían de executar no noso pobo, pois esa compra suporía dedicar integramente o plan Máis Provincia da DEPO nos anos 2026 e 2027 a sufragala

*Pero eses cartos pagaríalos a DEPO, non?*

Si, pero facendo uso da totalidade que nos corresponde do plan Máis Provincia no 26 e no 27. Non é que a DEPO poña



Telf.: 986 621 110  
667 932 855  
C/ Centinela  
36750 - GOIAN



**ARQUITECTO TÉCNICO**  
JUAN ANTONIO GONZÁLEZ BARBOSA  
Rúa A Roda nº61 A Guarda  
antoniogonzalezbarbosa@coatpo.es  
648 44 92 99



Taller - Mecánica - Chapa - Pintura

**620 898 021**

E-mail: talleresjo-car@hotmail.com

Ctra. San Roque, 62 bajo - 36789 A Guarda (Pontevedra)



BOCATAS, PLATOS COMBINADOS  
TERRAZA, APARCAMIENTO  
ZONA INFANTIL

GUILLAREI - PONTENOVA 10 B  
**986 60 17 96**



nada a maiores, eses cartos recibiríamolos igual se compre ou non se compre a casa. Só que se se compra non poderíamos facer ningún outro investimento. E A Guarda ten necesidades moi importantes.

*Alén dos cartos para mercar a casa, imaxino que tamén se precisará diñeiro para rehabilitala?*

Si, claro. Se hai un informe dunha empresa, que encargaron eles, que determina que a rehabilitación só do xardín, sen contabilizar unha parte do terreo á que a vexetación impide acceder de momento, sería de arredor de 1,5 millóns de € máis IVE. Logo hai que arranxar unha serie de construcións que están dentro do xardín. Tampouco se contempla o prezo da restauración do propio edificio. Sen saber-

mos canto custaría a rehabilitación da casa estaríamos a falar de arredor de 2,2 millóns de €.

*En que situación está este asunto?*

Eles continúan para adiante coa súa proposta.

*Como valoras a actuación que está a levar a cabo o goberno na alameda?*

É manifestamente mellorable. A actuación debéra ser integral e unida á finca de Fínola. Que nun espazo como ese, en pleno centro do noso pobo, o único que se faga sexa asfaltar e pintar as prazas para aparcar, non é unha actuación como para tirar foguetes. Nós apostamos por desenvolver o PERI nº 5, o que nos daría a posibilidade de ter chan dotacional para infraestruturas necesarias como por exemplo podería ser un auditorio.

*Sobre a conexión por transbordador con Caminha, que nos dis?*

A grande solución que nos vendeu no seu día Carrero en compañía do presidente da Xunta, o que ía ser unha embarcación de 12 prazas, quedou finalmente nunha planeadora. Por outra parte o servizo só o fan os domingos, o resto de días fano planeadoras portuguesas. Alguén terá que dar explicacións de por que non se fai.

*En relación á saída sur avanza algo?*

Naqueles vídeos que mencionaches ao inicio da entrevista Carrero dicía que cando eles gobernen a saída estaría feita, pois nin está feita a saída sur nin os terreos para o novo centro de saúde. Este goberno limitouse a facer as obras que xa tiña en marcha o goberno anterior e aínda así téñenas todas sen rematar.

*Como valoras a xestión do concelleiro de cultura e deporte, o socio de goberno do PP?*

Limitase a erguer a man cando lle manda o alcalde. É o concelleiro número 9 do PP.

*Na Guarda tedes o inmerso orgullo de terdes un equipo feminino de*

*balonmán que ven de gañar un título europeo, pero que agora, despois da retirada do seu principal patrocinador, queda nunha situación complicada. Que sabemos?*

Si, retirouse o patrocinador e tamén dimitiu o presidente. Desde o BNG agardamos unha chamada da nova directiva para coñecer cales son as súas expectativas de futuro para poder valorar e traballar man a man con eles.

*No 2023 había expectativas moi elevadas de que o BNG puidese gañar a alcaldía de A Guarda, e non puido ser. Agora ves posibilidades realistas*

*de que o nacionalismo galego acade o ano que ven o goberno no teu pobo?*

E tanto que si. Hoxe hai dous modelos con posibilidades de gobernar a Guarda, o desgoberno do PP e a alternativa sería solvente e rigorosa do BNG. Estou convencido de que a cousa vai estar moi igualada e de que a vitoria se decidirá por moi poucos votos, de aí o nerviosismo de Roberto Carrero a súa acritude cara ao BNG. Agardo que poidamos obter a confianza maioritaria da sociedade e guardesa e se é así non lles imos decepcionar nin abandonar nunca.




**estética & beleza**

Ramón Franco, nº17.  
Bajo A. O Rosal. Pontevedra.  
T. 663 146 363

f i



**Eiras Picón de Arriba, 12**

**986 620 053**

*O Rosal*

**O LAGAR EN EIRAS**



**Podopies**

Alicia Castro Rodríguez

Colegiado Nº 908  
RGS C-36-002659

C/ Tomiño, 4 baixo izq  
36780 · A Guarda · Pontevedra  
**986 184 913 · 680 466 615**  
podopies17@gmail.com



**Nivaria**  
centro de fisioterapia

Alberto Carrera Blanco  
Nº Colex 2328

Rita Cabeza González  
Nº Colex 2294

Tlf/Fax: 986 622 839  
Móbil: 677 040 683

fisionivaria@gmail.com

Rúa Gondomar 59 baixo C.C.P 36740  
Tomiño-Pontevedra.



**Bar Alimentación**

**O'COUTO**

Crta. de Camposancos, 110  
Teléfono: 986 62 72 36  
**CAMPOSANCOS (Pontevedra)**



**TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS**

**986 610 503**

Concepción Arenal, 34. A Guarda





## TALLER DE XOIERÍA E RELOXERÍA

Pablo Iglesias, 18 - Cangas

Telfs.: 986 30 58 36 - 617 64 03 77





Cousas de Salvaterra

## Morre Castell-Melhor

historia

**Antón Xaque**, veciño da vila

**A no de 1658**

...O Marqués de Viana coa noticia da entrada de Socorros a Monção e a experiencia do mal resultado dos ataques, deliberou se dar un asalto a Praza na noite do vinte cinco de Outubro, mandouse tocar repetidamente ataque para que os sitiados estivesen permanentemente en alarma e se atopasen máis cansos e menos vigorosos.

A media noite iniciouse un furioso ataque, marcharon os Tercios e batallóns para o asalto, os soldados que se encargaban de cegar os fosos executárono rapidamente, os Oficiais, que levaban as escadas, arrimáronas ás trincheiras con moito valor, máxime o subiren por elas. Acudiron os sitiados a defensa, tocáronse os sinos das campás, acendéronse os lumes e precipitouse o encontro. Os Cabos que asistían o asalto mandárono repetir o tempo que os sitiados iluminaron os fosos con candeiros de lume e varios artillos, axudaban a esta luz as moitas que escintilaban as pezas de artillería e os mosquetes, ficou tan clara a campaña que foi grande o efecto das balas nos inimigos que subían polas escadas, e Tercios de reserva.

O mesmo tempo que as trincheiras foron atinxidas, no Forte que ficaba por riba da fonte, gobernado polo Capitán Francisco Nunes Pacheco, e os baluartes e a cortina, que ollaban para a Campaña, con moito valor foron rexeitados os inimigos, perderon catrocentos homes dos mellores soldados do exército e levaron outros tantos feridos. Na Praza morreron setenta soldados, entre eles os Capitáns Antonio Ferraz, Joseph Pereyra Caldas e João Gomes de Sousa. Ficaron cincuenta feridos entre os que estaban os Capitáns Fernão Leyte Pita, Fernão Figueyra de Palhares, João Pereyra Pinto, Francisco Pita Malheyro e o Capitán Francisco Nunes Pacheco que perdeu a man dereita dunha granada que nela lle rebentou. Todos os sitiados resistiron a furia e persistencia do asalto con memorable constancia. A o día seguinte fixeron os inimigos cha-



Leça do Balio, freguesía do municipio de Matosinhos, distrito de Porto

mada, pediu o Marqués cese de armas, concedeuna Lourenço de Amorim para enterraren os mortos.

Continuaron facéndose os aproches, (fortificacións ou trincheiras que os sitiadores construían para achegarse de forma segura a fortaleza inimiga), achegándose as trincheiras que cubrían o Arrabaldo e o Mosteiro de S. Francisco, e facendo un aloxamento xunto a un Fortín chamado do Montinho, comezaron a minalo, e coñecendo Lourenço de Amorim o apuro a que se vía reducida a Praza, resolveu avisar ó Conde de Castell-Melhor elixindo para esta empresa a Francisco Alvares Galé, pagador Xeral daquela Provincia, que ficara na Praza e a Fernão Taveyra de Palhares, que sen risco conseguiron chegar o cuartel de Paredes, onde se atopaba a retagarda, pero xa non estaba o Conde de Castell-Melhor, porque despois de intentar facer o posíbel por xuntar xente para romper as liñas inimigas, non o logrou xa que eran máis os que fuxían que os que se sometían o rigor militar, iso a pesares dos castigos os que se enfrontaban.

O Conde encomendoulle a Fernão de Sousa Coutinho que intentase meter na Praza un novo socorro polos mesmos pasos do primeiro, o que felizmente conseguiu, introducindo en Monção por Salvaterra oitenta Infantes, de que era Cabo o Capitán Diego de Caldas Barbosa. Entre tanto o Conde retirouse

a Ponte da Lima con unha febre orixinada por unha doenza e unha melancolía que o obrigou a sangralo oito veces.

Coa mellora do sitio da Vila, pareceu que levantaba o ánimo, pero o certo é que a trece de Novembro de 1568, con todos os Sacramentos e actos de verdadeiro Católico, acabou a vida de João Rodríguez de Vasconcelos e Sousa, segundo Conde de Castell-Melhor. Sentiuse grandemente a súa falta, pois estaba o Conde de dotado de virtudes que acostuman ter os varóns mais excelentes. Era moi valente, intelixente

e sumamente fiel da conservación do Reyno. Non descansaba no traballo dos negocios, pero en moitas ocasións se descompuxeron por consentir que descansasen os que lle obedecían. Naceu o Conde cuarto fillo de seus pais, debeu ao seu merecemento a grandeza da súa Casa. Era de estatura pequena, máis de presenza agradable, morreu a idade de sesenta e cinco anos, deixou por sucesor a Luis de Sousa de Vasconcellos, que subiu a súa Casa a maior e mais varia fortuna. O Xeneral de Artilería Nuno da Cunha, logo que recibiu a nova da morte do Conde, deu conta a Raíña, facéndolle ver o moito que a falta do Conde acrecentaba o perigo, non solo de caer Monção e Salvaterra, senón de toda a Provincia.

Asistían a Nuno da Cunha no cuartel o Vizconde de Vila-Nova, o Conde de Miranda, D. Francisco de Azevedo, o Balio de Leça, Frey Diogo de Mello Pereyra, e todos sin controversia prometeron obediencia ó Xeneral, en canto a Raíña non nomeara un novo Gobernador da Armas. Chamou o Xeneral a consello e todos conviñeron en mudar aquel cuartel para as Aldeas das Chozas, situadas nun vale rodeado de ásperas serras que o protexían, asemade con abondosos mantementos e tan pouco distante dos cuarteles dos Galegos, que do alto das serras se descubría toda a Ribeira de Monção, regado ademais coa abondosa auga do río Vez.

Cando chegou o Xeneral ó cuartel atopou de todo o previsto, pero carecía de medios económicos e xente, pois somente contaban con tres mil soldados, bisoños, porque os adestrados estaban xa en Monção e Salvaterra e noutras Prazas ameazadas de igual perigo. A Cabalería constaba de catrocentos cabalos debilitados có prolongado tempo de Campaña.

Nuno de Cunha mandou a Fernão de Sousa e Miguel de Lascol recoñecer os cuarteis inimigos, con grande perigo executaron a orde, referindo logo no Consello o que viran e o que entendían. Que a importancia das Prazas e o apuro dos sitiados solo era estimulado pola posibilidade de introducirlles socorros, que estas circunstancias concorrian solo en Monção, porque coa súa perda caería case toda a Ribeira do Miño, un dos mellores distritos de toda a Provincia, e os seus defensores, despois de valerosa resistencia de tres meses, chegaron a unha situación extrema, defendendo con as poucas municións e subministros, unas débiles trincheiras contra un poderoso exército.

O remedio dos dous socorros anteriores que felizmente se introduciran, foi útil para aumentar os defensores pero foi prexudicial por diminuír os subministros, chegando o extremo de que, da morte de uns dependía a vida de outros. Era necesaria unha pronta resolución e dificilmente se albiscaba algunha, que non fora mui perigosa, pois o exército galego si ben diminuía coas mortes, crecía coas levas, as súas fortificacións eran de calidade, tal que solo os Fortes exteriores eran once, con fosos de trinta pes de alto e os cuarteis eran tres ben flanqueados, axudados pola aspereza do lugar, tanto que dificilmente poderían ser superados por un gran exército. Estaba claro que con Monção perdido, non se podía defender Salvaterra e desta conquista dependía o futuro de toda a Provincia...

**Proseguirá...**

**Fonte: Portugal Restaurado, parte II, libro III, Luís de Meneses, Conde de Ericeyra, Lisboa.**



Tlf.: 986 65 80 18  
Fax: 986 65 82 69  
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros  
Salvaterra de Miño

## Aridos do Mendo, s.l.



*Aridos e Formigóns*



## As Nieves FC construíndo futuro desde a base

**“Para asegurar a súa continuidade no tempo o equipo ten que estar formado por rapaces de As Neves, e debe de ter unha canteira moi sólida”**

*Salvador Pérez*, presidente

O fútbol modesto encara o inicio dunha nova temporada coas dificultades habituais para conseguir o financiamento necesario, que lles permita pasar o ano coa tranquilidade necesaria para tratar de lograr os obxectivos deportivos que se propoñan.

Un deses equipos é o da vila de As Neves que, como tantos outros, pode seguir existindo grazas o traballo voluntario, altruísta e incansable dalgún dos seus directivos. O seu presidente é Salvador, e desde hai anos decidiu levar a cabo unha política de canteira que permitira nutrir ao equipo con xogadores da propia localidade, o camiño máis adecuado para asegurar a súa continuidade no tempo. Nós falamos con el.

**Como foi a temporada este ano?**

Foi bastante boa. Houbo que pelexar moito, como todos os anos, pero o resultado global foi satisfactorio.

**Algún equipo tivo resultados especialmente satisfactorios?**

Si, os xuvenís foron campións da súa liga.

**A vosa canteira é relativamente recente, verdade?**

Si, montámola máis ou menos nos últimos cinco anos. Agora temos 6 equipos, algo que me produce unha enorme satisfacción.

**Cantos xogadores e xogadoras practican fútbol con vós?**

Arredor de 120.

**Temos equipo feminino?**

Non, non temos. Gustaríame moito pero nas Neves non hai nenas dabondo para formar un equipo. Temos algunhas nenas xogando pero fano en equipos mixtos.

**Os maiores en que categoría competiron e en que posto remataron a liga?**

Competimos en 3º autonómica. E faltounos nada para disputar a fase de ascenso. Quedamos de quintos empatados a puntos co 4º, o último que xogou a promoción, pero por peor diferencia de goles non fomos nós.

**As Neves non ten potencial para ter un equipo en 2º autonómica?**

Si, si que o ten. Pero ollo, se queremos



Salvador Pérez

ter perspectivas de continuidade no tempo, e cando digo de continuidade quero dicir a longo prazo, é necesario que o noso equipo estea formado maioritariamente por mozos de As Neves. Só se existe esa vinculación afectiva que dá ter nacido no propio pobo, poderemos asegurar que o equipo siga a existir. E nese sentido a min paréceme prioritario formar o equipo con rapaces do pobo que buscar calidade futbolística en persoas doutras localidades.

**Esta temporada todos os xogadores foron de As Neves?**

Practicamente todos.

**Tes intención de seguir coa mesma política?**

Si, absolutamente si. É a máis adecuada para poder garantir a nosa existencia.

**E non é posible compatibilizar as dúas visións, ter maioritariamente xente de As Neves e tratar de ascender de categoría?**

É que estamos niso. Nós queremos ascender de categoría pero con xogadores

de As Neves e tendo unha canteira forte que permita fornecer ao primeiro equipo.

**Que presuposto anual tendes?**

Arredor de 40.000€

**Como facedes para conseguir esa importante cantidade de cartos todos os anos?**

É moi difícil, abofé que o é. Ás veces hai que facer pouco menos que maxia para podermos cubrir o orzamento. Vendemos lotaría, a cantina funciona moi ben... pero aínda así ás veces non chega, e teño que adiantar eu cartos...E logo están todos os patrocinadores sen cuxa axuda sería todo moito máis difícil e aos que quixera dar as grazas pola súa colaboración desde o máis profundo do meu corazón.

**O Concello non vos dá unha subvención?**

Si, e tamén é moi importante para nós. Pero apenas chega para cubrir o 20% do orzamento. A min gustaríame recibir algo máis por suposto, pero son consciente de que somos moitos a repartir e de que As Neves ten os re-

Joyería - Relojería  
**SANTATERESA**



C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA  
Teléfono: 886 155 560  
Mail: santatareixa@hotmail.com



**Rectoral de Fofe**  
Descanso en entorno rural

Restaurante y cafetería abiertos todo el año  
Aldea de Arriba 13, Fofe - COVELO  
Tel: 986 66 87 50      www.turismoruralrectoraldefofe.com

**asesoría terra**

"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"




**asesoría terra**

Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo



cursos que ten.

*Que tal son as relacións con este alcalde?*

Con este e con todos os anteriores son moi boas. Tanto Emilio, como Xose como o actual alcalde sempre se portaron moi ben co club.

Aquí si que teño que dicir que me gustaría que fose mellor. É difícilísimo conseguir que as persoas se impliquen. Ás veces teño a sensación de que o temos que facer todo as persoas da directiva, e eu xa non son ningún rapaz e estou canso. Por outra parte o público non ven moito ao campo. Veñen os familiares dos xogadores e pouco máis. Incluso en ocasións hai problemas de comportamento do público cos árbitros, algo completamente inaceptable. Aos árbitros hai que respectalos e non se lles pode insultar en ningún caso.

*Canto tempo levas como presidente?*

Levo 15 anos. E estou moi canso. Gustaríame moito que aparecera alguén máis novo que se animara a continuar.

*Cando non esteas como che gustaría deixar o equipo?*

Un equipo sólido, solvente, formado por xente de As Neves e cunha canteira importante que permita asegurar a nosa continuidade no tempo.

*A próxima temporada imos a pola segunda autonómica?*

Imos tratar de ascender, desde logo que si.



*Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira*

## Recordos que non se esquecen

opinión

**S**on os da miña madriña, Alfonso Alonso Cambra, que semellan vínculos fondísimos dos que permanecen mesmo cando xa non hai palabras nin presenza física. Este soño ten moita forza: «Eu entrando na estancia de Cambra, no rueiro do Casco, en Fornelos da Ribeira, coma cando era neno, e ela esperando por min...». Isto non se esquece nunca, porque a madriña vive aínda no máis fondo do meu corazón.

Non fai moito tempo soñei con ela e volvíñ ser neno, encontrándoa no eido, coma tantas veces fixen na infancia. Alí estaba, esperando por min, coa mesma mirada sorrinte e calada.

Aquel soño deixoume unha emoción difícil de explicar, porque souben despois que, antes do seu finamento, hai xa tantos anos, estivera preguntando por min. Talvez por iso aparece no meu camiño moitas veces, coma quen non quere marchar sen deixar unha derradeira aperta da alma.

Levo comigo a súa memoria, o seu cariño e aquela maneira sinxela de querer, sen pedir nada a cambio, porque as persoas así non morren nunca de todo. Quedan vivindo nos recordos, nos silencios e nos pequenos rueiros da infancia, onde un segue entrando co pensamento, mesmo moitos anos despois. Eu, cada vez que penso nela, volvo entrar naquel eido de Fornelos da Ribeira e sigo vendo a madriña esperando por min...

Hoxe, logo de tantos anos, levo na memoria o eido de Cambra, os viñedos e as uvas nas mans pequenas sobre a terra, e a inocencia dun neno que aínda vive no recordo, como unha testemuña

da alma.

Grazas a Nova Peneira, recréome no fogar, na sombra dos viñedos, nos camiños da infancia que nunca desapareceron de min. Vézome de neno, plantando as caraveliñas, coidadas con ilusión, e as fresas, tan doces e saborosas, que parecían ter o gusto mesmo da felicidade.

Todo aquilo ficou gardado no máis profundo do corazón: a estancia, o arrecendo da terra mollada, o sol pousado nas viñas e a presenza dos cans xunto á miña madriña.

Son recordos dun mundo que xa non volverá, dun tempo sinxelo e verdadeiro que os anos non puideron borrar.

Con noventa e cinco anos á porta, sei ben que aqueles momentos non se repetirán nunca máis. Mais seguen vivos dentro de min, coma unha luz pequena que o tempo non apagou. E, ás veces, cando pecho os ollos, volvo entrar naquela estancia da nenez... E todo parece seguir alí, esperando por min.

Vézome recollendo flores no xardín, escolléndolas con mimo e devoción, e coa madriña levándolas á Igrexa de San Xoán, padroeiro da parroquia. Parecía que falaba coas flores mentres as cortaba, coma quen prepara unha pequena ofrenda feita de humildade e cariño.

Máis dunha vez vin camiñando da súa man polo rueiro do Casco ata as Fraguas. Era un rapaz de aldea, feliz. E ela, coa súa dozura silenciosa, mercábame unha pastilla de chocolate na tenda do Xurreiras para merendar debaixo da Carballeira.

Que sabor tiña aquela pastilla de chocolate! Non só era doce, porque sabía a infancia, a protección e ao amor ver-

dadeiro.

Que tempos de felicidade! Tempos pobres e ricos en fame e miseria. E tamén ricos en calor humano, en agarimo e en paz.

Atrás quedan só recordos que o tempo non conseguiu borrar e que regresan amodiño, como o vento suave vindo das viñas e do eido da nenez.

E un comprende agora que hai persoas que nunca marchan de todo, porque seguen paseando connosco polos camiños do corazón. A madriña non só era familia: era agarimo, protección, fogar, tenrura e memoria viva dunha época feliz. Por iso, o meu corazón chámala cada día, porque forma parte do que son.

Cando unha persoa nos quere de verdade na infancia, queda dentro de nós para sempre, coma unha luz acesa no fondo. E coa idade esas luces brillan aínda máis, porque o corazón vai buscando naturalmente os lugares onde foi feliz.

Talvez por iso penso nela a diario, porque a alma tamén ten memoria e nunca esquece a quen a tratou con tanto amor. Forma parte da miña vida, da miña identidade e da miña historia.

O tempo leva as persoas, os lugares e as voces, pero non pode borrar o que foi verdadeiro e querido. E cando ese amor é sincero, o normal non é esquecerlo, senón traelo de volta en forma de recordo, de emoción e de presenza interior.

Aquí queda, unha vez máis, grazas a Nova Peneira, como unha páxina escrita que xa non se borra e que seguirá formando parte deste libro da vida.

D.E.P.

apeneira

O teu xornal en galego



**Cafetería**

**La Parada 24H**

Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

**GASOLINERA 24h**

Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

**Taller Salco (9-13:30/15-19)**



**MENTA POLEO**

arte en flor

**Servicio 24horas.**

+34 629 505 958 | +34 986 659 288

Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño

info@mentapoleoartenflor.com

www.mentapoleoartenflor.com



## “Ponteareas non pode permanecer máis tempo na parálise na que a sumiu o PP”

**Cristina Fernández**, candidata do BNG á alcaldía de Ponteareas

A ex alcaldesa nacionalista Cristina Fernández será a candidata do Bloque nas municipais do ano próximo.

A recuperación do goberno de Ponteareas para o PP foi unha verdadeira traxedia para a sociedade ponteareá. Desde ese momento a capital do condado vive afundida na máis absoluta parálise dun goberno escuro, que carece de modelo de vila e só se limita a xestionar o día a día como boamente pode.

O goberno dos Castro foi a etapa máis negra da historia desta vila. É necesario a derrota democrática de quen representa absolutamente o mesmo que leva padecendo Ponteareas ao longo de tantos anos da súa historia. Non vai ser fácil, pero tampouco é unha tarefa imposible. Só cómpre que as 3 forzas de esquerda que o 27 van presentar candidatura ( BNG,P-SOE,PEC) soban 2 concelleiros entre os 3. A candidata do BNG amosouse ilusionada e esperanzada en que un goberno progresista, encabezado polo nacionalismo, poida mandar nas vindeiras eleccións ao nefasto goberno de Nava Castro ás súas casas.

*Ves de ser nomeada candidata do BNG á alcaldía de Ponteareas. Que significa para ti obter a confianza dos teus compañeiros e compañeiras?*

Estou tremendamente honrada pola confianza que en mi deposita a militancia nacionalista de Ponteareas. O BNG é un proxecto colectivo, e ten claro Tino que compartir camiño coas persoas do Bloque local é un pracer inmenso para min. Vou dar o mellor de min mesma para tratar de estar á altura.

*No ano 23 a dereita de Ponteareas puido recuperar o goberno da localidade. A dereita local está dividida en 3 grupos: PP, ACIP e IP. Hai algunha diferenza conceptual entre eses 3 grupos,*

*ou é todo o mesmo?*

É todo o mesmo. É a dereita fragmentada. Interésalles máis presentarse así pois semella que a nivel electoral lle vai mellor. Pero non hai ningunha diferenza entre eles. Os tres son o mesmo tipo de dereita.

*É unha dereita agresiva e maleducada?*

O PP está desatado. Aplican o modelo de facer política de Madrid a todos os lugares, nos concellos galegos tamén. Os outros dous grupos están máis cómodos deixándolle facer ao PP.

*Cal é a situación económica real do Concello de Ponteareas?*

O Concello cada vez está máis ende-



Cristina Fernández

bedado. Na liquidación que se fixo no 2025 aparecía unha partida negativa en tesourería.

*Desde que comezou a dereita a gobernar en Ponteareas leva un endebedamento de arredor de 5 millóns de €.* *Ese endebedamento polas cantidades que refires produciuse neste mandato?* Si.

*Entón non parece moi difícil cualificar a xestión económica do equipo de Nava Castro?*

Non, por desgraza só se pode dicir que é unha moi mala xestión económica.

*De feito veñen de pedir algún préstamo de importe moi elevado. Sabes para que é?*

Para poder rematar algunhas obras que non poden acabar porque non teñen recursos económicos suficientes.

*Que opina o BNG da suba da taxa do lixo que fixo o goberno municipal?*

Non estamos de acordo. Foi unha suba excesiva e innecesaria. Eles están xustificándoo dicindo que tiveron que subilo para poder responder ao crédito que nos deron para a depuradora.

Pero iso non é certo. Eles xa subiron un 25% o ano pasado cando aínda non se pagaba nada deste crédito. Asemade o goberno subiu en moitos casos o 100% do recibo e incluso chegaron a subilo ata un 140%.

Nós temos estudado de maneira rigorosa canta porcentaxe da suba corresponde ao crédito que alegan, e só é un 20%. E o resto para onde vai?, porque para facer investimentos non é. Vai para o puro e duro dispendio.

*Ponme algún exemplo dese suposto dispendio?*

Pois a contratación dun perfumista para que faga un perfume cun suposto aroma do Corpus por un importe de 40.000€, ou o derrubido da escola infantil, algo completamente innecesario.

*Ben, danos a opinión do BNG sobre o derrubido desa escola infantil?*

Ese derrubido non se pode cualificar máis que como unha auténtica barbaridade.

*O edificio novo que alberga agora á escola pasou de 87 nen@s a 93. En ver-  
dade para ese aumento tan cativo era*

**GALIPOR**  
GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES, S.L.  
**SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA**  
Polígono Chan da Ponte P 14  
36450 Salvaterra de Miño  
986 658 257

Cafetería **Gonixal**  
San Gregorio, 3 Morndariz

**tapería A Chan**  
Bugarín · Chan, 10  
36869 PONTEAREAS  
Facemos Comida para levar  
986 66 15 19  
687 30 98 62

**O REMENDÓN**  
CERRAJEROS  
Apertura e substitución de cerraduras  
637 764 865  
www.cerrajeroremendon.es  
24h.



**necesario derrubar o antigo edificio?** Non, claro que non. Desde logo que non. Hai moitos servizos que precisan un edificio, como atención temperá, ou distintos colectivos sociais que fan un traballo moi importante e que estarían encantados de poder dispor dun espazo para traballar.

**Que hai agora no espazo no que estaba o edificio derrubado?**

A alcaldesa di que quere facer un pulmón verde. Pero nas dimensións dese solar apenas se van poder plantar 20 árbores.

**Cal é a posición do BNG ao respecto das reivindicacións da comunidade educativa do IES do Barral?**

Nós apoiamos esas reivindicacións total e absolutamente.

**Na campaña electoral o PP comprometeuse a rematar o saneamento neste mandato. Cumpriron o compromiso? Ou polo menos avanzaron significativamente?**

Quero dicir con toda a contundencia que o PP riuse da xente, ríronse de todas as persoas que de boa fe creron nese compromiso. Levan 3 anos e non fixeron nin un só metro de saneamento. O único que se impulsou foi a 1ª fase de saneamento de Ribadetea que xa estaba feita á espera de acadar financiamento.

**Que opina o BNG ao respecto da pista de atletismo no centro?**

Unha vergonza, un proxecto que ningún pediu. Inicialmente tiñan proxectado facela de 200 metros pero a comunidade atlética protestou porque ao ter forma ovalada podería producir distintas lesións aos atletas, e despois de darlle voltas o que fan é unha pista cuberta de 60 metros. Este proxecto é un capricho do goberno ou un compromiso particular con alguén, non ten outro sentido.

**O PP vota a favor no pleno municipal da creación dunha nova praza de**

**xuíz en Ponteareas, pero vota en contra diso mesmo no parlamento. Que posición ten o BNG?**

A carga de traballo que ten o xulgado de Ponteareas é terriblemente elevada, co que non resulta fácil fixar persoal. O voto en contra no parlamento do PP ao respecto disto, ten relación coa súa negativa a que a Xunta dote ao xulgado dos funcionarios necesarios para esa hipotética nova praza de xuíz. O PP vota nun sentido no pleno, e no sentido contrario no parlamento. Unha vergonza e unha burla á veciñanza de Ponteareas.

**Os gobernos do BNG, tanto o de Pepe Represas como o teu, terían luces e sombras como calquera, pero o que é indiscutible é que tiñades un modelo de vila para Ponteareas. O goberno de Nava Castro e o PP ten un modelo de vila?, ou limitase a xestionar o día a día como poden?**

Non teñen nin modelo, nin proxecto ningún. É un goberno que se move en base á improvisación e aos caprichos. Alén de carecer de modelo, algo máis que evidente, xestionan moi mal e tratan de desfacer o bo que o BNG deixou feito, un modus operandi disparatado que agardo que a cidadanía saiba valorar.

**De transparencia como anda este goberno?**

Está no 0 absoluto. A situación é tan mala que se ten dado o caso de que pasadas ás 23:00 h nos convocan a un pleno para ás 9:00 da mañá do día seguinte.

**Rematamos Cristina: Agora mesmo a dereita ten 12 actas e a esquerda 9. Para que o BNG recupere o goberno habería que darlle á volta tan só a dous concelleiros. Voto realista?**

É perfectamente realista. Xa no ano 23 estivemos a moi poucos sufraxios, arredor de 300, de gañar en votos ao PP e desta volta imos a por todas pola vitoria. Ponteareas non pode permanecer

máis tempo na parálise, na inacción, na improvisación e na pésima xestión na que a sumiu o PP. E no BNG local temos moi claro que daremos o mellor de nós para poder chegar ao corazón da

maioría social de Ponteareas. Alén de realista, é moi necesario para non volver caer máis tempo na profunda escuridade na que a dereita local sumiu ao noso pobo ao longo da súa historia.

## Os poemas de **Mar Míguez** **Na pel**



Na pel,  
ficou cravada na pel  
a espiña torta das palabras  
que non dixen.

Agora busca unha saída que non e  
e temo que ficará ahí para sempre

Na pel,  
atravesando e magoando  
a coraza morna dun ser feble  
que acarrega bagoas  
na cunca dos ollos.

Na pel,  
quedou na pel amarrado  
o sentimento lenz,  
a pinga dun sangue  
que destínxe a momentos  
e pregunta ti.

A resposta ficou presa nos beizos

Na carne...

Na pel...

Na miña pel...



**AS NEVES**  
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.  
Mecánica, Chapa  
y Pintura al Horno  
B- 36307866  
Tlf.: **986 68 29 08**  
**667 36 70 41**  
Pazo, n.º8  
36449 Tortoreos  
As Neves  
talleresneves@gmail.com

audífonos  
**escoita**®

PRUÉBALOS  
**GRATIS**

escoita.gal

Vigo | Ourense | Redondela | Porriño  
Ponteareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz

**900 525 754** | escoita.gal  
tel.: gratuito

**AGROPARAÑOS**

|                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| · Piensos en xeral      | · Plásticos e mallas |
| · Cereais               | · Ferretería         |
| · Abonos / Sulfatos     | · Patacas            |
| · Sementes e plantas    | · Venda de polos     |
| · Viña, horta e froitas | · e galiñas          |

**SERVICIO A DOMICILIO**  
**664 414 191**  
PARAÑOS, 3. COVELO



## Luis Gonzalo Segura presenta en Galicia o seu último libro: “España cara B”

**“Este libro ispe a moita xente e amosa unha cara de España que moi poucos se atrevenían a contar”**

*Luis Gonzalo Segura*, denunciante de corrupción

Despois de catro anos tivemos o pracer de recibir novamente a visita de Luis Gonzalo Segura. Lembremos que Luis era tenente do exército de terra, e foi expulsado da carreira militar tras denunciar a existencia de presuntos graves casos de corrupción.

Desde ese momento xa son 7 os libros que escribiu este rapaz madrileño de nacemento, pero universal de espírito e de corazón.

A finais do mes de xuño visitounos para facer tres presentacións (Redondela, Vigo e Mondariz) do seu último libro: “España Cara B”. Neste ensaio, que xa vai pola terceira edición, Luis retrata á España que está entre bambolinas, a esa España que é a que en realidade manda e que é moi diferente á “democracia plena” que algúns nos queren vender.

*Levabamos varios anos sen verte por Galicia Luis.*

Pois si, e non creas que foi por gusto. Eu adoro Galicia e cada vez que teño ocasión achégome por aquí. Lamentablemente non podo vir todas as veces que quixera.

*Cal é o motivo desta visita?*

Veño facer varias presentacións do meu último libro “España Cara B”.

*Cales son as primeira impresións?*

Estou moi satisfeito. O libro acaba de saír á venda e xa imos pola 3ª edición. E iso que ao non ter cobertura nos grandes medios de comunicación non resul-


ta nada doado.

*De novo un ensaio?*

Si, xa é o 5º e creo que de momento será o último porque o seguinte que me gustaría publicar é unha novela.

*Que nos contas en “España cara B”?*

Sobre todo a miña experiencia como denunciante de corrupción nestes últimos anos, e o que levo coñecido dos medios de comunicación, dos partidos políticos e das entrañas do poder. Eu veño dunha familia moi franquista, e sufrín moita máis hostilidade por ter denunciado corrupción que pola procedencia franquista. Esa situación, creo eu



Luis co seu novo libro no campo do Choco

que nos dá unha idea de en que punto se encontra España a día de hoxe. Este libro ispe a moita xente e amosa unha cara de España que moi pouca xente se atrevería a contar, pois quen o fixera tería un risco mo elevado de sufrir o estigma social.

*A dous denunciante de corrupción como Ana Garrido ou ti trataron de asasinarvos civilmente, polo contrario a Aldama, corruptor e corrupto que só denuncia cando xa o cazaran, pouco menos que lle poñen un marquesado. Por que esa asimetría?*

É asombroso si. O mesmo TS que foi durísimo nas súas sentenzas contra outros denunciante de corrupción, é extraordinariamente xeneroso con este señor que trata de desestabilizar ao goberno. Son decisións xudiciais como pouco moi cuestionables.

*Para ti trátanse de estratexias construídas para tratar de mudar o goberno?*

O que parece evidente é que as elites non paran de conspirar para tratar de que a súa concepción patrimonial do poder se faga realidade, e só poidan

**JUAN CARLOS FOTOGRAFO**

**SERVICIOS FOTOGRÁFICOS**

- REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
- RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
- VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET

Tel: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239  
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com  
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

**LEIRAUTO TALLER**

**Talleres Leirauto S.L.L.**

**MECÁNICA EN GENERAL**

**CAMBIO DE LUNAS**

**MANTENIMIENTO**

**NEUMÁTICOS**

**PRE ITV ...**

986 657 255  
648 606 300  
leirauto@gmail.com  
San Roque 5B 36457  
Leirado - Salvaterra

**Ferretería Alpe, s.l.**

**MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN EN GENERAL**

Tel.: 986 65 64 66 - MONDARIZ

**EA ESPACIO arquitectura**

arquitectura | gestión | urbanismo

Marqués de Viana 12 - Bajo  
SALVATERRA DE MIÑO

+34 886 663 033 | info@espacioarq.es | espacioarq.es



governar eles. Esta estratexia de xudicializar a política para obter beneficios partidistas viuse especialmente clara no caso de Podemos. Creio que foron 12 as demandas por supostos delitos moi graves que lles presentaron e todas quedaron en nada. Cando se presentan os medios danlle unha dimensión extraordinaria. Recordemos a Ferreras co seu "Es muy burdo pero voy con ello", e cando moito tempo despois se arquivan o dano político xa está feito.

#### **Cal é a túa opinión sobre o caso Zapatero?**

Un novo exemplo de asimetría xudicial. É evidente que o sistema persegue con máis intensidade a uns que a outros. Iso non quere dicir que Zapatero sexa un tipo de comportamento moral impecable que estea sufrindo unha persecución inmotivada. Non, hai cousas que non pintan ben. E teremos que ver como remata. Pero a asimetría xudicial é máis que evidente.

Todo o sistema queda mal: Os xuíces por asimétricos, os corpos policiais polo enorme interese con que se toman os casos que afectan á esquerda, os servizos de intelixencia exactamente igual.

**Os corpos de seguridade empréganse con maior dureza contra as persoas que van a unha manifestación convocada pola esquerda que contra os asistentes a manifestacións de extrema dereita?**

Parece que é o día a día, si. Esa é unha das consecuencias da mitolóxica transición que viviu España. Esa transición consistiu en deixar no poder aos mesmos que estaban antes, e como consecuencia todos os piares do estado están situados no lado dereito.

**Terminamos Luis: En Palestina o estado de Israel está a cometer un xenocidio?**

Si, lamentablemente si. É a maior atrocidade de toda a nosa xeración



*Alberte Román*, Xestor cultural

## Redondela quer un alcalde, ou alcaldesa, do Bloque.

opinión



atento lector terá percibido que o titular deste artigo non deixa de ser un isco para atraer o interese para o que nel se recolle. O que hoxe chaman clickbait, e o que sempre se chamou un titular polémico. Aínda así, o titular recolle unha verdade, tal vez incómoda. Porque este artigo nace dunha constatación, dun feito que non nos pode ser alleo, como é que en Redondela existe, dirémolo dun xeito clásico, unha masa social á esquerda do PSOE bastante significativa. E espazo político nunca frutificou nun goberno liderado por un alcalde ou alcaldesa de esquerdas. En Galicia, ese ámbito de representación política é, para entendérmonos e con todos os asteriscos que queiramos colocar, mundo benegá, principalmente.

Aínda sabendo que o electorado ten comportamentos distintos segundo o proceso electoral de que se trate, quen faga unha revisión dos resultados electorais nas diferentes eleccións autonómicas poderá constatar como en Redondela, entre 1997 e 2024, a esquerda conseguiu maiores apoios que o partido socialista en seis das oito convocatorias. En catro desas seis ocasións, o Bloque foi a organización que maiores apoios acadou nese espazo político. Nas autonómicas de 2024, en Redondela o Bloque foi primeira forza superando mesmo ao PP.

Hai pois unha maioría social local de esquerdas que se ten manifestado de xeito reiterado en diferentes procesos electorais, mais que nunca se materializou nunha alcaldía da esquerda transformadora.

E o asunto resulta aínda máis chamativo, pois nos últimos anos o Bloque ten atinxido alcaldías en vilas e cidades que

tiñan sido espazos hexemónicos do PP desde o franquismo. Véxase o caso de concellos como Pontearreas ou Ribeira, por exemplo. En ocasións, eses gobernos nacionalistas teñen enraizado, noutros non, mais o que é salientábel é a capacidade da fronte soberanista de convencer a electorados diversos e revirar contextos políticos moi adversos. Aquí, a pregunta a facer é: porque en Redondela non?

Entendo que se trataría dunha mestura de causas, como certa incapacidade da organización local para conectar con sociedade redondelá, non facer unha lectura certa dos tempos políticos e manter un férreo control interno. Pola contra, a pouco que un teña estado atento, naqueles lugares onde teñen acadado alcaldías, percíbese un Bloque máis fresco e con maior capacidade de conectar cun espazo electoral que supera os marcos tradicionais do soberanismo.

A min faime retrotraer ao ciclo político na metade dos 90. Nesa etapa, a nivel nacional o Bloque viviu un momento de crecemento, o seu particular Gran Salto institucional, que lle permitiu acadar espazos de poder institucional como nunca tivera, e fixo que o seu modelo de organización acadase notoriedade máis alá de Galicia. Son dos que pensa que se as cousas non se tivesen torcido daquela, o Bloque local estaba chamado a acadar a alcaldía naquel ciclo político. O camiño estaba certo para que se conseguise. O tempo de Xaime Rei estaba esgotado, a organización tiña un proxecto e unha equipa humana que estaba conectando coa sociedade, con presenza na vida social e cultural da vila e das parroquias. Como é sabido, as cousas torcéronse. Todo se rompeu en 1995 cando dous

concelleiros dimitiron logo de se ver forzados a dar o seu apoio ao daquela alcalde, Xaime Rei, motivados por dinámicas pos-electorais a nivel nacional. As bases locais tiñan aprobado negociar o apoio a partir da retirada de Xaime Rei, entre outros aspectos. A negativa do PSOE local a negociar ese punto, levou a situación a un beco sen saída. Desde o hoxe, podemos pensar que tal vez non se soubo ler ben o contexto político. O PSOE local non era o de Vigo. Na cidade olívica na lexislatura anterior, o Bloque tivera a mesma estratexia pedindo a cabeza de Manoel Soto, algo que fora aceptado polo partido socialista.

Este episodio pasou formar parte da historia da política local e abriu un período no deserto que xa dura de máis. Esta crise provocou unha fractura, tanto na organización, como desta coa sociedade. Despois diso, a traxectoria do Bloque a nivel local estivo marcada por unha evolución desigual. Estiveron na oposición, gobernaron en coalición, ao socairo do Psoe, sen desenvolver políticas ambiciosas, e resultados máis ben modestos. No xeral, un ten a sensación dunha prolongada incapacidade de conexión da organización local coa sociedade redondelá.

Non ter collido a maré daquel ciclo político levou o proxecto soberanista local ao lugar onde que se atopa despois de trinta anos? Non sei. O que semella claro é que a fenda entre a organización e o seu espazo político parece que se mantén no tempo. E tampouco é que se vexa moita vontade por gañar, en verdade.

E será que imos ser o último concello do país en ter un alcalde, ou alcaldesa, do Bloque? Parece que estamos no camiño certo.



**EnoVít**  
LABORATORIO ENOLÓGICO Y VITICULTURA

Rosalía de Castro, 76 Bajo  
36450 Salvaterra de Miño  
Telf.: 986 65 90 33  
Móvil: 676 450 438 - 636 649 232

enovit@enovit.es  
www.enovit.es

**Ferretería Bazar** **Materiales de construcción**

**Mondariz**

Avenida del Val, 1 36870 - Mondariz

**986 656 002**

**INSTALACIONES AS NEVES**

**FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS**

**MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ**

**986 667 012 | 608 884 729**

**C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES**





## A Peatonal do Calvario

opinión

Lois Pérez Leiva

É un auténtico pracer pasear pola peonal do Calvario, onde as terrazas dos bares parecen o epicentro do universo, rebosantes de soños, de tertulias futbolísticas onde se decide o destino do Celta e de conversas profundas sobre se vai chover ou se o ribeiro da taberna da esquina ten ese aroma a uva madura que che reinicia a vida. É un escenario que roza o realismo máxico, un microcosmos vibrante onde a gastronomía e a conversa son a moeda de curso legal. Porén, toda esta maxia esvaécese en canto un baixa a vista ao chan e dá de fociños co verdadeiro realismo, pero desta vez, do tipo asfáltico. É inevitable sentir certa desolación ao ver o estado de abandono das lousas de granito, porque o que debería ser un paseo agradable converteuse nunha proba de habilidade de nivel olímpico que nin o mellor atleta superaría sen algún que outro susto.

Dá a sensación de que o noso alcalde, con tanto mirar cara arriba para planificar a seguinte iluminación de vangarda ou a última novidade tecnolóxica da cidade, esqueceuse por completo de que o chan existe. Ou iso, ou é que ten a visión tan enfocada nas alturas que é fisicamente incapaz de ver os cráteres e desniveis que decoran a nosa camiñada diaria. As lousas de granito do barrio xa desenvolveron personalidade propia; son trampas goliardas deseñadas para manternos en constante estado de alerta. Hai lousas que actúan como submarinos, agardando a que pises o lugar correcto nun día de chuvia para lanzarche un chorro de auga sucia directamente

ao nocello, e outras que son balancíns profesionais capaces de facerche bailar unha rumba inesperada a metade da rúa. É unha xincana constante onde, se non vas con moito coidado, rematas integrándote na paisaxe da forma menos elegante posible.

Ao final, un remata pensando que, en lugar de arranxar o pavimento, o Concello debería promocionar a ruta como un circuito de adestramento de axilidade, porque camiñar polo Calvario sen tropezar é, sen dúbida, un superpoder que non todo o mundo posúe. Mentres tanto, tocaranos seguir gozando do viño, do fútbol e das anécdotas, sempre coa mirada fixa no horizonte para non rematar dándolle un bico ao granito descoidado, confiando en que algún día alguén se decida a poñer un nivel e un pouco de cemento onde tanta falta fai, aínda que só sexa para que poidamos camiñar sen medo a acabar en urxencias antes de pedir a segunda rolda.

## O BNG de Salvaterra esixe ao Concello que limpe de oficio as faixas de protección contra os lumes ante un verán “perigoso”

Patricia Mariño denuncia que o goberno do PP incumpre o Plan Municipal de Prevención e mantén o territorio en situación de abandono

“Hai cero prevención: so se roza de cara á galería cando hai unha festa”, advirte a voceira nacionalista



Patricia Mariño



C/ José Regojo nº 19 Bajo  
36800 Redondela

602 64 15 65  
986 11 69 41

DISCO  
Tasca



SERFIS  
ASESORÍA e GESTIÓN

Miguel A. Domínguez Alfonso

Fiscal • Laboral • Contable • Inmobiliaria

miguel@serfisasesoria.com  
www.serfisasesoria.com

986 663 019

Rúa Antonio Facorro, 16 | 36880 A Cañiza | Pontevedra

MOTOS NOVOA  
TORTOREOS AS NEVES



986 667 470

ZAPATERIA

Rúa Marqués de Viana Nº14  
Salvaterra de Miño



O BNG de Salvaterra vén de reclamar ao goberno de Marta Valcárcel que actúe de maneira inmediata para garantir a limpeza das faixas secundarias de protección contra os lumes e proceda á execución subsidiaria nos casos nos que as persoas propietarias non cumpriron coa súa obriga. A voceira nacionalista Patricia Mariño alerta de que o municipio entra no verán con alto risco de incendios nun contexto especialmente preocupante, marcado polas elevadas temperaturas, a acumulación de biomasa e previsións que apuntan a unha campaña de especial perigosidade.

“A realidade é que hai cero prevención por parte do Concello. Non se está a limpar ningunha finca, ningún terreo, nin tan sequera leiras e estradas de titularidade municipal. O único que fai o Concello son actuacións superficiais e de cara á galería cando hai algunha festa ou evento nunha parroquia, apenas limpando as marxes nas beiravías, mais non existe unha planificación seria nin un traballo continuado de prevención”, denuncia Mariño.

O Bloque lembra que Salvaterra conta cun Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais que identifica zonas de especial risco e

establece actuacións concretas para a xestión da biomasa e a protección dos núcleos de poboación. Porén, segundo a nacionalista, boa parte das medidas previstas seguen sen executarse ano tras ano.

O documento, insiste Mariño, deixa claro que a protección dos núcleos de poboación mediante as faixas secundarias de biomasa é “unha obriga prioritaria”, que existen parcelas perfectamente identificadas e que o Concello ten competencias directas tanto nas redes viarias municipais como nos terreos da súa titularidade. Amais, o propio Plan reconece que os incendios poden chegar a poñer en perigo persoas, vivendas e infraestruturas, e lembra episodios especialmente graves.

“Hai anos que advertimos desta situación e seguimos exactamente igual. O papel aguanta todo, pero a prevención real non existe”, afirma a portavoz. Mariño critica especialmente que o goberno local continúe escudándose nas dificultades para xustificar a súa inacción. Subliña que o PP leva anos repetindo as mesmas escusas: que hai parcelas con propietarios descoñecidos, que os trámites son complexos ou que non hai cartos suficientes para actuar. “Pero a realidade é que a lei prevé a execución subsidiaria precisamente para estes casos. O que falta non é normativa nin ferramentas, o que falta é vontade política”, advirte.

Por iso, o BNG reclama ao goberno municipal que execute de maneira urxente as actuacións previstas no Plan Municipal de Prevención, refórce os recursos destinados á xestión da biomasa e proceda á limpeza de

oficio das parcelas e faixas de protección que seguen a incumprir a normativa. “Os incendios non se combaten só cando aparecen as lapas. A prevención faise durante todo o ano. E o balance

que presenta o goberno de Marta Valcárcel é demoledor: cero planificación, cero prevención e unha absoluta falta de compromiso coa seguridade da veciñanza”, conclúe Patricia Mariño.

## O Concello de Salvaterra de Miño destaca o éxito de ‘petiscos ikfem’, un encontro cultural único na fortaleza de Dona Urraca e bodegas Fillaboa



Un momento do evento

### Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño valora moi positivamente a celebración da clausura de ‘Petiscos IKFEM’, unha proposta cultural previa ao XIV IKFEM Festival Tui-Valença que converteu o municipio nun dos escenarios desta experiencia transfronteiriza que une territorios, disciplinas artísticas e sensibilidades ao redor do río Miño. A xornada, celebrada o pasado 27 de

xuño coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño e Bodegas Fillaboa, ofreceu ao público unha programación exclusiva que combinou literatura, música, patrimonio e enogastronomía en dous espazos emblemáticos do municipio.

A Fortaleza de Dona Urraca foi o escenario do encontro literario protagonizado pola escritora Ángela Banzas,

áridos  
chandesalgosa  
ARENAS Y GRAVAS

Telf: 986 648 381  
chandesalgosa@hotmail.com  
www.aridoschandesalgosa.es

Chan de Salgosa S/N  
LIÑARES  
AS NEVES



Rúa Castelao, 33- Salvaterra



Carretera N-120, Km. 616  
Pereiras - 36888 A Cañiza  
(Pontevedra)

Teléfono/Fax: 986 652 088  
Mail: jaimetizona@hotmail.com



Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09  
Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)



Ferretería

Julio Pérez Giráldez

Tele/Fax: 986 651 052  
Móvil: 606 361 558

C/ Progreso. 81  
36880 A CAÑIZA

julioperezgiraldezs@hotmail.com



finalista do Premio Planeta 2025 e unha das autoras máis recoñecidas do panorama literario actual, nunha conversa coa xornalista Eva Vázquez Lima. O público puido achegarse á súa traxectoria e coñecer de preto a súa visión creativa nun contorno histórico de gran valor patrimonial.

Xa pola tarde, Bodegas Fillaboa acolleu o concerto da soprano Laura Molina, unha das novas voces líricas con maior proxección e galardoada por Juventudes Musicales de España. A actuación

estivo acompañada dunha visita previa aos viñedos da adega e dunha cata de viños posterior, completando unha experiencia cultural e sensorial ligada á paisaxe e á identidade de Salvaterra de Miño.

Desde o Concello de Salvaterra de Miño salientan que iniciativas como 'Petiscos IKFEM' contribúen a poñer en valor o patrimonio local, promover a cultura e reforzar o papel do municipio como un territorio aberto á creación artística e ao intercambio entre Galicia e Portugal.

ta que facilita a comunicación entre o persoal do museo e as persoas con problemas de audición.

A implantación destes dous sistemas xorde da necesidade de facer das nosas institucións espazos máis amables e inclusivos para as persoas con diversidade funcional, unha aposta pola que o Museo da Ciencia do Viño vén traballando desde a súa fundación. Desde a súa inauguración, trátase dun museo altamente interactivo, sensorial e accesible para as persoas con mobilidade reducida.

Este compromiso cunha maior acce-

sibilidade tamén se reflicte como un dos eixes do Plan de Mellora do museo, un elemento clave para a renovación anual da distinción "Q de Calidade Turística", outorgada desde o ano 2020 ao Espazo Público Singular da Fortaleza de Salvaterra. Esta certificación acredita non só o cumprimento dos requisitos técnicos establecidos pola norma correspondente, senón tamén a prestación dun servizo que é sinónimo de calidade, compromiso e profesionalidade, co obxectivo de garantir ás persoas visitantes a mellor experiencia turística posible.

## O Museo da Ciencia do Viño de Salvaterra conta cunha impresora en braille e cun sistema de bucles magnéticos para fomentar a accesibilidade

Redondela

O Concello de Salvaterra de Miño, xunto coa Deputación de Pontevedra, instalou dous equipos que supoñen unha mellora na accesibilidade aos contidos deste espazo museístico. Trátase dunha actuación da Deputación de Pontevedra enmarcada dentro do proxecto Visit Río Minho Plus, como socio do programa.

Visit Río Minho Plus é un proxecto para consolidar a marca Río Minho e crear novos produtos turísticos transfronteirizos. Visit Río Minho Plus está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal

(POCTEP) 2021-2027. Trátase dun proxecto global de desenvolvemento a través do turismo. Propón artellar unha oferta baseada en experiencias innovadoras e singulares asentadas no seu patrimonio natural, histórico e gastronómico como elemento diferenciador de identidade e posicionamento, e no que os concellos de Tui e Salvaterra de Miño participan como socios directos.

Estes dispositivos consisten nunha impresora en braille que permitirá ás persoas visitantes con problemas de visión acceder á información relativa aos contidos do museo e nun bucle de indución magnética, unha ferramen-

## A parvada do mes Anotop at

**“No fútbol, o que de verdade importa e meter máis goles que o rival. Si non o fas, perdes. Ou, no mellor dos casos empatas.**

**España foi incapaz de facer un gol, tampouco recibiu ningún, por iso o resultado final foi 0-0”**

**M. Rajoy**

**Filósofo empirista**

**centro agrícola AGRO CONDADO**

**Manuel Otero**  
626 789 239  
630 549 955

**SERVICIO A DOMICILIO**

CEREALES - SULFATOS - PIENSOS - POLLOS - ABONOS  
COMIDA PARA PERROS, GATOS, PAJAROS, PECES Y TORTUGAS

Xinzo - PONTEAREAS C/. Antonio Tobar, 38  
36430 ARBO ( Pontevedra)

PIENSOS **NUDESA**  
NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

**PANADERÍA A BROA**

**LEIRADO**

Puzo - San Mateo Ponteareas  
Tlf: 986 657 577  
Móbil: 639 817 090

*Pan integral e artesán  
pan de centeo, empanadas  
roscóns e bicas  
croissants e napolitanas*

Despacho: Rúa Estrada, 13  
986 660 951  
Ponteareas

*Visítanos tamén  
en Salvaterra*

**Rúa Rosalía de Castro, 36**

**TAPI-ART**

**Taller de tapicería**

**Tapiceiros dende 1960**

-Automóbil, Náutica, Fogar, Oficinas e hostelería

Somos especialistas

Crta. Nac.120- Barral Ponteareas

**Tlf. 620032970**



## A Nova Peneira parroquia a parroquia

Por G. Figueiredo

# Bouzas, o corazón mariñeiro de Vigo

Entre a memoria dunha vila histórica, o atractivo da súa fachada marítima e a forza dunha comunidade que conserva a súa identidade.

Con arredor de 12 quilómetros cadrados de superficie e que ronda os 5.000 habitantes. A súa dimensión, comparable á de varias parroquias rurais do municipio, contrasta coa forte densidade urbana e coa intensa actividade económica que concentra arredor do porto. Fronte a vida máis rural de Coruxo, Valladares ou Bembribe, Bouzas construíu a súa identidade arredor do mar e do comercio marítimo. Antiga vila independente, segue a conservar unha vida propia que a converte nun dos espazos máis recoñecibles e visitados da cidade olívica.

### Un referente turístico dentro da cidade.

Para quen chega por primeira vez, Bouzas sorprende. A poucos minutos do centro dunha das cidades máis dinámicas de Galicia, aparece unha paisaxe distinta. O ritmo desacelera, as rúas estreitas do casco histórico convidan ao paseo e a presenza constante da ría lembra que aquí o mar non é simplemente unha paisaxe, senón unha forma de vida.

O paseo de Bouzas constitúe un dos espazos máis agradables da cidade para gozar da ría. Familias, deportistas, turistas e veciños comparten diariamente este escenario aberto ao Atlántico. Nos días claros, as vistas das Cíes converten o paseo nun auténtico balcón natural.

Moi preto atópase a Alameda Suárez Llanos, un dos espazos públicos máis emblemáticos da parroquia. Árbore centenarias, zonas de descanso e actividades culturais fan deste lugar un dos principais puntos de encontro veciñal. Ao longo do ano, a alameda acolle concertos, festas populares e numerosas iniciativas impulsadas polo tecido asociativo da parroquia.

A gastronomía representa outro dos grandes atractivos de Bouzas. Tabernas tradicionais, marisqueiras e restaurantes permiten descubrir os sabores máis característicos da cociña tradicional mariñeira galega. Polbo, mexillóns, peixe fresco e mariscos da ría forman parte dunha tradición culinaria que continúa atraendo visitantes de toda Galicia e de fóra dela.

De feito, en diversos foros de viaxeiros e visitantes, Bouzas aparece con frecuencia entre os lugares máis fermosos e recomendables da cidade, especialmente polo ambiente da Alameda e as rúas his-



Alameda de Bouzas. Turismo.gal

tóricas que a rodean.

### A antiga vila que competía con Vigo.

Hai lugares que, malia o paso do tempo e as transformacións urbanas, conservan unha alma propia. Bouzas é un deles. Un aspecto que adoita sorprenden aos visitantes é que Bouzas non foi sempre un barrio vigués. Durante décadas constituíu un concello propio que incluía parroquias como Alcabre, Coruxo, Navia, Oia ou Comesaña. De feito, no século XIX existía unha certa rivalidade económica entre Vigo e Bouzas, especialmente polo comercio marítimo e as actividades pesqueiras.

Mentres parroquias como Coruxo, Saiáns ou Valladares conservan unha importante compoñente rural, Bouzas representa probablemente a mellor síntese entre a tradición mariñeira e o desenvolvemento urbano da parroquia.

Un dato curioso é que Bouzas non figura hoxe como parroquia administrativa oficial, senón como unha parroquia histórica. O propio Concello de Vigo recoñece a súa singularidade e inclúea nos seus mapas e documentación pola súa relevancia histórica, xunto con Coia ou Freixeiro.

### Unha historia escrita entre mareas do atlántico.

As orixes de Bouzas pérdense no tempo. A súa localización privilexiada favoreceu desde antigo os asentamentos humanos e o desenvolvemento das actividades pesqueiras. Durante séculos, a parroquia viviu fundamentalmente do mar. Os pescadores, mariñeiros e comerciantes configuraron unha comunidade estreitamente ligada aos recursos da ría.

O núcleo histórico desenvolveuse arredor da igrexa de San Miguel, un dos edi-

ficios máis representativos da parroquia.

As súas rúas conservan aínda parte da estrutura tradicional dunha vila costeira galega, con vivendas próximas ao mar e espazos pensados para convivir coa actividade comercial.

Un momento especialmente relevante da historia da parroquia produciuse en 1904, cando Bouzas obtivo oficialmente o título de vila, de feito, hai documentación de xente nacida naqueles anos onde a súa partida de nacemento di: "Natural Concello de Bouzas". Aquel recoñecemento reflectía a importancia económica e social que alcanzara a localidade grazas ao seu porto e á actividade comercial vencellada ao mar.

Porén, a independencia administrativa durou pouco. En 1908, Bouzas incorporouse ao municipio de Vigo, formando parte do proceso de expansión territorial da cidade. A integración permitiu afrontar novos retos económicos e urbanísticos, pero tamén alimentou un sentimento identitario que continúa moi presente entre a veciñanza.

Non é raro escoitar aínda hoxe a moitos boucenses afirmar con orgullo que son "de Bouzas" antes que vigueses. Unha declaración que non implica distancia coa cidade, senón a reivindicación dunha historia propia que segue viva na memoria colectiva.

**A Brincadeira: cando a historia sae á rúa.** Se existe unha celebración capaz de resumir o espírito de Bouzas, esa é a Festa da Brincadeira.

Cada primavera, a parroquia transforma as súas rúas nun escenario histórico para lembrar os acontecementos de 1809, cando a poboación participou na resistencia

fronte ás tropas napoleónicas durante a Guerra da Independencia.

O que comezou como unha iniciativa veciñal converteuse nun dos eventos culturais máis destacados de Vigo. Durante varios días, centos de persoas visten traxes de época, recrean escenas históricas e participan en representacións que atraen miles de visitantes.

Pero a Brincadeira é moito máis ca unha festa. Constitúe unha expresión da memoria colectiva e da capacidade dunha comunidade para transmitir o seu pasado ás novas xeracións. O protagonismo da veciñanza é precisamente unha das claves do seu éxito.

### Outras festas con historia:

As Festas do Carmen. O 16 de xullo, acontecemento con gran arraigamento en Bouzas xa que a Virxe do Carmen é a patroa dos mariñeiros. Nese día teñen lugar na costa boucense procesións marítimas, onde as embarcacións pesqueiras engalánanse para a ocasión con vistosos adornos florais e coloridas bandeiras mentres acompañan ao barco que porta a talla da Virxe.

A Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos. Ao redor do terceiro domingo de xullo, celébrase en honra ao Cristo dos Aflixidos e foi declarada como Festa de Interese turístico de Galicia no ano 2004. Durante os días que duran os festexos no barrio instálanse numerosos postos de comida ambulante, orquestras, atraccións e barracas, aínda que o seu maior atractivo son os seus espectaculares fogos artificiais, os cales se poden contemplar desde practicamente calquera punto da cidade de Vigo e do outro lado da Ponte de Rande.

Como vedes, Bouzas é moito máis ca un barrio de Vigo: é un lugar onde a historia mariñeira, o patrimonio, a gastronomía e o ambiente costeiro se unen para crear un espazo privilexiado. Pasear polas súas rúas, descubrir o seu paseo marítimo ou gozar da súa oferta gastronómica permite coñecer unha parte esencial da identidade viguesa. Visitar Bouzas é descubrir un recuncho con personalidade propia, no que tradición e modernidade conviven, converténdoo nun destino imprescindible para quen queira achegarse á auténtica esencia de Vigo.

**CAFETERÍA**  
*Bò Catar*

Martes a Domingo de 8:00 de la mañana a cierre  
Gregorio Espino 48 - VIGO Tel.: 669 522 169

*Dende 1950*

**CURBEIRA**  
— DE VIGO —  
BAR · RESTAURANTE

*Baixada Praia de Saiáns. 152 Vigo* *986 49 12 60*



## O Club Deportivo Nieto celebra 90 anos de vida



### Redacción

O pasado domingo 7 de xuño no campo municipal do Meixoeiro o Club Deportivo Nieto, equipo de fútbol da zona de Lavadores en Vigo, celebrou o seu 90 aniversario. O acto foi especialmente emotivo, pois alén de celebrar algo tan significativo como cumprir 9 décadas de existencia serviu para descubrir unha placa en homenaxe a Enrique Fernández, un dos seus directivos recentemente falecido, que dedicou 65 anos da súa vida a traballar incansablemente para que o club puidese seguir existindo.

A existencia prolongada no tempo deste tipo de proxectos sería unha absoluta quimera de non existir figuras como Enrique, cuxo traballo altruísta, permanente e inacabable fai posible que todo poida seguir existindo con normalidade. A homenaxe que o club lle rendeu foi xa que logo absolutamente merecida, e consistiu en descubrir unha placa de recordo á súa persoa que foi presentada

polo alcalde da cidade Abel Caballero en compañía do ferrolán Pablo Prieto, presidente de Federación Galega de Fútbol, e de Manel e Eduardo, irmáns do finado Enrique.

O acto rematou cun obsequio sorpresa a Agustín, o actual presidente, que leva camiño de acabar sendo unha figura tan importante como Enrique, e coa chamada do directivo que conduciu o evento a botar unha man entre todos para poder escribir un libro sobre a historia do club que se poida publicar en coincidencia coa celebración dos 100 anos do equipo. O alcalde, recolleu a luva e manifestou que o libro era cousa do Concello, e que de agardar 10 anos nada, que habería que facelo para o próximo ano.

Parabéns ao Nieto polos 90 anos de Vida e a todos os equipos deportivos de base que lle proporcionan aos mozos e ás mozas unha oportunidade para gozar do seu tempo de lecer.

## O Conservatorio Superior de Música de Vigo podería perder máis do 40 % do seu horario de apertura

O alumnado denuncia que a modificación da RPT anunciada pola Xunta podería reducir máis do 40 % o horario de apertura do centro e inicia unha recollida de sinaturas en Change.org para frear esta medida.



O alumnado do Conservatorio Superior de Música de Vigo está en perigo de perder máis do 40% do seu horario de apertura tras a publicación da última modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do centro por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta decisión podería provocar que o horario de apertura do conservatorio pase das actuais 14 horas diarias a tan só 7 horas, comprometendo gravemente o funcionamento ordinario do único centro público de ensinanzas artísticas superiores de música do sur de Galicia. Esta redución podería supor a perda de 30 das 70 horas semanais de apertura, afectando directamente á docencia, ao estudo e ás actividades culturais organizadas polo centro, como o Festival Nas Ondas. O impacto sería especialmente grave para o alumnado de percusión e piano, xa que a maioría non dispón destes instrumentos nas súas vivendas

e depende das instalacións do conservatorio para poder estudar.

Esta decisión non constitúe un feito illado: enmárcase nunha política continuada de recortes da Xunta de Galicia na educación e nos servizos públicos, que afecta a distintos ámbitos e que compromete os servizos públicos e o ensino superior artístico.

O alumnado tamén lamenta a falta de diálogo institucional: Ana Ortiz, delegada da Xunta en Vigo, rexeitou manter unha reunión cos representantes do alumnado, unha decisión que consideran representativa da actitude da administración fronte ás preocupacións expresadas pola comunidade educativa.

O CSMVigo desempeña un papel esencial como único centro público de ensinanzas artísticas superiores de música da provincia de Pontevedra e como referencia cultural para todo o sur de Galicia. A súa labor vai máis alá da formación académica, sendo un pilar fundamental na vida cultural musical da contorna. A redución de recursos humanos e das horas de apertura contribúe a agravar o desequilibrio territorial existente entre o norte e o sur de Galicia en materia de oferta cultural e educativa.

Co obxectivo de evitar que esta medida se leve a cabo e de recadar apoio social, o alumnado iniciou unha campaña de recollida de sinaturas a través da plataforma Change.org, ao tempo que continúa traballando con representantes do profesorado e organizacións sin-



Servicio técnico de  
reparación de electrónica



886 305 377/623 146 595



info@dsatvigo.com



www.dsatvigo.com @\_d\_satt



C/ Ecuador, 30-Bajo, Vigo-36203

Horario: Lav 9:30-13:30 16:00-19:30



Mecánica del Automóvil - Cambio de Aceite y Filtros

Puesta a punto y Control encendido - Alineado de Dirección Electrónico  
Alineador al paso Comprobación equipos inyección y A.B.S.

Ruiseñor, 13 - CALVARIO - VIGO  
Telf: 986.37.65.70

Café - Taberna Tenda Exprés



Laura

Vending 24 horas

Estrada de Zamáns, 219

Teléfono: 986 468 365

Móbil: 670 062 376



dicais para defender o mantemento do servizo público.

No Pleno do Concello de Vigo celebrado o 29 de xuño de 2026 debateuse unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista en apoio ao Conservatorio Superior de Música de Vigo. Durante o debate, o Grupo Municipal Socialista defendeu o mantemento da totalidade dos postos de traballo do centro, mentres que o BNG cualificou a amortización de prazas como "un grave exercicio de irresponsabilidade e unha perda irreparable de talento creativo". A moción foi aprobada por maioría, con 20 votos a favor e 5 abstencións, reflectindo un amplo apoio institucional á defensa do conservatorio. Así mesmo, cómpre lembrar que xa no mes de marzo, durante unha sondaxe informal mantida cunha inspectora, se apuntou a posibilidade de reducir postos de traballo. No entanto, a comunidade educativa non recibiu ningunha comunicación oficial sobre esta decisión ata o último momento.

A comunidade educativa denuncia igualmente a persistente indefinición da Xunta sobre a natureza institucional do Conservatorio Superior de Música de Vigo. A administración non aclara se o centro debe ser tratado como unha ensinanza de secundaria, universitaria ou doutra natureza específica, unha falta de criterio que se reflicte directamente na planificación e dimensionamento do seu persoal e dos recursos necesarios para garantir un funcionamento adecuado.

O alumnado solicita á Xunta de Galicia a revisión inmediata desta modificación da RPT, a apertura dun proceso de diálogo real coa comunidade educativa e a adopción das medidas necesarias para garantir o funcionamento normal do Conservatorio Superior de Música de Vigo, unha institución imprescindible para o desenvolvemento educativo, artístico e cultural do sur de Galicia.

## A Deputación supervisa as obras de mellora da drenaxe e construción de cunetas de seguridade na estrada provincial EP-7203 entre Soutelo e Covas, en Forcarei

A deputada de Infraestruturas Públicas e tamén alcaldesa de Forcarei, Belén Cachafeiro, percorreu o tramo de preto de dous quilómetros desta estrada provincial no que a institución provincial investiu 265.000 euros



Belén Cachafeiro supervisando as obras

Deputación de Pontevedra supervisa as obras de mellora da drenaxe e construción de cunetas de seguridade na estrada provincial EP-7203 entre Sou-

telo e Covas, en Forcarei. A deputada de Infraestruturas Públicas e tamén alcaldesa de Forcarei, Belén Cachafeiro, percorreu o tramo de preto de dous

quilómetros desta estrada provincial no que a institución provincial realizou melloras cun investimento de 265.000 euros.

Ao detalle, tal e como informou a deputada provincial, esta actuación, xa rematada, permitiu executar nesta estrada provincial dúas cunetas transitables no lugar de Fixó: unha de 670 metros entre os puntos quilométricos 5+400 e o 6+150 e outra de 820 metros entre os puntos quilométricos 4+850 e 5+950. Ademais, a mellora na estrada EP-7203 tamén chegou ao núcleo de Portela, onde se construíu unha cuneta transitable de formigón de 410 metros. "Trátanse de cunetas transitables, co que ademais de mellorar a drenaxe e a conservación do firme tamén estamos a optimizar a seguridade viaria", remarcou Belén Cachafeiro quen tamén destacou que nos tramos obxecto da actuación colocáronse novas tubaxes, executáronse arquetas e o recrecido de pozos, co fin de evitar filtracións de auga e danos ao firme.



**ALUMINIOS RODRIGUEZ, S.L.**  
**Industrias Metálicas**

**Diego Jesús Rodríguez**

**Trabajamos:**

- Todas las series en carpintería de aluminio
- Doble Acristalamiento
- Mamparas de Baño y Muebles de Cocina
- P.V.C.
- Cierres, Balcones, Galerías y Portales.
- Todo en Carpintería de Hierro
- Aluminio Soldado

Pazos, n.º 16  
36829 PONTECALDELAS  
info@aluminios-rodriguez.es

Teléfono 986 75 03 10  
Móvil 670 23 95 62



O teu xornal  
en galego



**Pedreira, 7**  
**Baixo**  
**A Lama**  
**986 768 261**  
**augacb@outlook.es**



**Decoraciones Victor**  
**Roberto Rivas**  
C/ de la Iglesia, 10  
36820 Ponte Caldelas  
Pontevedra  
roberto@decoracionesvictor.es

**986 750 383**  
**609 067 164**  
**www.decoracionesvictor.es**




**Klimbim**  
**Tapería**  
**Bocatería**  
**Proba a nosa comida mexicana**  
**Avda de Pontevedra, 10**  
**Pontecaldeas**  
**672 53 94 17**





# MOLINER

## outlet de Juguetes



\* Este juguete contiene al menos 66% de material reciclado.

**newcompany**  
**mouliner**  
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE  
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa  
259-Nave, 6

O Porriño

986 346787  
visita a nosa web:

[info@jmoliner.com](mailto:info@jmoliner.com)